

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**11714** *Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### ÍNDICE

Título preliminar. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Investimento colectivo de tipo cerrado.

Artigo 3. Entidades de capital risco.

Artigo 4. Entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.

Artigo 5. Ámbito de aplicación.

Artigo 6. Entidades excluídas.

Artigo 7. Concepto de entidade financeira e de empresa non financeira.

Título I. Réxime das entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.

Capítulo I. Constitución de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado

Artigo 8. Creación de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.

Capítulo II. Réxime xurídico das entidades de capital risco.

Sección 1.<sup>a</sup> As entidades de capital risco

Artigo 9. Actividade principal.

Artigo 10. Actividades complementarias.

Artigo 11. Reserva de denominación.

Artigo 12. Política de investimentos.

Sección 2.<sup>a</sup> Réxime de Investimentos das entidades de capital risco

Artigo 13. Coeficiente obrigatorio de investimento das ECR.

Artigo 14. Investimento en ECR.

Artigo 15. Coeficiente de libre disposición.

Artigo 16. Limitacións de grupo e diversificación dos investimentos.

Artigo 17. Incumprimentos temporais dos límites establecidos nos investimentos.

Artigo 18. Activo computable e outros límites aos investimentos.

Artigo 19. Adquisición de participacións en empresas non financeiras cotizadas en mercados regulados.

- Sección 3.<sup>a</sup> Réxime de investimentos das entidades de capital risco-peme.
- Artigo 20. Entidades de capital risco-peme.
  - Artigo 21. Coeficiente obrigatorio de investimento das ECR-peme.
  - Artigo 22. Coeficiente de libre disposición das ECR-peme.
  - Artigo 23. Limitacións de grupo e diversificación dos investimentos das ECR-peme.
  - Artigo 24. Incumprimentos temporais dos investimentos.
  - Artigo 25. Outros límites aos investimentos.
- Capítulo III. Réxime xurídico das sociedades de capital risco.
- Artigo 26. Definición e réxime xurídico.
  - Artigo 27. Valoración do patrimonio e determinación do valor liquidativo.
  - Artigo 28. Transformación, fusión, escisión e demais operacións societarias.
  - Artigo 29. Delegación da xestión.
- Capítulo IV. Réxime xurídico dos fondos de capital risco.
- Artigo 30. Definición e réxime xurídico.
  - Artigo 31. Patrimonio.
  - Artigo 32. Constitución do fondo.
  - Artigo 33. Contido do regulamento de xestión do fondo.
  - Artigo 34. Réxime de subscripción e reembolso das participacións.
  - Artigo 35. Administración.
  - Artigo 36. Fusión.
  - Artigo 37. Disolución e liquidación.
- Capítulo V. Réxime xurídico das entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, os fondos de capital risco europeos e os fondos de emprendemento social europeos.
- Artigo 38. Réxime xurídico das SICC e dos FICC.
  - Artigo 39. Réxime xurídico dos fondos de capital risco europeos.
  - Artigo 40. Réxime xurídico dos fondos de emprendemento social europeos (FESE).
- Título II. Sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.
- Capítulo I. Acceso á actividade.
- Artigo 41. Concepto e obxecto social.
  - Artigo 42. Requisitos de acceso á actividade.
  - Artigo 43. Servizos accesorios.
  - Artigo 44. Actividades prohibidas.
  - Artigo 45. Solicitud de autorización.
  - Artigo 46. Resolución da autorización.
  - Artigo 47. Sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo.
  - Artigo 48. Requisitos da autorización.
  - Artigo 49. Consulta á autoridade supervisora doutro Estado membro da Unión Europea.
  - Artigo 50. Depositario.
  - Artigo 51. Potestades específicas de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
  - Artigo 52. Modificacións das condicións de autorización.
  - Artigo 53. Revogación.
  - Artigo 54. Caducidade da autorización.
  - Artigo 55. Renuncia á autorización.
  - Artigo 56. Suspensión.
  - Artigo 57. Substitución de xestoras.
  - Artigo 58. Rexistro.

Capítulo II. Condicións de exercicio da actividade.

Sección 1.<sup>a</sup> Requisitos operativos e de organización.

Artigo 59. Principios xerais.

Artigo 60. Políticas e procedementos relacionados co sistema retributivo e de fixación de incentivos.

Artigo 61. Conflitos de interese.

Artigo 62. Xestión do risco.

Artigo 63. Xestión da liquidez.

Artigo 64. Valoración.

Sección 2.<sup>a</sup> Delegación das funcións da SXEIC.

Artigo 65. Delegación de funcións.

Artigo 66. Subdelegación de funcións.

Sección 3.<sup>a</sup> Requisitos de transparencia.

Artigo 67. Obrigacións de información, de auditoría e contables.

Artigo 68. Obrigacións de información aos investidores sobre cada entidade de investimento con carácter previo ao investimento.

Artigo 69. Obrigacións de información periódica aos investidores.

Artigo 70. Obrigacións de información periódica á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 71. Obrigacións de información derivadas da adquisición de participacións significativas e do control de sociedades.

Capítulo III. Condicións de acceso e de exercicio da actividade de xestión de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado baixo supostos especiais.

Artigo 72. Condicións de acceso e de exercicio da actividade das SXEIC que xestionen ECR ou EICC por debaixo de determinados limiares.

Artigo 73. Condicións de acceso e de exercicio da actividade das SXEIC que xestionen fondos de capital risco europeos.

Artigo 74. Condicións de acceso e de exercicio da actividade das SXEIC que xestionen fondos de emprendemento social europeos.

Título III. Comercialización das entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.

Artigo 75. Límites á comercialización de ECR e EICC.

Artigo 76. Comercialización en España de ECR ou EICC constituídas noutro Estado membro da Unión Europea xestionadas por xestoras autorizadas nun Estado membro ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

Artigo 77. Comercialización en España a investidores profesionais de ECR ou EICC constituídas nun Estado non membro da Unión Europea xestionados por xestoras autorizadas nun Estado membro da Unión Europea de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

Artigo 78. Comercialización en España a investidores profesionais de ECR ou EICC xestionados por xestoras non domiciliadas na Unión Europea.

Artigo 79. Comercialización en España a investidores non profesionais de ECR a que se refire o artigo 5.1.e).

Artigo 80. Comercialización de ECR e EICC xestionadas por sociedades xestoras autorizadas en España pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, no ámbito da Unión Europea.

Artigo 81. Condicións para a xestión transfronteiriza de ECR e EICC por sociedades xestoras autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

Artigo 82. Condicións para a xestión de ECR e EICC españolas por xestoras reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.

Artigo 83. Condicións aplicables ás SXEIC que xestionen ECR ou EICC constituídas nun Estado non membro da Unión Europea non comercializadas nos Estados membros da Unión Europea.

Título IV. Normas de conduta, supervisión, inspección e sanción.

Capítulo I. Normas de conduta.

Artigo 84. Normativa aplicable.

Capítulo II. Supervisión e inspección.

Artigo 85. Ámbito.

Artigo 86. Facultades de supervisión e inspección.

Artigo 87. Supervisión dos límites ao apancamento e da adecuación dos procesos de avaliación crediticia.

Artigo 88. Supervisión de xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que xestionen ou comercialicen ECR ou EICC en España.

Artigo 89. Cooperación transfronteiriza en materia de supervisión e cancelación de datos persoais.

Artigo 90. Intercambio de información referente ás posibles consecuencias sistémicas da actividade das xestoras.

Capítulo III Réxime sancionador.

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.

Artigo 91. Responsabilidade.

Artigo 92. Procedemento.

Sección 2.<sup>a</sup> Infraccións.

Artigo 93. Infraccións moi graves.

Artigo 94. Infraccións graves.

Artigo 95. Infraccións leves.

Sección 3.<sup>a</sup> Sancións.

Artigo 96. Sancións por infraccións moi graves.

Artigo 97. Sancións por infraccións graves.

Artigo 98. Sancións por infraccións leves.

Artigo 99. Sancións por infraccións moi graves cometidas polos cargos de administración ou dirección.

Artigo 100. Sancións por infraccións graves cometidas polos cargos de administración ou dirección.

Artigo 101. Criterios para a determinación das sancións.

Artigo 102. Medidas de intervención e substitución.

Sección 4.<sup>a</sup> Outras disposicións.

Artigo 103. Outras disposicións.

Disposición adicional primeira. Transformación das sociedades xestoras de ECR autorizadas en SXEIC.

Disposición adicional segunda. Remisións normativas.

Disposición adicional terceira. Prazo de adaptación á nova normativa das entidades existentes.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Disposición derradeira segunda. Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Disposición derradeira cuarta. Modificación do anexo II da Lei 13/2014, do 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

Disposición derradeira quinta. Títulos competenciais.

Disposición derradeira sexta. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira sétima. Habilitación normativa.

Disposición derradeira oitava. Entrada en vigor.

## PREÁMBULO

### I

O obxectivo xeral da regulación financeira é o de canalizar de maneira eficiente o aforro cara ao investimento produtivo, garantindo a estabilidade dos mercados e a protección ao investidor, fomentando así un crecemento equilibrado que permita a creación de emprego. Unha das características tradicionais da economía española é a alta dependencia das empresas do crédito bancario, que no contexto actual se viu sometido a fortes restricións. Por iso é fundamental favorecer outras fontes de financiamento directo, entre as cales o investimento colectivo se configura como unha alternativa de relevancia crecente. Dentro deste ámbito, cabe distinguir entre as institucións de investimento colectivo cuxa regulación se encontra harmonizada a nivel da Unión Europea, dirixidas preferentemente a un investidor retailista, daquelas que se consideran de investimento alternativo. Estas últimas inclúen entidades como os fondos de investimento libre (*hedge funds*, na súa designación usual en idioma inglés), os fondos inmobiliarios e os de capital risco. A regulación destes últimos é o obxecto principal desta lei.

Malia o notable desenvolvemento do capital risco nos últimos anos, é preciso revisar o seu réxime para, por un lado, fomentar unha maior captación de fondos e o conseguinte financiamento dun maior número de empresas e, por outro, intentar reorientalo cara ao financiamento das empresas de pequeno e mediano tamaño nas súas primeiras etapas de desenvolvemento e expansión, xa que son estas as que ven, en maior medida, limitada a obtención de financiamento.

O capital risco defínese como aquelas estratexias de investimento que canalizan financiamento de forma directa ou indirecta a empresas, maximizan o valor da empresa xerando xestión e asesoramento profesional e desinvisten nela co obxectivo de achegar elevadas plusvalías para os investidores. O capital risco é unha fonte de financiamento de especial relevancia para todas as etapas de desenvolvemento das empresas: desde o desenvolvemento dunha idea onde o capital semente é crucial, as primeiras fases de arranque da actividade produtiva, as etapas de expansión e crecemento onde o financiamento pode permitir dar o salto cualitativo a unha dimensión e madurez e competitividade maiores, ata nos momentos en que a empresa xa está consolidada onde o financiamento pode ser necesario por diversos motivos como a saída á bolsa ou a súa reestruturación ou venda. O capital risco comprende tanto o que se veu denominando *venture capital*, destinado ás primeiras fases de desenvolvemento das empresas, como *private equity*, termo este último que inclúe investimento en empresas xa maduras cunha traxectoria consolidada de rendibilidade e que, polo tanto, supón operacións de maior envergadura de reestruturación empresarial e é necesario o recurso das entidades de capital risco a préstamos para poder financiarlas.

A intervención das entidades de capital risco supón non só a vantaxe do financiamento obtido polas empresas, senón que, a través da participación de profesionais cualificados na xestión destas entidades que achegan o seu coñecemento e experiencia, contribúe a importantes melloras na eficiencia na xestión das empresas financiadas e na difusión de coñecementos.

## II

Os antecedentes legislativos do capital risco en España datan de 1976, ano en que se aproba o Real decreto lei 18/1976, do 8 de outubro, sobre medidas económicas, que foi o promotor das sociedades de desenvolvemento industrial, como precedentes das sociedades de capital risco. O réxime xurídico do capital risco actual ten as súas orixes nos artigos 12 a 16 do Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais. Este réxime foi profundamente modificado pola Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras.

Esta lei introduciu as dúas modalidades de entidades, as sociedades e os fondos (administrados por sociedades xestoras), e suxeitounos a un réxime de autorización, supervisión, inspección e sanción por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, homologable ao resto de suxeitos que actúan nos mercados financeiros. Tamén se estableceu un réxime de investimentos distinguindo o coeficiente obrigatorio de investimento nas empresas non financeiras non cotizadas que constitúen o seu obxectivo, así como o coeficiente de libre disposición. Por último, establecíanse os límites de grupo e diversificación aos investimentos.

Ben que a regulación de 1999 se revelou como un avance notable no réxime xurídico do capital risco no noso país, non conseguiu na súa totalidade dotar a industria dos instrumentos financeiros necesarios que situasen o capital risco a un nivel competitivo equiparable aos países da nosa contorna. Advertíanse certas rixideces e limitacións na propia regulación financeira das entidades de capital risco que obstaculizaban o desenvolvemento definitivo do sector.

Por todo isto, a Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras, supuxo un verdadeiro impulso ao capital risco en España. Esta lei, respectando o esquema básico recollido na Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, articulouse sobre os seguintes alicerces: axilización do réxime administrativo das entidades de capital risco, flexibilización das regras de investimento e introdución de figuras financeiras similares ás existentes noutros países da contorna. Estas melloras, sumadas ao réxime fiscal adaptado de que goza o investimento realizado por medio de entidades de capital risco, contribuíu a que o sector consolide a súa posición no sistema financeiro español.

## III

A motivación para revisar o marco normativo tan só oito anos despois da aparición desta norma que modernizou o sector en España é tripla.

En primeiro lugar, aprobouse a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativo e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010. Esta norma introduce por primeira vez unha regulación dentro da Unión Europea dos xestores de fondos de investimento alternativo, nos cales se inclúen, entre outras, as institucións de investimento colectivo de investimento libre (IICIL), ou *hedge funds* na súa designación usual en idioma inglés, as institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre (IICIICIL), os fondos e sociedades de investimento inmobiliario e as entidades de capital risco.

Ata a aprobación da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, a normativa europea en materia de investimento colectivo limitárase a introducir unhas normas homoxéneas para certas institucións de investimento colectivo (IIC). Estas normas referíanse a materias como os activos aptos en que pode investir a institución, límites á concentración e liquidez, así como requisitos de organización, xestión e supervisión, e o réxime do depositario, que facían destes organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios produtos usados amplamente polos investidores retallistas ao representar un fácil acceso a un conxunto de instrumentos financeiros diversificado e xestionado de forma profesional. Esta harmonización dos fondos de investimento, que ten a súa orixe en 1985, foise perfeccionando ata que no ano 2009 se aprobou un texto refundido: a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios.

Esta directiva incorporouse ao noso ordenamento xurídico mediante a modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, que regula as IIC harmonizadas pola dita directiva, que son de tipo aberto, así como outras IIC non harmonizadas con especial presenza no noso mercado.

A diferenza do que ocorre coa Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, a Directiva 2011/61/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, céntrase en regular as sociedades xestoras das entidades, sen entrar nos aspectos máis ligados ao fondo, como a política de investimento. Isto débese a que estes fondos de investimento alternativo van destinados a investidores profesionais, de modo que a regulación non interfire tan intensamente en termos de protección como cando participan investidores retallistas e o desequilibrio das partes é máis patente, polo que a directiva deu liberdade á hora de determinar en que activos se podían investir os recursos captados. Non obstante, e dado o impulso en materia de regulación financeira derivado das respostas globais á crise financeira que comezou en 2008, considerouse conveniente harmonizar a regulación das sociedades xestoras destes fondos de investimento alternativo polas implicacións que a súa actividade pode ter na estabilidade financeira.

En consecuencia, é necesario incorporar ao dereito nacional a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño, tanto no relativo ás entidades de capital risco como ás institucións de investimento colectivo distintas ás reguladas na Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo, que a lexislación nacional recolle na Lei 35/2003, do 4 de novembro.

En segundo lugar, produciuse outra novidade lexislativa na Unión Europea relativa ao financiamento de pemes, que debe ser tomada en consideración: o Regulamento (UE) n.º 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos, e o Regulamento (UE) n.º 346/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de emprendemento social europeos. O seu contido non debe ser obxecto de transposición pois, ao se tratar de regulamentos, teñen eficacia directa. Porén, a súa regulación serviu para orientar a regulación dunha nova figura: as entidades de capital risco-peme.

En terceiro lugar, como xa se mencionou, revísase o réxime do capital risco para fomentar unha maior captación de fondos que permita o financiamento dun maior número de empresas, especialmente as de pequeno e mediano tamaño nas súas primeiras etapas de desenvolvemento e expansión. Non cabe dúbida de que a Lei 25/2005, do 24 de novembro, que agora se derroga, contribuíu ao crecemento do sector do capital risco. Con todo, este crecemento foi desigual. Se atendemos ao grao de desenvolvemento das empresas que obtiveron financiamento a través do capital risco, existe unha clara preponderancia das compañías xa consolidadas e maduras que se beneficiaron do *private equity* e das operacións apañadas, en detrimento do *venture capital* dirixido ás empresas en etapas máis temperás do seu desenvolvemento –capital semente e arranque–.

## IV

En consecuencia, a necesidade de adaptar o réxime á nova normativa da Unión Europea e de fomentar un crecemento equilibrado do sector, levan á aprobación desta lei, que supón a derogación da Lei 25/2005, do 24 de novembro.

Esta Lei de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado será de aplicación ás entidades de investimento colectivo que obteñan capital dunha serie de investidores para investilo consonte unha política de investimento definida, que teñan a consideración de cerradas en función das súas políticas de desinvestimento e que non estean reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, a cal regula principalmente entidades de investimento colectivo de tipo aberto. Polo tanto, esta lei non será de aplicación a calquera outra entidade de investimento colectivo, como poidan ser as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario reguladas na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario, ou as sociedades de carteira financeiras cuxos valores se encontran admitidos a negociación nunha bolsa de valores. Non obstante, resultaralles de aplicación esta lei cando da análise das súas características se poida determinar que teñen unha política de investimento definida e carezan dun obxectivo comercial ou industrial.

Así mesmo, esta lei regula as condicións de acceso á actividade e de exercicio das sociedades xestoras de entidades de investimento cerradas con domicilio en España, e regula os requisitos que terán que cumprir estas sociedades xestoras cando pretendan xestionar e comercializar entidades de investimento estranxeiras. Igualmente, introduce os requisitos que deberá cumprir toda sociedade xestora estranxeira cando pretenda comercializar entidades de investimento estranxeiras en España.

Esta lei introduce varias novidades fronte á súa predecesora.

En primeiro lugar, flexibilízase o réxime financeiro das entidades de capital risco, permitindo o uso dun abano máis amplo de instrumentos financeiros, como os préstamos participativos, dando maior flexibilidade nos cálculos dos prazos de cumprimento do coeficiente obrigatorio de investimento e permitindo que os fondos poidan distribuír resultados periodicamente.

En segundo lugar, créase a figura das entidades de capital risco-peme que permite a estas entidades investir un 70 por cento do seu patrimonio en participacións de peme, participar na súa xestión e facer labores de asesoramento. Este tipo de entidades gozarán dun réxime financeiro máis flexible e poderán facer un maior uso tanto de préstamos participativos como de débeda para prover de financiamento estas pemes. A súa regulación pretende impulsar o sector de capital risco orientado ás etapas temperás de desenvolvemento das empresas, que tivo un crecemento menor, e ofrecer a este tipo de empresas unha alternativa eficaz ao financiamento bancario.

En terceiro lugar, por imperativo da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, amplíase o ámbito de aplicación da lei a toda entidade de investimento colectivo de tipo cerrado cunha política de investimentos predefinida e repartición de retorno entre os investidores. En consecuencia, entran no ámbito da norma as entidades que puidesen ter operado en España con forma de sociedade mercantil investindo en valores non cotizados pero que non cumprían co réxime de investimentos e de diversificación do capital risco. Esta categoría de entidades, denominadas entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, poderá adoptar a forma de fondos ou de sociedades e gozarán da máxima flexibilidade operativa.

En cuarto lugar, elimínase case completamente o réxime de intervención administrativa da Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre as entidades de capital risco e as entidades de investimento colectivo de tipo cerrado. De acordo coa normativa da Unión Europea, mantense a autorización para as sociedades xestoras, mentres que os fondos e sociedades de investimento de tipo cerrado cuxa xestión fose delegada a unha sociedade xestora só serán obxecto de rexistro.



## V

A disposición derradeira primeira modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, co obxectivo de adaptar o réxime das sociedades xestoras que xestionan institucións de investimento colectivo alternativo á Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

Isto supón a introdución dunha diferenciación clara entre as institucións de investimento colectivo harmonizadas pola Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, das institucións de investimento colectivo alternativo. Desta maneira, mantense a estrutura da Lei 35/2003, do 4 de novembro, que segue recollendo a regulación das institucións de investimento colectivo de tipo aberto e as súas sociedades xestoras; e deixa a regulación das entidades de capital risco e as entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as súas sociedades xestoras á nova lei.

Ademais, de acordo co establecido na Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, inclúense como importante novidade, no título III desta lei, os requisitos para a comercialización e xestión transfronteiriza, entre os cales se inclúe o denominado pasaporte europeo para fondos de investimento alternativo de Estados membros da Unión Europea xestionados por xestoras de fondos de investimento alternativo autorizadas en Estados membros da Unión Europea conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011. Este pasaporte, cuxo obxectivo é fomentar o mercado interior europeo dos fondos de investimento, supón a liberdade de comercialización destes fondos de investimento alternativo a profesionais na Unión Europea e a xestión transfronteiriza destes fondos de investimento en Estados membros da Unión Europea. Para estes efectos, inclúense requisitos tanto para a comercialización e xestión destes fondos e xestoras da Unión Europea en España como para as xestoras españolas na Unión Europea. Así mesmo, introdúcese un réxime diferenciado por tipo de fondo de investimento alternativo cando o fondo ou a súa xestora non pertencen a un Estado membro da Unión Europea. Para que esta flexibilización permita ganancias en termos de eficiencia que non menoscaben a protección do investidor e a estabilidade financeira, prevense mecanismos de cooperación entre as autoridades supervisoras, obrígase á existencia dun depositario, establécense novos requisitos ás sociedades xestoras de modo que contén cunha estrutura e organización adecuadas para garantir o control de riscos, da liquidez e de conflitos de interese e, en concreto, para cumprir cunha política de remuneracións que evite a toma de riscos excesivos. Así mesmo, especificábase qué funcións das sociedades xestoras poden ser delegadas noutra entidade.

Tamén se procede a traspasar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as competencias de autorización e revogación das sociedades xestoras e de imposición de sancións por infraccións moi graves.

Inclúense, así mesmo, os requisitos para a transposición da Directiva 2013/14/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, que modifica a Directiva 2003/41/CE, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, a Directiva 2009/65/CE, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM), e a Directiva 2011/61/UE, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos, no que atinxe á dependencia excesiva das cualificacións crediticias, e promóvese así a redución da dita dependencia.

## VI

A disposición derradeira segunda modifica o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, para cumprir coa transposición da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativo, que modifica a Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e

do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e supervisión dos fondos de pensións de emprego. Esta modificación permite que os xestores de fondos de investimento alternativo xestionen os investimentos dos fondos de pensións, sen prexuízo de que no actual proxecto de modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións se inclúa a referencia expresa aos xestores de fondos de investimento alternativo.

Así mesmo, suprímese a referencia á Directiva 92/96/CEE, do Consello, do 10 de novembro de 1992, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao seguro directo de vida, e pola que se modifican as directivas 79/267/CEE e 90/619/CEE, pola Directiva 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida. Desta forma, a lei actualiza a directiva que regula o seguro directo de vida.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta lei a regulación do réxime xurídico das entidades de capital risco, doutras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e das sociedades xestoras de entidades de investimento de tipo cerrado.

#### Artigo 2. *Investimento colectivo de tipo cerrado.*

1. Entenderase por investimento colectivo de tipo cerrado o realizado polas entidades de capital risco e demais entidades de investimento colectivo en que a política de desinvestimento dos seus socios ou partícipes cumpra cos seguintes requisitos:

- a) que os desinvestimentos se produzan de forma simultánea para todos os investidores ou partícipes, e
- b) que o percibido por cada investidor ou partícipe o sexa en función dos dereitos que correspondan a cada un deles, de acordo cos termos establecidos nos seus estatutos ou regulamentos para cada clase de accións ou participacións.

2. En todo caso, para os efectos desta lei serán entidades de investimento colectivo de tipo cerrado as entidades de investimento colectivo dun tipo distinto ás descritas no artigo 1.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 694/2014 da Comisión, do 17 de decembro de 2013, polo que se complementa a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ás normas técnicas de regulación que determinan os tipos de xestores de fondos de investimento alternativos.

#### Artigo 3. *Entidades de capital risco.*

1. Entenderase por entidades de capital risco (ECR) aquelas entidades de investimento colectivo de tipo cerrado que obteñen capital dunha serie de investidores mediante unha actividade comercial cuxo fin mercantil é xerar ganancias ou rendementos para os investidores e cuxo obxecto principal vén definido no artigo 9 desta lei.

2. As ECR serán xestionadas por sociedades xestoras autorizadas conforme o disposto nesta lei.

3. As ECR poden adoptar a forma xurídica de sociedades de capital risco (SCR) ou de fondos de capital risco (FCR) e o seu réxime de investimentos será o establecido na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II do título I.

4. As ECR denominaranse ECR-peme cando cumpran co establecido na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título I en materia de réxime de investimentos. As ECR-peme poden adoptar a forma xurídica de sociedades de capital risco peme (SCR-peme) ou de fondos de capital risco peme (FCR-peme).

Artigo 4. *Entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.*

1. Entenderase por entidades de investimento colectivo de tipo cerrado (EICC) aquelas entidades de investimento colectivo que, carecendo dun obxectivo comercial ou industrial, obteñen capital dunha serie de investidores, mediante unha actividade de comercialización, para investilo en todo tipo de activos financeiros ou non financeiros, consonte unha política de investimento definida.

2. As EICC estarán xestionadas por sociedades xestoras autorizadas conforme o disposto nesta lei.

3. As EICC poden adoptar a forma xurídica de sociedades, que se denominarán sociedades de investimento colectivo de tipo cerrado (SICC), ou de fondos, que se denominarán fondos de investimento colectivo de tipo cerrado (FICC).

4. Para os efectos do previsto nesta lei non se entenderán incluídas no concepto de EICC as entidades de capital risco a que se refire o artigo anterior nin ningunha das entidades autorizadas de conformidade coa Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Artigo 5. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei será de aplicación ás seguintes entidades de investimento colectivo:

a) Ás ECR e ás EICC que teñan o seu domicilio social en España, no caso de sociedades, ou que se constituísen en España, no caso de fondos.

b) Ás ECR e ás EICC constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, xestionadas por sociedades xestoras autorizadas nun Estado membro, ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos, e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010, cando se comercialicen en España a investidores profesionais. Neste caso só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 76.

c) Ás ECR e ás EICC constituídas en terceiros Estados xestionadas por sociedades xestoras autorizadas nun Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, cando se comercialicen en España a investidores profesionais. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 77.

d) Ás ECR e ás EICC xestionadas por sociedades xestoras non domiciliadas nun Estado membro da Unión Europea, cando se comercialicen en España a investidores profesionais. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 78.

e) Ás ECR sinaladas nas letras b), c) e d) anteriores cando se comercialicen en España a investidores non profesionais tal e como están definidos no punto 3 do artigo 78 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Neste caso, seranlles aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 79 e o previsto nos puntos 2 e 4 do artigo 75 respecto da comercialización de ECR a investidores que non sexan profesionais.

f) Aos fondos de capital risco europeos (FCRE) regulados polo Regulamento (UE) n.º 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos, que teñan o seu domicilio social en España no caso de sociedades, que se constituísen en España no caso de fondos, ou que se comercialicen en España en virtude do dito regulamento europeo.

g) Aos fondos de emprendemento social europeo (FESE) regulados polo Regulamento (UE) n.º 346/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de emprendemento social europeos, que teñan o seu domicilio

social en España no caso de sociedades, que se constituísen en España no caso de fondos, ou que se comercialicen en España en virtude do dito regulamento europeo.

2. Así mesmo, esta lei será de aplicación ás sociedades xestoras de entidades de tipo cerrado (SXEIC) constituídas de acordo co previsto no título II, ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo (SXIC) que xestionen ECR, EICC, FCRE ou FESE, aos depositarios desas entidades, así como a outras entidades que presten servizos ás ECR ou ás EICC, nos termos establecidos nesta lei.

#### Artigo 6. *Entidades excluídas.*

Esta lei non será de aplicación ás seguintes entidades:

1. As sociedades de carteira, entendéndose como tales aquelas sociedades con participacións nunha ou varias empresas cuxa finalidade comercial sexa levar a cabo unha ou varias estratexias empresariais a través das súas empresas filiais, asociadas ou participadas, co fin de contribuír ao seu valor a longo prazo e que:

- a) ou ben sexan empresas que operen por conta propia e cuxos valores se admitan a negociación nun mercado regulado,
- b) ou ben non fosen creadas co obxectivo primordial de xerar beneficios para os seus investidores mediante desinvestimento das súas empresas filiais ou asociadas, e así se evidencie do seu informe anual ou doutros documentos oficiais.

2. Os fondos de pensións, incluídas, segundo proceda, as entidades encargadas da súa xestión e que actúen no seu nome, sempre que non xestionen entidades de investimento das mencionadas no artigo anterior.

3. As institucións supranacionais, tales como o Banco Central Europeo, o Banco Europeo de Investimentos, as institucións europeas de financiamento do desenvolvemento, o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e os bancos de desenvolvemento bilaterais, e outras institucións supranacionais e organismos internacionais similares, no suposto de que estas institucións ou organismos xestionen unha ou varias entidades de investimento das mencionadas no punto 1, e na medida en que os organismos de investimento colectivo actúen en interese público.

4. Os bancos centrais nacionais.

5. Os gobernos e organismos nacionais, rexionais e locais ou outras institucións que xestionen fondos de apoio aos réximes de seguridade social e pensións.

6. Os réximes de participación dos traballadores ou réximes de aforro dos traballadores.

7. Os fondos de titulización.

8. As sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario reguladas na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

9. Os fondos de activos bancarios regulados na disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

10. As ECR ou EICC cuxos estatutos ou documentos constitutivos restrinxan a captación de capital a un único investidor.

11. As sociedades de carteira financeiras cuxos valores se encontran admitidos a negociación nunha bolsa de valores.

12. As sociedades xestoras na medida en que xestionen un ou máis ECR ou EICC cuxos únicos investidores sexan a sociedade xestora, a empresa matriz ou as filiais da xestora ou outras filiais da dita empresa matriz, sempre que ningún dos investidores sexa pola súa vez un ECR ou EIC. Porén, estas poderán solicitar autorización como SXEIC e someterse así a esta lei.

Artigo 7. *Concepto de entidade financeira e de empresa non financeira.*

1. Para os efectos desta lei, terán a consideración de entidades financeiras aquelas que estean incluídas nalgunha das seguintes categorías:

- a) Entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito.
- b) As empresas a que se refire o artigo 1.1 da Lei 2/2009, do 31 de marzo, pola que se regula a contratación cos consumidores de préstamos ou créditos hipotecarios e de servizos de intermediación para a subscrición de contratos de préstamo ou crédito.
- c) Empresas de servizos de investimento.
- d) Entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- e) Sociedades de investimento colectivo, financeiras ou non financeiras.
- f) SXIIC e sociedades xestoras de fondos de pensións ou de fondos de titulización.
- g) SCR, SICC e SXEIC.
- h) Entidades cuxa actividade principal sexa a tenza de accións ou participacións, emitidas por entidades financeiras, tal e como se definen neste punto.
  - i) As sociedades de garantía recíproca.
  - j) As entidades de diñeiro electrónico.
  - k) As entidades de pagamento.
  - l) Os FCR, os FICC, os fondos de investimento de tipo aberto, os fondos de pensións e os fondos de titulización.
  - m) As entidades estranxeiras, calquera que sexa a súa denominación ou estatuto, que, de acordo coa normativa que lles resulte aplicable, exerzan as actividades típicas das anteriores.

2. Para os efectos desta lei, terán a consideración de empresas non financeiras, ademais daquelas que non queden incluídas nas categorías previstas no punto anterior, as entidades cuxa actividade principal sexa a tenza de accións ou participacións emitidas por empresas pertencentes a sectores non financeiros.

## TÍTULO I

### **Réxime das entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado**

#### CAPÍTULO I

### **Constitución de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado**

Artigo 8. *Constitución de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.*

Para constituír unha ECR ou EICC e dar comezo á súa actividade, as SXEIC deberán:

a) Remitir a información relativa á entidade de investimento prevista no artigo 45.3 á Comisión Nacional do Mercado de Valores, ben durante o seu proceso de autorización como sociedade xestora, ben no momento de constitución da entidade.

A documentación anterior deberá encontrarse actualizada en todo momento.

b) Constituír a ECR ou EICC mediante escritura pública e inscribila no Rexistro Mercantil. Para os FCR e FICC estes requisitos serán potestativos.

c) Presentar a documentación sinalada nos puntos anteriores para a súa inscrición no rexistro correspondente da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta comisión procederá a efectuar o rexistro unha vez que se comprobe que a documentación presentada está completa.

## CAPÍTULO II

### Réxime xurídico das entidades de capital risco

#### Sección 1.<sup>a</sup> As entidades de capital risco

##### Artigo 9. *Actividade principal.*

1. O obxecto principal das ECR consiste na toma de participacións temporais no capital de empresas de natureza non inmobiliaria nin financeira que, no momento da toma de participación, non coticen no primeiro mercado de bolsas de valores ou en calquera outro mercado regulado equivalente da Unión Europea ou do resto de países membros da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos.

2. Non obstante o anterior, tamén poderán estender o seu obxecto principal:

a) Ao investimento en valores emitidos por empresas cuxo activo estea constituído en máis dun 50 por cento por inmobles, sempre que ao menos os inmobles que representen o 85 por cento do valor contable total dos inmobles da entidade participada estean afectos, ininterrompidamente durante o tempo de tenza dos valores, ao desenvolvemento dunha actividade económica nos termos previstos na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

b) Á toma de participacións temporais no capital de empresas non financeiras que coticen no primeiro mercado de bolsas de valores ou en calquera outro mercado regulado equivalente da Unión Europea ou do resto de países membros da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos, sempre e cando tales empresas sexan excluídas da cotización dentro dos doce meses seguintes á toma da participación.

c) Ao investimento noutras ECR conforme o previsto nesta lei.

As ECR-peme consideraranse, para todos os efectos, un tipo especial de ECR cando cumpran co establecido na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título I en materia do réxime de investimentos.

##### Artigo 10. *Actividades complementarias.*

1. Para o desenvolvemento do seu obxecto social principal, as ECR poderán conceder préstamos participativos, así como outras formas de financiamento, neste último caso, e sen prexuízo do previsto para as ECR-peme, unicamente para sociedades participadas que formen parte do coeficiente obrigatorio de investimento. Así mesmo, poderán realizar actividades de asesoramento dirixidas ás empresas que constitúan o obxecto principal de investimento das ECR segundo o artigo anterior, estean ou non participadas polas propias ECR. No caso dos FCR, as actividades anteriores serán realizadas polas sociedades xestoras. No caso das SCR, poderán ser realizadas por elas mesmas ou ben, de ser o caso, polas súas sociedades xestoras.

2. As SCR, dentro do seu obxecto social, e os FCR, dentro do seu obxecto principal, non poderán desenvolver actividades non amparadas nesta lei.

##### Artigo 11. *Reserva de denominación.*

1. As denominacións de «sociedade de capital risco», «fondo de capital risco», «sociedade de capital risco-peme», «fondo de capital risco-peme» e «sociedade xestora de entidades de investimento de tipo cerrado», ou as súas abreviaturas «SCR», «FCR», «SCR-peme», «FCR-peme» e «SXEIC» quedarán reservadas ás entidades constituídas ao abeiro desta lei e inscritas no rexistro administrativo que para o efecto xestione a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. As entidades do punto anterior están obrigadas a incluír na súa razón social a denominación respectiva ou a súa abreviatura.

3. O Rexistro Mercantil e os demais rexistros públicos non inscribirán aquelas entidades cuxa denominación sexa contraria ao réxime establecido nesta lei. Cando, non obstante, tales inscricións se practicasen, serán nulas de pleno dereito. Esta nulidade non prexudicará os dereitos de terceiros de boa fe, adquiridos conforme o contido dos correspondentes rexistros.

4. Ningunha persoa ou entidade poderá, sen estar inscrita nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores, utilizar a denominación a que se refire o punto 1 ou calquera outra expresión que induza a confusión con elas.

5. As persoas ou entidades que incumpran o establecido neste artigo serán sancionadas segundo o previsto no título IV. Se, requiridas para que cesen inmediatamente na utilización das denominacións, continuasen utilizándoas, serán sancionadas con multas coercitivas por importe de ata 300.000 euros, que poderán ser reiteradas con ocasión de posteriores requirimentos.

6. Será competente para a formulación dos requirimentos e para a imposición das multas a que se refire o punto anterior a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que tamén poderá facer advertencias públicas respecto da existencia desta conduta. Os requirimentos formularanse logo de audiencia da persoa ou entidade interesada e as multas imporanse consonte o procedemento previsto no artigo 92.

7. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das demais responsabilidades, incluso de orde penal, que poidan ser exixibles.

#### Artigo 12. *Política de investimentos.*

Entenderase por política de investimentos o conxunto de decisións coordinadas orientadas ao cumprimento do seu obxecto sobre os seguintes aspectos:

- a) Sectores empresariais cara aos cales se orientarán os investimentos.
- b) Áreas xeográficas cara ás cales se orientarán os investimentos.
- c) Tipos de sociedades en que se pretende participar e criterios da súa selección.
- d) Porcentaxes xerais de participación máximas e mínimas que se pretenda posuír.
- e) Criterios temporais máximos e mínimos de mantemento dos investimentos e fórmulas de desinvestimento.
- f) Tipos de financiamento que se concederán ás sociedades participadas.
- g) Prestacións accesorias que a sociedade xestora poderá realizar a favor das sociedades participadas, tales como o asesoramento ou servizos similares.
- h) Modalidades de intervención da sociedade xestora nas sociedades participadas, e fórmulas de presenza nos seus correspondentes órganos de administración.
- i) Restricións respecto dos investimentos que se pretenda realizar.
- j) Estratexia que se pretende implementar.
- k) Política de aparcamento e restricións a este.
- l) Información sobre os posibles riscos en que se pretende incorrer.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Réxime de investimentos das entidades de capital risco*

#### Artigo 13. *Coefficiente obrigatorio de investimento das ECR.*

1. Entenderase por coeficiente obrigatorio de investimento a obrigación de investir unha porcentaxe mínima do activo computable definido de acordo co disposto no artigo 18 en determinados tipos de activos.

2. As ECR adecuarán a súa política de investimentos aos criterios expresamente establecidos nos seus estatutos ou regulamentos de xestión, respectivamente.

3. As ECR deberán manter, como mínimo, o 60 por cento do seu activo computable, definido de acordo co disposto no artigo 18 nos seguintes activos:

- a) Accións ou outros valores ou instrumentos financeiros que poidan dar dereito á subscripción ou adquisición daquelas e participacións no capital de empresas que se encontren dentro do seu ámbito de actividade principal, de conformidade co artigo 9.

b) Préstamos participativos a empresas que se encontren dentro do seu ámbito de actividade principal, cuxa rendibilidade estea completamente ligada aos beneficios ou perdas da empresa de modo que sexa nula se a empresa non obtén beneficios.

c) Outros préstamos participativos a empresas que se encontren dentro do seu ámbito de actividade principal, ata o 30 por cento do total do activo computable.

d) Accións ou participacións de ECR, de acordo co previsto no artigo 14.

4. Tamén se entenderán incluídas no coeficiente obrigatorio de investimento a concesión de financiamento que cumpra os requisitos das letras b) e c) anteriores, o investimento en accións e participacións no capital de empresas non financeiras que cotizan ou se negocian nun segundo mercado dunha bolsa española, nun sistema multilateral de negociación español ou en mercados equivalentes doutros países e a concesión de préstamos participativos a estas. Para tales efectos, consideraranse aptos os mercados que cumpran simultaneamente as seguintes características:

a) Trátase dun segmento especial ou dun mercado estranxeiro cuxos requisitos de admisión sexan similares aos establecidos na normativa española para os sistemas multilaterais de negociación.

b) Trátase dun mercado especializado en valores de pequenas e medianas empresas.

c) Estar situado en Estados membros da Unión Europea ou en terceiros países, sempre que o terceiro país non figure na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais e asinase con España un convenio para evitar a dobre imposición con cláusula de intercambio de información ou un acordo de intercambio de información en materia tributaria.

5. No caso de que unha ECR teña unha participación nunha entidade que sexa admitida a cotización nun mercado non incluído no punto anterior, esa participación poderase computar dentro do coeficiente obrigatorio de investimento durante un prazo máximo de tres anos, contados desde a data en que se tería producido a admisión a cotización desta última. Transcorrido o prazo sinalado, esa participación deberase computar dentro do coeficiente de libre disposición. O anterior aplicarase, así mesmo, cando a ECR teña concedido un préstamo participativo a ese tipo de entidade.

6. O coeficiente obrigatorio de investimento deberase cumprir ao finalizar cada exercicio social.

#### Artigo 14. *Investimento en ECR.*

1. As ECR poderán investir ata o 100 por cento do seu activo computable sen incumprir o coeficiente obrigatorio de investimento noutras ECR constituídas conforme esta lei e en entidades estranxeiras similares que reúnan as características do punto 2.

2. Para que o investimento nas entidades estranxeiras a que se refire o punto anterior se compute dentro do coeficiente obrigatorio establecido no artigo 13.3, será preciso que as propias entidades ou as súas sociedades xestoras estean establecidas en Estados membros da Unión Europea ou en terceiros países, sempre que o citado terceiro país non figure na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais e asinase con España un convenio para evitar a dobre imposición con cláusula de intercambio de información ou un acordo de intercambio de información en materia tributaria e que, calquera que sexa a súa denominación ou estatuto, exerzan, de acordo coa normativa que lles resulte aplicable, as actividades similares ás realizadas polas ECR reguladas nesta lei.

3. En calquera caso, a entidade de capital risco investidora deberá cumprir cos coeficientes de diversificación do investimento do artigo 16.



Artigo 15. *Coeficiente de libre disposición.*

O resto do activo non suxeito ao coeficiente obrigatorio de investimento determinado no artigo 13 poderase manter en:

- a) Valores de renda fixa negociados en mercados regulados ou en mercados secundarios organizados.
- b) Participacións no capital de empresas que non se encontren dentro do ámbito de actividade principal de conformidade co artigo 9, incluídas participacións en institucións de investimento colectivo e ECR que non cumpran o disposto no artigo 14 e en EICC.
- c) Efectivo. Naqueles casos en que estatutaria ou regulamentariamente se prevexan reembolsos periódicos, formará parte do coeficiente de liquidez, xunto cos demais activos especialmente líquidos que determine o ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa delegación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- d) Préstamos participativos.
- e) Financiamento de calquera tipo a empresas participadas que formen parte do seu obxecto social principal, tal e como se define no artigo 9.1.
- f) No caso de SCR autoxestionadas, ata o 20 por cento do seu capital social, en elementos de inmovilizado necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 16. *Limitacións de grupo e diversificación dos investimentos.*

1. As ECR non poderán investir máis do 25 por cento do seu activo computable no momento do investimento nunha mesma empresa, nin máis do 35 por cento en empresas pertencentes ao mesmo grupo de sociedades, entendéndose por tal o definido no artigo 42 do Código de comercio.

2. As ECR poderán investir ata o 25 por cento do seu activo computable en empresas pertencentes ao seu grupo ou ao da súa sociedade xestora, tal e como este se define no artigo 42 do Código de comercio, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que os estatutos ou regulamentos prevexan estes investimentos.
- b) Que a entidade ou, de ser o caso, a súa sociedade xestora dispoña dun procedemento formal, recollido no seu regulamento interno de conduta, que permita evitar conflitos de interese e asegurarse de que a operación se realiza en interese exclusivo da entidade. A verificación do cumprimento destes requisitos corresponderá a unha comisión independente creada no seo do seu consello ou a un órgano independente ao cal a sociedade xestora encomende esta función.
- c) Que nos folletos e na información pública periódica da entidade se informe con detalle dos investimentos realizados en entidades do grupo.

Tan só para os efectos previstos neste artigo se considerará que as empresas nas que participen directamente as ECR que cumpran os requisitos establecidos no artigo 9, non son empresas pertencentes ao grupo da ECR de que se trate.

Artigo 17. *Incumprimentos temporais dos límites establecidos nos investimentos.*

1. Incumprimento temporal do coeficiente de investimento:

a) A porcentaxe prevista no artigo 13.3 poderá ser incumplida polas ECR durante os seguintes períodos:

1.º Durante os tres primeiros anos a partir da súa inscrición no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2.º Durante vinte e catro meses, contados desde que se produza un desinvestimento computable no coeficiente obrigatorio que provoque o seu incumprimento, sempre e cando non existise incumprimento previo.

b) Cando se produza unha ampliación de capital con achega de novos recursos nunha SCR ou unha nova achega de recursos aos FCR, poderase incumplir a porcentaxe indicada no artigo 13.3 durante os tres anos seguintes á ampliación ou á nova achega,

ben que se exixirá o cumprimento do coeficiente con anterioridade á citada ampliación ou achega. Este límite temporal poderá calcularse para as SCR desde a data de desembolso do capital correspondente á ampliación sempre que o desembolso se produza dentro dos 6 meses posteriores á ampliación de capital.

2. Cando se produza unha diminución de capital nunha SCR autoxestionada, poderase incumprir a porcentaxe prevista na letra f) do artigo 15 durante os tres anos seguintes a tal diminución de capital.

3. Incumprimento temporal do coeficiente de diversificación:

a) A porcentaxe prevista no artigo 16 poderá ser incumplida polas ECR durante os primeiros tres anos a partir da súa inscrición no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) No suposto de devolución de achegas a partícipes ou socios, estas porcentaxes computaranse tendo en conta o patrimonio neto existente antes de se realizar a dita devolución.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, con carácter excepcional, eximir do cumprimento das porcentaxes previstas nos puntos anteriores deste artigo ou autorizar a ampliación dos prazos a que se refire neles, por solicitude das SCR ou da sociedade xestora, en atención á situación do mercado e á dificultade de encontrar proxectos para cubrir adecuadamente a porcentaxe mencionada.

#### Artigo 18. *Activo computable e outros límites aos investimentos.*

1. Para os efectos desta lei entenderase por activo computable das sociedades e fondos de capital risco o resultado de sumar o importe de patrimonio neto, os préstamos participativos recibidos e as plusvalías latentes netas de efecto impositivo, cos axustes que se prevegan de conformidade co previsto no punto 2.

2. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán axustar, concretar e precisar os conceptos contables que integran o activo computable recollidos no punto anterior, así como establecer limitacións ao investimento en determinados tipos de activos ou actividades, un coeficiente mínimo de liquidez que deban manter, de ser o caso, as ECR e límites ao financiamento alleo que poidan obter as ECR.

3. En todo caso, as ECR só poderán investir en titulizacións cuxo orixinador reteña ao menos o 5 por cento e estarán sometidas aos límites ás posicións de titulización previstos no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, polo que se complementa a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no referente ás exencións, ás condicións xerais de exercicio da actividade, aos depositarios, ao apancamento, á transparencia e á supervisión.

#### Artigo 19. *Adquisición de participacións en empresas non financeiras cotizadas en mercados regulados.*

Para que a adquisición pola ECR de participacións de empresas non financeiras que coticen nun mercado regulado distinto dos enunciados no artigo 13.4 sexa computada dentro do coeficiente obrigatorio de investimento do artigo 13.3, será preciso que a ECR ou, de ser o caso, a súa sociedade xestora obteña a exclusión da cotización da empresa participada dentro do prazo de doce meses desde a toma de participación. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar a ampliación deste prazo por solicitude da SCR ou da sociedade xestora, atendendo a dificultades técnicas ou de demanda do mercado que fagan economicamente inviable a exclusión.

*Sección 3.ª Réxime de investimentos das entidades de capital risco-peme**Artigo 20. Entidades de capital risco-peme.*

As ECR-peme deberán cumprir en todo momento os requisitos exixidos na sección 1.ª e, en particular, o réxime de investimentos previsto nesta sección. Así mesmo, deberán establecer unha relación de asesoramento coas súas entidades participadas.

*Artigo 21. Coeficiente obrigatorio de investimento das ECR-peme.*

1. As ECR-peme adecuarán a súa política de investimentos aos criterios establecidos nos seus estatutos ou regulamentos de xestión. Entenderase por política de investimentos o definido no artigo 12.

2. En todo caso, deberán manter ao menos o 75 por cento do seu activo computable, definido de acordo co disposto no artigo 18, nos seguintes instrumentos financeiros que provexan de financiamento as empresas que son obxecto da súa actividade:

- a) Accións ou outros valores ou instrumentos financeiros que poidan dar dereito á subscripción ou adquisición daquelas e participacións no capital.
- b) Préstamos participativos.
- c) Instrumentos financeiros híbridos sempre que a rendibilidade deses instrumentos estea ligada aos beneficios ou perdas da empresa e que a recuperación do principal en caso de concurso non estea plenamente asegurada.
- d) Instrumentos de débeda con ou sen garantía de empresas nas cales a ECR-peme xa teña unha participación a través dalgún dos instrumentos das letras anteriores.
- e) Accións ou participacións noutras ECR-peme constituídas conforme esta lei.

3. As empresas obxecto da actividade das ECR-peme deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que, no momento do investimento, non estean admitidas a cotización nun mercado secundario regulado ou sistema multilateral de negociación.
- b) Que, no momento do investimento, teñan menos de 250 empregados.
- c) Que, no momento do investimento, ou ben o seu activo anual non supere os 43 millóns de euros ou ben o seu volume de negocios anual non supere os 50 millóns de euros.
- d) Que non se trate dunha institución de investimento colectivo.
- e) Que non se trate de empresas financeiras ou de natureza inmobiliaria.
- f) Que estean establecidas en Estados membros da Unión Europea ou en terceiros países, sempre que tal terceiro país non figure na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais e asinase con España un convenio para evitar a dobre imposición con cláusula de intercambio de información ou un acordo de intercambio de información en materia tributaria.

4. O coeficiente obrigatorio de investimento deberase cumprir ao finalizar cada exercicio social.

*Artigo 22. Coeficiente de libre disposición das ECR-peme.*

O resto do activo non suxeito ao coeficiente obrigatorio de investimento determinado no artigo anterior poderá manterse en:

- a) Valores de renda fixa negociados en mercados regulados ou en mercados secundarios organizados.
- b) Participacións no capital de empresas distintas das que son obxecto da súa actividade segundo o artigo 21.3, incluídas participacións en institucións de investimento colectivo, en ECR que non sexan ECR-peme e en EICC.

c) Efectivo. Naqueles casos en que estatutaria ou regulamentariamente se prevexan reembolsos periódicos, formará parte do coeficiente de liquidez, xunto cos demais activos especialmente líquidos que precise o ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa delegación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

d) Financiamento de calquera tipo a empresas que formen parte do seu obxecto social principal, tal e como se define no artigo 9.

e) No caso de SCR-peme autoxestionada, ata o 20 por cento do seu capital social en elementos de inmovilizado necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.

#### Artigo 23. *Limitacións de grupo e diversificación dos investimentos das ECR-peme.*

As ECR-peme non poderán investir máis do 40 por cento do seu activo computable no momento do investimento nunha mesma empresa nin máis do 40 por cento en empresas pertencentes ao mesmo grupo de sociedades, entendéndose por tal o definido no artigo 42 do Código de comercio.

#### Artigo 24. *Incumprimentos temporais dos investimentos.*

Aos incumprimentos das porcentaxes previstas nos artigos 21.2, 22.e) e 23 seranlles de aplicación as regras contidas no artigo 17.

#### Artigo 25. *Outros límites aos investimentos.*

1. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán establecer limitacións ao investimento en determinados tipos de activos ou actividades, fixar un coeficiente mínimo de liquidez que deban manter, de ser o caso, as ECR-peme, determinar os conceptos contables que integran o activo computable, é dicir, o activo das ECR-peme para efectos de calcular as porcentaxes previstas nos artigos precedentes, e establecer límites ao financiamento alleo que poidan obter as ECR-peme.

2. En todo caso, as ECR-peme só poderán investir en titulizacións cuxo orixinador reteña ao menos o 5 por cento e estarán sometidas aos límites ás posicións de titulización previstos no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, polo que se complementa a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no referente ás exencións, ás condicións xerais de exercicio da actividade, aos depositarios, ao apancamento, á transparencia e á supervisión.

### CAPÍTULO III

#### **Réxime xurídico das sociedades de capital risco**

#### Artigo 26. *Definición e réxime xurídico.*

1. As SCR son entidades de capital risco que revisten a forma de sociedades anónimas. Poderán realizar as actividades enunciadas nos artigos 9 e 10 por elas mesmas ou a través dunha SXEIC.

2. As SCR rexeranse polo establecido nesta lei e, no non previsto por ela, polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

3. O capital social subscrito mínimo será de 1.200.000 euros (900.000 euros no caso das ECR-peme) e deberase desembolsar no momento da súa constitución, ao menos, o 50 por cento e o resto, nunha ou varias veces, dentro do prazo de tres anos desde a constitución da sociedade. Os desembolsos do capital social mínimo deberán realizarse en efectivo en activos aptos para o investimento das ECR, conforme os artigos 13 e 14, ou en bens que integren o seu inmovilizado.

Os desembolsos adicionais ao capital social mínimo ou as súas posteriores ampliacións poderán realizarse, ademais de en efectivo, en inmovilizado ou activos aptos para o investimento das ECR conforme os artigos 13 e 14.

4. As accións do capital social estarán representadas mediante títulos, caso en que serán nominativas, ou mediante anotacións en conta.

5. Permitirase a emisión de accións de clases distintas á xeral da sociedade sempre que calquera trato preferencial recibido polos seus tedores e as condicións para o acceso a tal trato estean adecuadamente reflectidos nos estatutos da sociedade.

6. Nos seus estatutos sociais recolleranse, ademais das especificacións previstas no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, a política de investimentos de acordo co disposto no artigo 12, así como a posibilidade de delegar a xestión dos investimentos segundo o previsto no artigo 29.

*Artigo 27. Valoración do patrimonio e determinación do valor liquidativo.*

1. O valor do patrimonio da SCR será o resultado de deducir da suma dos seus activos reais as contas acreedoras. O valor destas e daqueles determinarase conforme os criterios que estableza o ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. O valor de cada acción será o resultado de dividir o patrimonio neto atribuído a cada serie polo número de accións dela en circulación.

*Artigo 28. Transformación, fusión, escisión e demais operacións societarias.*

A transformación, fusión, escisión e as demais operacións societarias que realice unha SCR, ou que conduzan á creación dunha SCR, deberán ser notificadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co artigo 8. Se se trata de SCR autoxestionada, deberase comunicar unha modificación das condicións de autorización de acordo co artigo 52.

En caso de que resulte necesario establecer unha ecuación de troca da fusión, esta estará baseada no procedemento definido nos estatutos da sociedade para levar a cabo a fusión e esa ecuación de troca.

*Artigo 29. Delegación da xestión.*

1. As SCR poderán recoller nos seus estatutos sociais a posibilidade de que a xestión dos seus activos, logo de acordo da xunta xeral ou, pola súa delegación, do consello de administración, a realice unha SXEIC ou unha SXIIC, ou unha entidade habilitada para prestar o servizo de investimento a que se refire o artigo 63.1.d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

O eventual acordo será elevado a escritura pública e inscrito no Rexistro Mercantil e no correspondente rexistro administrativo. Este acordo non eximirá os órganos de administración da sociedade de ningunha das obrigacións e responsabilidades que a normativa vixente lles impón.

2. A designación da sociedade xestora será efectiva a partir do momento da inscrición no rexistro administrativo do eventual acordo da xunta xeral ou, pola súa delegación, do consello de administración.

## CAPÍTULO IV

### **Réxime xurídico dos fondos de capital risco**

*Artigo 30. Definición e réxime xurídico.*

1. Os FCR son patrimonios separados sen personalidade xurídica, pertencentes a unha pluralidade de investidores, cuxa xestión e representación corresponde a unha

sociedade xestora que exerce as facultades de dominio sen ser propietaria do fondo. As súas actividades, principal e complementarias, son as previstas, con carácter xeral, para as entidades de capital risco definidas nos artigos 9 e 10 e corresponde á sociedade xestora a súa realización.

2. A condición de partícipe adquirese mediante a realización da achega ao fondo común.

#### Artigo 31. *Patrimonio.*

1. O patrimonio comprometido mínimo dos FCR, no momento da súa constitución, será de 1.650.000 euros.

2. As achegas para a constitución inicial e as posteriores do patrimonio realizaranse en efectivo ou activos aptos para o investimento conforme os artigos 13 e 14, sempre que o regulamento de xestión do fondo prevexa o procedemento e as condicións, incluído o procedemento de valoración dos activos achegados, baixo as cales se poderán realizar as achegas en especie.

3. O patrimonio dos FCR constituirase coas achegas realizadas polos partícipes e os rendementos cando non fosen distribuídos. Os partícipes non responderán polas débedas do fondo senón ata o límite do patrimonio deste. O patrimonio do fondo non responderá polas débedas dos partícipes nin das sociedades xestoras.

4. O patrimonio estará dividido en participacións que conferirán ao seu titular un dereito de propiedade sobre el. As participacións non terán valor nominal, terán a condición de valores negociables e poderán representarse mediante certificados nominativos ou mediante anotacións en conta.

O valor de cada participación será o resultado de dividir o patrimonio do fondo entre o número de participacións en circulación, axustado, de ser o caso, aos dereitos económicos correspondentes á clase de participación, valorando aquel de acordo cos criterios que estableza o ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Permitirase a emisión de participacións con características distintas ás participacións xerais do fondo sempre que esta posibilidade, as características desas participacións e as posibles condicións para o seu acceso estean adecuadamente reflectidas no regulamento do fondo.

#### Artigo 32. *Constitución do fondo.*

1. O fondo constituirase mediante a posta en común do efectivo ou activos aptos, segundo o establecido no artigo 31.2, que integrarán o seu patrimonio.

2. O contrato de constitución poderá formalizarse en escritura pública ou en documento privado e nel deberá constar expresamente:

- a) A denominación do fondo.
- b) O obxecto, circunscrito exclusivamente ás actividades recollidas nos artigos 9 e 10.
- c) O patrimonio do fondo no momento da súa constitución.
- d) O nome e domicilio da sociedade xestora.
- e) O regulamento de xestión do fondo.

#### Artigo 33. *Contido do regulamento de xestión do fondo.*

O regulamento de xestión do FCR deberá recoller, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) O prazo de duración do fondo, de ser o caso.
- b) O réxime de emisión e reembolso das participacións, incluíndo, de ser o caso, o número de reembolsos que se garantan, a súa periodicidade e o réxime de avisos previos, de os haber.
- c) O prazo de duración da prohibición de subscripción e reembolso, se as houber.

- d) A periodicidade con que se deberá calcular o valor das participacións para efectos de subscripción e reembolso.
- e) Normas para a administración, dirección e representación do fondo.
- f) Determinación e forma de distribución de resultados.
- g) Requisitos para a modificación do contrato de constitución e do regulamento de xestión.
- h) Supostos e mecanismos necesarios para a substitución da sociedade xestora.
- i) Supostos e mecanismos necesarios para a fusión, disolución e liquidación do fondo.
- j) Tipos de remuneración da sociedade xestora.
- k) A política de investimentos a que se fai referencia no artigo 12.
- l) A política de distribución de resultados.

Artigo 34. *Réxime de subscripción e reembolso das participacións.*

1. A sociedade xestora emitirá e reembolsará as participacións no fondo de acordo coas condicións establecidas no seu regulamento de xestión.
2. A sociedade xestora poderá xestionar por conta do emisor a subscripción e o reembolso de participacións en FCR, así como por conta allea a súa transmisión e, neste último caso, poderá percibir por iso unha comisión acordada co partícipe vendedor. En todo caso, realizarase de acordo co establecido no regulamento de cada fondo.

Artigo 35. *Administración.*

1. A dirección e administración dos FCR rexeráse polo disposto no regulamento de xestión de cada fondo, e tal actividade deberá recaer necesariamente nunha SXEIC ou nunha SXIIC cos requisitos que se fixan neste último suposto nesta lei.
2. En ningún caso poderán impugnarse os actos e contratos realizados pola sociedade xestora do fondo con terceiros, no exercicio das atribucións que lle corresponden conforme o previsto nesta lei, alegando defectos nas facultades de administración e disposición.

Artigo 36. *Fusión.*

1. Poderán fusionarse FCR xa sexa mediante a absorción, xa coa creación dun novo fondo.
2. A fusión requirirá o acordo previo das sociedades xestoras dos fondos que se vaian fusionar.

Artigo 37. *Disolución e liquidación.*

1. O fondo quedará disolto e, en consecuencia, abrirase o período de liquidación, polo cumprimento do termo ou prazo, ou polas causas que se establezan no seu regulamento de xestión do fondo e, en todo caso, sempre que se produza o cesamento da súa xestora sen que outra asuma a xestión. O regulamento de xestión conterá os mecanismos de adopción do acordo de disolución, así como as normas para a disolución e liquidación do fondo. O acordo de disolución deberá ser comunicado inmediatamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que procederá á súa publicación. Ademais, deberá ser comunicada de forma inmediata aos partícipes.
2. Unha vez adoptado o acordo de disolución do fondo, ábrese o período de liquidación e quedan suspendidos os dereitos de subscripción de participacións. A liquidación do fondo realizaráa a súa sociedade xestora ou calquera outra entidade designada de conformidade co previsto no regulamento de xestión do fondo.
3. A sociedade xestora procederá, coa maior dilixencia e no máis breve prazo posible, a allear os valores e activos do fondo e a satisfacer e percibir os créditos. Unha vez realizadas estas operacións, elaborará os correspondentes estados financeiros e

determinará o remanente positivo que se deba atribuír ás persoas ou entidades que teñan que percibilo conforme o establecido no regulamento de xestión do fondo.

Antes da elaboración dos estados financeiros, o liquidador, designado de conformidade co previsto no punto anterior, poderá repartir o efectivo obtido no alleamento dos activos do fondo en concepto de liquidacións á conta, de forma proporcional entre todos os partícipes do fondo, sempre que satisfixesen a todos os acredores ou consignasen o importe dos seus créditos vencidos.

4. Poderanse establecer no regulamento de xestión do fondo excepcións á norma do punto anterior que permitan a repartición en especie do remanente, sempre que se valore ao valor de mercado.

5. Os estados financeiros deberán ser auditados na forma prevista nesta lei. O balance e a conta de perdas e ganancias deberán ser comunicados como información significativa aos acredores.

6. Transcorrido o prazo dun mes a partir da data da comunicación a que se refire o punto anterior sen que se formulasen reclamacións, procederase á efectiva repartición do remanente de conformidade co disposto no regulamento de xestión.

7. En caso de que houberse reclamacións, observarase o que dispoña o xuíz ou o tribunal competente.

8. Unha vez efectuada a repartición total do patrimonio, a sociedade xestora do fondo solicitará a cancelación do fondo no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

## CAPÍTULO V

### **Réxime xurídico das entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, dos fondos de capital risco europeos e dos fondos de emprendemento social europeos**

#### *Artigo 38. Réxime xurídico das SICC e dos FICC.*

1. O réxime aplicable ás SICC e aos FICC será o establecido para as SCR e FCR, respectivamente, coas especialidades recollidas nos puntos seguintes.

2. Non serán de aplicación ás SICC e aos FICC, respectivamente, os requisitos de capital mínimo establecidos nos artigos 26.3 e 31.1.

3. Non será de aplicación ás SICC e aos FICC o disposto no último inciso dos artigos 26.1 e 30.1, respectivamente, con relación ao obxecto e ás actividades complementarias.

4. As achegas para a constitución inicial e as posteriores do patrimonio dos FICC realizaranse exclusivamente en efectivo.

5. En todo caso, as EICC só poderán investir en titulizacións cuxo orixinador reteña ao menos o 5 por cento e estarán sometidas aos límites ás posicións de titulización previstos no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

#### *Artigo 39. Réxime xurídico dos fondos de capital risco europeos.*

1. Ás entidades que desexen utilizar a designación «FCRE» en relación coa súa comercialización na Unión Europea aplicaráselles as normas contidas no Regulamento 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos.

2. A denominación «fondos de capital risco europeos» ou a súa abreviatura «FCRE» quedará reservada ás institucións constituídas ao abeiro do regulamento citado no punto anterior e inscritas no rexistro administrativo que para o efecto existe na Comisión Nacional do Mercado de Valores. Para estes efectos, seralles de aplicación o disposto no artigo 11.



Artigo 40. *Réxime xurídico dos fondos de emprendemento social europeos (FESE).*

1. Ás entidades que desexen utilizar a designación «FESE» en relación coa súa comercialización na Unión Europea aplicaráselles as normas contidas no Regulamento (UE) n.º 346/2013, do 17 de abril de 2013, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os fondos de emprendemento social europeos.

2. A denominación «fondos de emprendemento social europeos» ou a súa abreviatura «FESE» quedará reservada ás institucións constituídas ao abeiro do regulamento citado no punto anterior e inscritas no rexistro administrativo que para o efecto existe na Comisión Nacional do Mercado de Valores. Para estes efectos seralles de aplicación o disposto no artigo 11.

## TÍTULO II

### Sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado

#### CAPÍTULO I

##### Acceso á actividade

Artigo 41. *Concepto e obxecto social.*

1. As SXEIC son sociedades anónimas cuxo obxecto social é a xestión dos investimentos dunha ou varias ECR e EICC, así como o control e xestión dos seus riscos.

2. Cada ECR e EICC terá unha soa xestora, que será unha SXEIC. No caso de SCR e SICC, a propia sociedade poderá actuar como sociedade xestora se o seu órgano de goberno decide non designar unha xestora externa. Neste caso, quedarán sometidas ao réxime das SXEIC previsto nesta lei, coa excepción daqueles supostos en que a lei prevexa un réxime distinto para estas sociedades autoxestionadas.

3. A SXEIC será responsable de garantir o cumprimento por parte das entidades que xestiona do previsto nesta lei.

Naqueles casos en que unha SXEIC non poida garantir que a entidade que xestiona, ou unha entidade en que delegase, cumpra co previsto nesta lei, informará de inmediato a Comisión Nacional do Mercado de Valores e, na medida en que proceda, as autoridades da Unión Europea competentes sobre a entidade de investimento de que se trate. A Comisión Nacional do Mercado de Valores exixirá á SXEIC que adopte as medidas necesarias para retornar ao cumprimento das obrigacións establecidas nesta lei.

Se malia se teren adoptado as medidas anteriores, se mantén a situación de incumprimento, a Comisión Nacional do Mercado de Valores requirirá o cesamento na súa actividade de xestión da entidade incumpridora ou, de ser o caso, informará inmediatamente diso as autoridades competentes do Estado membro de acollida da sociedade xestora. Nestes casos, así como no caso de que a entidade incumpridora sexa unha entidade de investimento de tipo cerrado establecida nun Estado non membro da Unión Europea xestionado por unha sociedade xestora establecida nun Estado non membro da Unión Europea, a entidade de investimento non poderá seguir comercializándose na Unión Europea.

4. As SXEIC rexeranse polo previsto nesta lei e, no non previsto nela, pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, e polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Artigo 42. *Requisitos de acceso á actividade.*

1. Ningunha sociedade xestora poderá xestionar unha ou varias ECR ou EICC a menos que fose autorizada de conformidade co previsto nesta lei.

2. As SXEIC deberán cumprir en todo momento as condicións para a autorización e facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a información necesaria para verificar ese cumprimento.

3. As SXEIC deberán estar autorizadas para, ao menos, realizar as funcións de xestión de carteiras de investimento e control e xestión de riscos con respecto aos ECR, EICC, FCRE e FESE que xestionen, sen prexuízo da posibilidade de delegación prevista no artigo 65.

4. As SXEIC poderán realizar adicionalmente as seguintes funcións con respecto ás ECR ou EICC que xestionen ou, no marco dunha delegación, con respecto a outras ECR ou EICC:

- a) A administración da entidade, que comprende:
  - 1.º servizos xurídicos e contabilidade,
  - 2.º tratamento das consultas de clientes,
  - 3.º valoración e determinación do valor liquidativo, incluíndo a aplicación do réxime fiscal correspondente,
  - 4.º control do cumprimento da normativa aplicable,
  - 5.º xestión do rexistro de partícipes ou accionistas,
  - 6.º distribución de rendementos, de ser o caso,
  - 7.º subscripción e reembolso de participacións, e adquisición ou alleamento de accións,
  - 8.º liquidación de contratos incluída a expedición de certificados, e
  - 9.º administración de rexistros.

b) A comercialización da entidade.

c) Actividades relacionadas cos activos da entidade, en particular, os servizos necesarios para cumprir coas obrigacións fiduciarias dos xestores, a xestión de inmobles e servizos utilizados na actividade, as actividades de administración de bens inmobles, o asesoramento a empresas con respecto a estruturas de capital, estratexia industrial e materias relacionadas, o asesoramento e os servizos relacionados con fusións e adquisición de empresas, así como outros servizos conexos coa xestión da entidade e das empresas e activos en que investiu.

5. As SCR autoxestionadas e as SICC autoxestionadas non poderán realizar as actividades relacionadas nos dous puntos anteriores con respecto a outras entidades. Así mesmo, tampouco poderán realizar as actividades previstas no artigo 43.1.

#### Artigo 43. *Servizos accesorios.*

1. Como servizos accesorios, as SXEIC poderán realizar os seguintes:

a) Xestión discrecional de carteiras de investimento, incluídas as que son propiedade de fondos de pensións e de fondos de pensións de emprego en virtude do artigo 19, punto 1, da Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, de conformidade cos mandatos outorgados de maneira discrecional e individualizada polos investidores. Neste caso, a xestora non poderá investir nin a totalidade nin parte da carteira do cliente nas entidades que xestione, salvo consentimento xeral previo do cliente.

b) Asesoramento en materia de investimento.

c) Custodia e administración de participacións e accións de ECR ou EICC e, de ser o caso, de FCRE e FESE.

d) Recepción e transmisión de ordes de clientes en relación cun ou varios instrumentos financeiros.

2. Serán de aplicación ás SXEIC que estean autorizadas para prestar os servizos accesorios do punto 1 as normas previstas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e nas súas disposicións de desenvolvemento. En particular, seranlles de aplicación, coas especialidades que se poidan establecer regulamentariamente, os

artigos 70 ter, 70 quáter, 78, 78 bis, 79, 79 bis, 79 ter e 79 quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

3. As SXEIC deberán adherirse ao Fondo de Garantía de Investimentos no caso de que presten servizos de investimento dos previstos no punto 1. A adhesión deberase producir con anterioridade ao inicio da actividade. En todo caso, resultará de aplicación o disposto no Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 44. *Actividades prohibidas.*

As SXEIC non estarán autorizadas a:

- a) Prestar exclusivamente os servizos mencionados no artigo anterior.
- b) Prestar os servizos accesorios mencionados nas letras b) a d) do punto 1 do artigo anterior se non prestan os servizos mencionados na letra a) dese punto.
- c) Realizar exclusivamente as actividades mencionadas no punto 4 do artigo 42.
- d) Realizar a función de xestión de carteira mencionada no punto 3 do artigo 42 se non realiza tamén a función de xestión de riscos mencionada nese mesmo punto, e viceversa.

Artigo 45. *Solicitud de autorización.*

1. Para exercer a súa actividade, as SXEIC españolas e as SCR ou SICC autoxestionadas españolas deberán obter a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, constituírse mediante escritura pública e inscribirse no Rexistro Mercantil e no correspondente rexistro administrativo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Na solicitude de autorización deberá constar a seguinte información:

- a) Información sobre as persoas que teñan cargos de administración e dirección na sociedade xestora, ou SCR ou SICC autoxestionadas.
- b) Información sobre a identidade dos socios ou membros da sociedade xestora, ou SCR ou SICC autoxestionadas, xa sexan directos ou indirectos, persoas físicas ou xurídicas, que posúan participacións significativas, entendidas no sentido do artigo 69.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e sobre a contía de tales participacións.
- c) O proxecto de estatutos e un programa de actividade en que se expoña a estrutura organizativa da sociedade xestora, ou SCR ou SICC autoxestionadas, con información sobre a forma en que a sociedade ten previsto cumprir coas obrigacións que lle impón esta lei e unha relación de actividades e medios técnicos e humanos.
- d) Información sobre as disposicións adoptadas para a delegación e subdelegación de funcións en terceiros, segundo o previsto no artigo 65.
- e) Información sobre as políticas e prácticas remunerativas establecidas para os altos directivos, os responsables de asumir riscos, os que exerzan funcións de control, así como calquera empregado incluído no mesmo grupo de remuneración que os anteriores, as cales deberán ser acordes cunha xestión racional e eficaz do risco, de forma que non se induza á asunción de riscos incompatibles co perfil de risco das ECR ou EICC que xestionan, consonte o disposto no artigo 60.

2. Para os efectos previstos nesta lei, terán a consideración de altos directivos aquelas persoas que teñen cargos de administración ou dirección na sociedade xestora, os seus administradores ou membros dos seus órganos colexiados de administración, así como os seus directores xerais e asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados deste.

3. As SXEIC españolas e as SCR ou SICC autoxestionadas españolas que soliciten autorización deberán, así mesmo, presentar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información en relación coas ECR e EICC que teñan previsto xestionar:

a) Información sobre as estratexias de investimento, incluídos os tipos de fondos subxacentes e a política da sociedade xestora en relación co uso de apancamento, así como os perfís de risco e outras características das entidades que xestione ou teña previsto xestionar, con información sobre os Estados membros ou terceiros países en cuxo territorio estean establecidos ou estea previsto que se establezan.

b) Información sobre o lugar en que se encontra establecida a entidade principal se a entidade que teña previsto xestionar é unha entidade subordinada.

c) O regulamento ou os documentos constitutivos de cada unha das entidades que teña previsto xestionar a sociedade xestora.

d) Información sobre as disposicións adoptadas para o nomeamento do depositario de conformidade co artigo 50 para cada unha das entidades que teña previsto xestionar a sociedade xestora.

e) Toda información adicional recollida no artigo 68 en relación con cada unha das entidades que xestione ou teña previsto xestionar a sociedade xestora.

f) De ser o caso, o contrato de delegación da xestión das SCR e SICC.

4. Determinarase regulamentariamente cando unha entidade ten a consideración de entidade subordinada.

#### Artigo 46. *Resolución da autorización.*

1. A resolución da autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que en todo caso deberá ser motivada, deberá notificarse dentro dos tres meses seguintes á presentación da solicitude ou ao día en que se complete a documentación exigible.

Poderase prolongar este prazo en tres meses mediante resolución motivada cando se considere necesario debido ás circunstancias específicas do caso e se notifique previamente á SXEIC. Se transcorre ese prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse estimada a solicitude por silencio administrativo, cos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As resolucións ditadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en exercicio da potestade de autorización que lle atribúe este artigo porán fin á vía administrativa.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados, con periodicidade trimestral, das autorizacións concedidas ou revogadas consonte este título.

#### Artigo 47. *Sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo.*

1. As ECR e EICC tamén poderán ser xestionadas por SXIIC conforme a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

2. As SXIIC rexeranse, no relativo á xestión de ECR ou EICC, polas previsións desta lei para as SXEIC.

3. As SXIIC que pretendan xestionar ECR ou EICC deberán presentar na Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte documentación:

a) Solicitude de autorización de modificación dos seus estatutos sociais.

b) Memoria descritiva que conteña a información a que se refire o artigo 45.3 en relación con todas as ECR ou EICC que pretende xestionar e na cal se acredite o cumprimento dos requisitos do artigo 48.

Artigo 48. *Requisitos da autorización.*

As SXEIC deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Contar cun capital social inicial e cuns recursos propios adicionais conforme o seguinte:

1.º O capital social mínimo inicial, integramente desembolsado, será de:

- i) 300.000 euros no caso SICC autoxestionadas.
- ii) 125.000 euros no caso de SXEIC.

2.º Adicionalmente, cando o valor total das carteiras xestionadas exceda os 250 millóns de euros, as sociedades xestoras deberán aumentar os recursos propios. Esta contía adicional de recursos propios equivalerá ao 0,02 por cento do importe en que o valor das carteiras da sociedade xestora exceda os 250 millóns de euros. Non obstante o anterior, a suma exixible do capital inicial e da contía adicional non deberá superar os 10 millóns de euros.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, consideraranse carteiras da sociedade xestora todas as carteiras de entidades amparadas nesta lei xestionadas por ela, mesmo cando se trate de entidades en relación coas cales a sociedade xestora delegase unha ou varias funcións de conformidade co artigo 65. Non obstante, excluírase toda carteira de entidades de investimento que a sociedade xestora xestione por delegación doutra sociedade xestora.

Cando a SXEIC realice algunha das actividades previstas nos artigos 42.4.b) e 43.1, seranlle de aplicación as exixencias de recursos propios en canto a esas actividades previstas na Lei 35/2003, do 4 de novembro.

A contía adicional de recursos propios a que se refiren os parágrafos anteriores poderá ser cuberta ata nun 50 por cento cunha garantía polo mesmo importe dunha entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora.

En ningún caso os recursos propios das SXEIC poderán ser inferiores á cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

Os recursos propios mínimos exixibles de acordo con este punto e co punto 1.º, incluídos os recursos propios adicionais previstos no punto seguinte, investiranse en activos líquidos ou activos facilmente convertibles en efectivo a curto prazo e non incluírán posicións especulativas. O resto dos recursos propios poderá estar investido en calquera activo adecuado para o cumprimento do seu fin social, entre os cales se encontrarán as entidades previstas nesta lei, sempre que o investimento se realice con carácter de permanencia.

Á definición dos recursos propios computables das SXEIC seralle de aplicación o previsto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e na súa normativa de desenvolvemento.

O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán desenvolver, de ser o caso, o réxime de recursos propios e as normas de solvencia das SXEIC. Este réxime poderá ter en conta o volume e risco do patrimonio xestionado. Tamén poderán establecer a forma, a periodicidade e o contido das informacións que deban remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación con esas obrigacións.

3.º Co fin de cubrir os posibles riscos derivados da responsabilidade profesional en relación coas actividades que poidan realizar as SXEIC e as SCR ou SICC autoxestionadas deberán:

i) Ter recursos propios adicionais que sexan adecuados para cubrir os posibles riscos derivados da responsabilidade profesional en caso de negligencia profesional.

Entenderase por recursos propios adicionais adecuados para cubrir os posibles riscos derivados da responsabilidade profesional en caso de negligencia profesional o 0,01 por cento do patrimonio xestionado.

ii) Ou subscribir un seguro de responsabilidade civil profesional para facer fronte á responsabilidade por negligencia profesional que estea en consonancia cos riscos cubertos.

Para estes efectos, as SXEIC deberán axustarse ao previsto no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

b) As accións representativas do capital social poderán representarse mediante títulos nominativos ou mediante anotacións en conta.

c) Deberá contar cunha boa organización administrativa e contable, así como cos medios humanos e técnicos, incluídos mecanismos de seguridade no ámbito informático e procedementos de control interno e de xestión, control de riscos, procedementos e órganos para a prevención do branqueo de capitais e normas de conduta, adecuados ás características e ao volume da súa actividade.

d) Deberá contar cun regulamento interno de conduta así como, entre outras, con normas que rexan as transaccións persoais dos seus empregados ou a tenza ou xestión de investimentos con obxecto de investir por conta propia, co fin de garantir, como mínimo, que cada transacción relacionada cunha ECR ou EICC se poida reconstruír polo que respecta á súa orixe, aos participantes, á súa natureza e ao momento e lugar en que se realizase, e que os activos das ECR ou EICC xestionados pola sociedade xestora se invistan consonte o regulamento ou os estatutos da ECR ou EICC e a normativa legal vixente.

e) O seu consello de administración deberá estar formado por, ao menos, tres membros e os seus conselleiros, así como os seus directores xerais e asimilados, terán unha recoñecida honorabilidade comercial, empresarial ou profesional.

Concorre honorabilidade naqueles que viñesen mostrando unha conduta persoal, comercial e profesional que non suscite dúbidas sobre a súa capacidade para desempeñar unha xestión sa e prudente da entidade. Para valorar a concorrencia de honorabilidade deberá considerarse toda a información dispoñible, de acordo cos parámetros que se determinen regulamentariamente.

f) A maioría dos membros do seu consello de administración, ou das súas comisións executivas, así como todos os conselleiros delegados e os directores xerais e asimilados, deberán contar con coñecementos e experiencia adecuados en materias financeiras ou de xestión empresarial. Presumirase que posúen coñecementos e experiencia adecuados para estes efectos aqueles que desempeñasen durante un prazo non inferior a tres anos funcións de alta administración, dirección, control ou asesoramento de entidades financeiras ou das empresas comprendidas no artigo 7, ou funcións de alta administración e xestión noutras entidades públicas ou privadas.

g) Os socios da sociedade xestora que posúan participacións significativas, entendidas no sentido do artigo 69.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, deberán ser idóneos, tendo en conta a necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da sociedade xestora.

h) A administración central e o domicilio social da sociedade xestora deberán estar situados en España.

#### Artigo 49. *Consulta á autoridade supervisora doutro Estado membro da Unión Europea.*

A autorización dunha SXEIC deberá ser obxecto de consulta previa á autoridade supervisora do correspondente Estado membro da Unión Europea cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a sociedade xestora sexa filial doutra sociedade xestora autorizada conforme a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, ou a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, dunha

empresa de servizos de investimento, entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

b) Que a sociedade xestora sexa filial da empresa matriz doutra sociedade xestora autorizada conforme a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, ou a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, dunha empresa de servizos de investimento, dunha entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

c) Que a sociedade xestora estea baixo o control das mesmas persoas físicas ou xurídicas que outra sociedade xestora autorizada conforme a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, ou a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, empresa de servizos de investimento, entidade de crédito ou entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro.

#### Artigo 50. *Depositario.*

As SXEIC deberán designar un depositario para cada ECR ou EICC que xestionen sempre que os seus activos baixo xestión superen os limiares establecidos no artigo 72.1 ou cando actúen de conformidade co artigo 72.5 ou 72.6.

O depositario designado estará sometido ao réxime xurídico e de responsabilidade previsto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 51. *Potestades específicas de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá outorgar a autorización restrinxindo o seu ámbito e o seu alcance, en particular no que respecta ás estratexias de investimento das entidades de investimento que a sociedade xestora estará autorizada a xestionar.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores denegará a autorización no suposto de que algún dos seguintes factores lle impida exercer efectivamente as súas funcións de supervisión:

a) A existencia de vínculos estreitos entre a sociedade xestora e outras persoas físicas ou xurídicas.

b) As disposicións legais, regulamentarias ou administrativas dun Estado non membro da Unión Europea polas cales se rexan as persoas físicas ou xurídicas coas que a sociedade de investimento manteña vínculos estreitos, ou as dificultades que a aplicación das citadas disposicións poida xerar para o desenvolvemento da función supervisora.

#### Artigo 52. *Modificacións das condicións de autorización.*

1. As SXEIC notificarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa autorización, antes de facela efectiva, toda modificación significativa das condicións de concesión da autorización inicial e, en particular, as modificacións significativas da información facilitada de conformidade co artigo 45.1.

2. A solicitude de autorización das modificacións estatutarias das sociedades xestoras que fosen autorizadas no ámbito desta lei poderán realizala os administradores, de forma condicionada, con anterioridade á aprobación pola xunta xeral de accionistas.

3. Non requirirán autorización previa, aínda que deberán ser comunicadas posteriormente á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa constancia no

registro correspondente, as modificacións dos estatutos sociais desas sociedades xestoras que teñan por obxecto:

- a) Cambio de domicilio dentro do territorio nacional, así como o cambio de denominación.
- b) Incorporación daqueles preceptos legais ou regulamentarios de carácter imperativo ou prohibitivo.
- c) O cumprimento de resolucións xudiciais ou administrativas.
- d) As ampliacións de capital con cargo a reservas e en diñeiro.
- e) Aquelas outras modificacións para as cales a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en contestación a consulta previa ou mediante resolución de carácter xeral, considerase innecesario o trámite de autorización pola súa escasa relevancia.

4. As modificacións que teñan lugar no seo do consello de administración das sociedades xestoras, e os cambios dos seus directores xerais e asimilados, notificaránselle á Comisión Nacional do Mercado de Valores coa forma e co contido que esta determine.

5. A resolución nos supostos indicados neste artigo deberáselles notificar aos interesados no prazo dun mes desde a presentación da solicitude ou desde o momento en que se completase a documentación. Poderase prolongar este prazo un mes cando se considere necesario e se notifique previamente á SXEIC. Se transcorre o prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse estimada a solicitude por silencio administrativo, cos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 53. *Revogación.*

1. A autorización concedida ás SXEIC poderá ser revogada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores nos seguintes supostos:

- a) Por incumprir calquera dos requisitos establecidos para obter a autorización e para exercer a actividade segundo o previsto nesta lei. Non obstante, no caso de que os recursos propios dunha sociedade xestora descendan por debaixo dos límites fixados, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, de maneira excepcional e motivada, conceder un prazo non superior a seis meses para que se corrixa a situación ou cesen as actividades da sociedade xestora.
- b) Por renuncia expresa á autorización, independentemente de que se transforme noutra entidade ou acorde a súa disolución.
- c) Por ter logrado a autorización con base en declaracións falsas ou omisións ou por outro medio irregular.
- d) Cando existan razóns fundadas e acreditadas respecto de que a influencia exercida polas persoas que posúan unha participación significativa nunha SXEIC poida resultar en detrimento da súa xestión sa e prudente, danando gravemente a súa situación financeira.
- e) Se se acorda a apertura dun procedemento concursal respecto á sociedade xestora.
- f) Cando se dea algunha das causas de disolución forzosa previstas no artigo 363 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.
- g) Cando derive dunha sanción imposta segundo o previsto nesta lei.
- h) Cando durante un período superior a un ano non exerza a actividade encomendada no seu obxecto social. No caso das SXEIC, entenderase que isto sucede cando transcorra este período sen xestionar unha ECR ou unha EICC.
- i) O incumprimento grave e sistemático das obrigacións en relación coa xestión dos registros de partícipes ou accionistas.
- j) O incumprimento durante tres meses das obrigacións co Fondo de Garantía de Investimentos previsto no título VI da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- k) Cando o informe de auditoría das contas anuais se emitise con opinión denegada.



l) Cando se infrinxan de maneira grave ou sistemática as disposicións previstas nesta lei ou no resto de normas que regulen o réxime xurídico das SXEIC.

2. O procedemento de revogación iniciarase de oficio ou por instancia de parte e deberá ser resolto dentro dun prazo de seis meses desde o seu inicio. Se ao finalizar ese prazo non se ditase resolución, produciranse os efectos previstos no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A revogación da autorización implicará a exclusión do correspondente rexistro administrativo.

3. Cando unha SXEIC, unha SCR autoxestionada ou unha SICC autoxestionada acorde a súa disolución forzosa por algunha das causas previstas no artigo 363 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, entenderase revogada a autorización. Este acordo deberá ser notificado á Comisión Nacional do Mercado de Valores, a cal procederá a eliminar as inscricións desa sociedade dos rexistros administrativos correspondentes. Entenderase o mesmo cando a entidade renunciase de modo expreso á autorización e seguiranse os mesmos trámites.

4. O procedemento de revogación rexerese polo disposto no artigo 50 da Lei 35/2003, do 4 de novembro de institucións de investimento colectivo.

#### Artigo 54. *Caducidade da autorización.*

1. Producirase a caducidade da autorización cando, dentro dos doce meses seguintes á súa data de notificación, non comezasen as actividades específicas do obxecto social da sociedade xestora por causas imputables a ela.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores declarará expresamente a caducidade de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

#### Artigo 55. *Renuncia á autorización.*

A renuncia expresa á autorización da sociedade xestora, independentemente de que se transforme noutra sociedade xestora ou acorde a súa disolución, deberá ser comunicada á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a aceptará expresamente a menos que existan razóns fundadas para considerar que a cesación de actividade pode ocasionar riscos graves á estabilidade do mercado.

#### Artigo 56. *Suspensión.*

1. A autorización concedida a unha SXEIC, unha SCR autoxestionada ou unha SICC autoxestionada poderá ser suspendida, total ou parcialmente, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores mediante un procedemento de revogación, cando se infrinxan de maneira grave as disposicións previstas nesta lei ou en caso de apertura de expediente sancionador por infracción grave ou moi grave. A suspensión parcial afectará algunhas das actividades ou o alcance con que estas se autorizaron.

2. O procedemento de suspensión rexerese polo disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

#### Artigo 57. *Substitución de xestoras.*

1. As SXEIC poderán solicitar a súa substitución mediante solicitude formulada ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores e de forma conxunta coa nova sociedade xestora en que esta se manifeste disposta a aceptar tales funcións.

2. Os partícipes ou accionistas das ECR ou EICC poderán solicitar, de conformidade cos termos e procedemento recollidos no seu regulamento ou estatutos, a substitución da sociedade xestora á Comisión Nacional do Mercado de Valores sempre que presenten unha substituta que se manifeste disposta a aceptar tales funcións.

3. En caso de declaración de concurso da sociedade xestora, a administración concursal deberá solicitar o cambio conforme o procedemento descrito no punto anterior. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar esa substitución, ben cando

non sexa solicitada pola administración concursal, caso en que se dará inmediata comunicación dela ao xuíz do concurso, ou ben en caso de cesamento de actividade por calquera causa. De non producirse a aceptación da nova xestora no prazo dun mes, os FCR e FICC xestionados entrarán en disolución.

4. Os efectos da substitución produciranse desde o momento da inscrición da modificación regulamentaria ou estatutaria na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 58. *Rexistro.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores manterá os seguintes rexistros públicos:

- a) Rexistro de sociedades xestoras de entidades de investimento de tipo cerrado.
- b) Rexistro de sociedades de capital risco.
- c) Rexistro de fondos de capital risco.
- d) Rexistro de sociedades de investimento colectivo de tipo cerrado.
- e) Rexistro de fondos de investimento colectivo de tipo cerrado.
- f) Rexistro de fondos de capital risco-peme.
- g) Rexistro de sociedades de capital risco-peme.
- h) Rexistro de folletos e informes anuais.
- i) Rexistro de fondos de capital risco europeos.
- j) Rexistro de fondos de emprendemento social europeos.
- k) Rexistro de entidades que realizan a función de valoración.
- l) Rexistro de sociedades xestoras estranxeiras que operen en España.
- m) Rexistro de entidades estranxeiras que comercialicen en España.
- n) Rexistro de feitos relevantes.

2. As denominacións incluídas no punto 1 e as súas abreviaturas quedarán reservadas ás entidades autorizadas ou inscritas ao abeiro desta lei.

## CAPÍTULO II

### Condicións de exercicio da actividade

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Requisitos operativos e de organización*

Artigo 59. *Principios xerais.*

1. As SXEIC estarán sometidas no exercicio da súa actividade aos seguintes principios:

- a) Actuarán en interese dos partícipes ou accionistas e da integridade de mercado nos investimentos e patrimonios que xestionen, axustándose ás disposicións desta lei e da normativa europea.
- b) Operarán, no exercicio da súa actividade, honestamente, coa competencia, o esmero e a dilixencia debidos, e con lealdade.
- c) Deberán posuír e utilizar con eficacia os recursos e procedementos necesarios para levar a bo termo a súa actividade empresarial.
- d) Tomarán todas as medidas que razoablemente caiba esperar para evitar conflitos de intereses e, cando non poidan ser evitados, para detectar, xestionar e controlar e, se procede, revelar, tales conflitos de intereses co fin de evitar que prexudiquen os intereses das entidades de investimento e dos seus investidores e asegurar que as entidades de investimento que xestionen reciban un trato equitativo.
- e) Tratarán de forma equitativa a todos os investidores das entidades de investimento que xestionen. Ningún investidor nunha entidade de investimento poderá recibir un trato preferente, salvo que así se estableza nos regulamentos ou nos documentos constitutivos da entidade de investimento de que se trate.

2. Para estes efectos as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

3. En todo caso, as SXEIC serán responsables fronte aos partícipes ou accionistas de todos os prexuízos que lles causaren polo incumprimento das obrigacións a que estivesen sometidas conforme esta lei e os regulamentos ou estatutos das ECR ou EICC que xestionen.

Artigo 60. *Políticas e procedementos relacionados co sistema retributivo e de fixación de incentivos.*

1. As SXEIC establecerán, para as categorías de empregados, incluídos os altos directivos, os responsables de asumir riscos e os que exercen funcións de control, así como calquera empregado que perciba unha remuneración total que o inclúa no mesmo grupo de remuneración que os altos directivos e os responsables de asumir riscos, cuxas actividades profesionais teñan unha incidencia significativa no perfil de risco das entidades de investimento que xestionan, unhas políticas e procedementos remunerativos:

- a) que sexan acordos cunha xestión racional e eficaz dos riscos, e
- b) que eviten a toma de riscos que non se axusten aos perfís de risco, ou ao regulamento ou aos documentos constitutivos das entidades de investimento que xestionan.

2. Ás SXEIC seralles de aplicación o previsto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e na súa normativa de desenvolvemento, en relación cos requirimentos que deban cumprir respecto das políticas e prácticas remunerativas.

Artigo 61. *Conflitos de interese.*

1. As SXEIC deberán dispor e aplicar procedementos administrativos e de organización eficaces para detectar, impedir, xestionar e controlar os conflitos de intereses que se poidan dar co fin de evitar que prexudiquen os intereses das ECR ou EICC e dos seus partícipes ou accionistas.

2. En particular, adoptarán as medidas razoables para detectar os conflitos de interese que poidan xurdir no transcurso das actividades de xestión:

- a) Entre a sociedade xestora, incluídos os seus directivos, empregados ou calquera persoa vinculada directa ou indirectamente a ela por unha relación de control, nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio, e as entidades de investimento por eles xestionadas, ou os seus partícipes ou accionistas.
- b) Entre unha entidade de investimento xestionada pola sociedade xestora ou os seus partícipes ou accionistas e outra entidade de investimento xestionada por ela mesma ou os seus partícipes ou accionistas.
- c) Entre unha entidade de investimento xestionada pola sociedade xestora ou os seus partícipes ou accionistas e outros clientes da sociedade xestora.
- d) Entre dous clientes da sociedade xestora.

3. A SXEIC separará, no seu propio ámbito operativo, as tarefas e responsabilidades que se poidan considerar incompatibles entre si ou que sexan susceptibles de xerar conflitos de intereses sistemáticos, e avaliará se as condicións en que exerce a súa actividade poden supor calquera outro conflito significativo de intereses e comunicarllelos aos partícipes ou accionistas das entidades que xestione.

4. No caso de que as medidas organizativas adoptadas para detectar, impedir, xestionar e controlar os conflitos de intereses non garantan de forma suficiente e con razoable certeza a prevención dos riscos en prexuízo dos partícipes ou accionistas afectados de tales conflitos, a sociedade xestora deberá, antes de actuar por conta daqueles, revelarlles claramente a natureza ou a orixe dos conflitos de intereses e

desenvolver políticas e procedementos adecuados para evitar estes conflitos, así como os riscos de prexuízo.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

Artigo 62. *Xestión do risco.*

1. As SXEIC separarán funcional e xerarquicamente as funcións de xestión do risco das unidades operativas, incluída a de xestión de carteiras.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, no exercicio das facultades de supervisión e inspección que lle atribúe esta lei e o resto do ordenamento xurídico, controlará a separación funcional e xerárquica das funcións de xestión do risco. Este control realizarase de conformidade co principio de proporcionalidade e verificará en especial que as garantías específicas contra os conflitos de intereses permiten desempeñar de modo independente as actividades de xestión do risco e que o proceso de xestión do risco resulta coherente e eficaz.

3. As SXEIC instaurarán sistemas de xestión do risco apropiados co fin de determinar, medir, xestionar e controlar adecuadamente todos os riscos pertinentes da estratexia de investimento de cada ECR ou EICC e aos que estea ou poida estar exposta cada entidade de investimento.

En particular, a SXEIC, ao avaliar a solvencia dos activos dos ECR ou EICC, non dependerá de maneira exclusiva nin automática das cualificacións crediticias emitidas polas axencias de cualificación crediticia definidas no artigo 3, punto 1, letra b) do Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre as axencias de cualificación crediticia.

4. As SXEIC deberán, ao menos:

a) implementar un proceso de dilixencia debida para a análise e avaliación dos investimentos adecuado, documentado e actualizado consonte a estratexia de investimento, os obxectivos e o perfil de risco da ECR ou EICC;

b) garantir que se poidan determinar, medir, xestionar e controlar correcta e permanentemente os riscos asociados a cada posición de investimento da ECR ou EICC e o seu efecto global na carteira da ECR ou EICC, en particular aplicando probas apropiadas de resistencia a situacións límite ou simulacións de casos extremos e

c) garantir que o perfil de risco da ECR ou EICC se corresponda coas súas dimensións, coa estrutura da súa carteira e coas súas estratexias e obxectivos de investimento, tal como se establezan no regulamento ou nos documentos constitutivos da ECR ou EICC e nos folletos.

5. As SXEIC establecerán un nivel máximo de apancamento a que poderán recorrer por conta de cada ECR ou EICC que xestionen, así como o alcance do dereito de reutilización de colaterais ou garantías, tendo en conta en particular:

- a) O tipo de ECR ou EICC,
- b) a estratexia de investimento da ECR ou EICC,
- c) as fontes de apancamento da ECR ou EICC,
- d) as relacións relevantes con entidades financeiras que poidan supor un risco sistémico,
- e) a necesidade de limitar a exposición a calquera contraparte,
- f) a medida en que o apancamento está cuberto,
- g) a proporción de activos e pasivos e
- h) a escala, a índole e a importancia da actividade da sociedade xestora no mercado en cuestión.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

6. As SXEIC revisarán os sistemas de xestión do risco cunha frecuencia suficiente, e como mínimo unha vez ao ano, e adaptaranos cando sexa necesario.

#### Artigo 63. *Xestión da liquidez.*

1. Respecto de cada ECR ou EICC que xestionen, con exclusión dos fondos non apacados, a SXEIC establecerá un sistema adecuado de xestión da liquidez e adoptará procedementos que lle permitan controlar o risco de liquidez da ECR ou EICC, co obxecto de garantir que pode cumprir coas súas obrigacións presentes e futuras en relación co apacamento en que puidese incorrer.

2. As SXEIC efectuarán periodicamente probas apropiadas de resistencia a situacións límite ou simulacións de casos extremos, tanto en condicións de liquidez normais como excepcionais, que lles permitan avaliar o risco de liquidez da ECR ou EICC, en consonancia co previsto no punto anterior.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

#### Artigo 64. *Valoración.*

1. As SXEIC aseguraranse de que, para cada ECR ou EICC que xestionen, se establezan procedementos adecuados e coherentes que permitan valorar correcta e independentemente os activos da ECR ou EICC de conformidade con este artigo, coa lexislación aplicable e cos regulamentos ou cos estatutos da ECR ou EICC.

2. As normas aplicables á valoración dos activos e ao cálculo do valor liquidativo das accións ou participacións da ECR ou EICC serán as previstas no regulamento ou nos estatutos da ECR ou EICC, e conforme os criterios que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Os procedementos de valoración utilizados garantirán que os activos se valoren e que o valor liquidativo se calcule como mínimo cunha frecuencia anual, así como sempre que se produza un aumento ou redución do capital da ECR ou EICC. Os investidores serán informados das valoracións e dos cálculos na forma establecida no regulamento ou nos estatutos da ECR ou EICC en cuestión.

4. As SXEIC garantirán que a función de valoración a realice:

a) Un valorador externo, que deberá ser independente da ECR ou EICC, da sociedade xestora e de calquera outra persoa que manteña vínculos estreitos coa ECR, EICC ou a SXEIC, ou

b) a propia sociedade xestora, coa condición de que a función de valoración sexa funcionalmente independente da de xestión de carteira e que a política de remuneración e outras medidas garantan que se eviten os conflitos de interese e se impida a influencia indebida nos empregados.

O depositario nomeado para unha ECR ou EICC non poderá ser nomeado como valorador externo da dita ECR ou EICC, salvo que separase funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións como depositario das súas funcións como valorador externo e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados e comunicados aos investidores ou partícipes das ECR ou EICC.

5. Cando un valorador externo estea desempeñando a función de valoración, a SXEIC deberá poder demostrar que:

a) o valorador externo está suxeito á obrigaición de inscribirse nun rexistro profesional recoñecido pola lei ou por normas ou disposicións legais ou regulamentarias en materia de conduta profesional,

b) o valorador externo pode achegar garantías profesionais suficientes da súa capacidade para realizar eficazmente a función de valoración correspondente, de conformidade cos puntos 1, 2 e 3 deste artigo, e

c) o nomeamento dun valorador externo cumpre os requisitos do punto 1.a), b), e) e f), o punto 2 e o punto 3.b) do artigo 65.

6. O valorador externo nomeado non poderá delegar a súa función de valoración nun terceiro.

7. As SXEIC deberán notificar o nomeamento do valorador externo á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que poderá exixir que se designe outro valorador se non se cumpren ou se deixaron de cumprir as condicións establecidas no punto 5.

8. A valoración desempeñarase de forma imparcial e coa competencia, atención e dilixencia debidas.

9. Cando a función de valoración non sexa desempeñada por un valorador externo independente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir á xestora que os seus procedementos de valoración e as súas valoracións sexan verificados por un valorador externo ou, de ser o caso, por un auditor.

10. As SXEIC serán responsables da adecuada valoración dos activos da ECR ou EICC, do cálculo do valor liquidativo e da súa publicación. Por conseguinte, a responsabilidade da sociedade xestora ante a ECR ou EICC e os seus investidores non se verá afectada en ningún caso polo feito de que a sociedade xestora nomease un valorador externo.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o valorador externo responderá ante a sociedade xestora das perdas que sufra esta última como consecuencia da negligencia ou do incumprimento doloso das súas funcións.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

### *Sección 2.ª Delegación das funcións da SXEIC*

#### *Artigo 65. Delegación de funcións.*

1. As SXEIC poderán delegar en terceiras entidades o exercicio no seu nome dunha ou varias das súas funcións, e deberán satisfacer as seguintes condicións:

a) Deberán xustificar toda a estrutura organizativa de delegación en razóns obxectivas, entre as cales se encontra o aumento concreto da eficacia no exercicio da súa actividade.

b) O delegado deberá dispoñer de recursos suficientes e contar con medios humanos e materiais apropiados para desempeñar as funcións respectivas, así como cumprir as normas de conduta e control. As persoas que desempeñen cargos de administración e dirección deberán gozar da honorabilidade e experiencia suficientes.

c) Se a delegación se refire á xestión de carteiras ou á xestión do risco, só se lles poderá outorgar a entidades autorizadas ou rexistradas para xestionar activos e que estean suxeitas a supervisión prudencial. Cando non sexa posible cumprir esta condición, será necesaria a autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

As SXEIC poderán delegar as súas funcións de xestión de carteiras ou de xestión de riscos noutras SXEIC, en SXIIC reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, en entidades habilitadas para prestar o servizo de investimento previsto no artigo 63.1.d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, ou en entidades similares.

d) Cando esta delegación se lle outorgue a unha entidade que estea domiciliada nun Estado non membro da Unión Europea, deberase garantir a cooperación, a través dun acordo escrito, entre as autoridades competentes do país de orixe da xestora e as autoridades de supervisión da entidade a que se delegase a xestión.

e) A delegación non impedirá levar a cabo unha supervisión efectiva da SXEIC nin deberá impedir que a sociedade xestora actúe, ou que as ECR ou EICC sexan xestionadas, en interese dos seus investidores.

f) A SXEIC deberá poder demostrar que o delegado está cualificado e capacitado para levar a cabo as funcións de que se trate, que foi seleccionado con toda a dilixencia

devida e que a propia sociedade xestora está en condicións de controlar de forma efectiva en todo momento a actividade delegada, de dar en todo momento novas instrucións ao delegado e de revogar a delegación con efecto inmediato cando iso redunde en interese dos investidores.

A SXEIC someterá os servizos prestados por cada un dos delegados a unha avaliación permanente.

2. A SXEIC informará a Comisión Nacional do Mercado de Valores dos acordos de delegación antes de que produzan efecto.

3. Non se poderán delegar as funcións de xestión de carteiras nin a xestión do risco:

a) No depositario nin nunha entidade en que este delegase algunha das súas funcións.

b) Nunha entidade cuxos intereses poidan entrar en conflito cos da SXEIC ou cos dos investidores da ECR ou EICC, a menos que esa entidade separase funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións de xestión de investimentos ou de xestión de riscos doutras funcións potencialmente conflitivas, e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados e comunicados aos investidores da ECR ou EICC.

4. A responsabilidade da sociedade xestora ante a ECR ou a EICC e os seus investidores non se verá, en ningún caso, afectada polo feito de que delegue funcións en terceiros nin por unha nova subdelegación. Tampouco poderá a sociedade xestora delegar as súas funcións ata o extremo de se converter nunha entidade instrumental ou baleira de contido e que, polo tanto, en esencia, non poida ser considerada xestora da ECR ou EICC.

#### Artigo 66. *Subdelegación de funcións.*

1. A terceira entidade en que se delegasen funcións conforme o artigo anterior poderá, pola súa vez, subdelegar calquera das funcións que se delegasen nela sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

- a) que a SXEIC dese o seu consentimento antes de proceder á subdelegación,
- b) que a SXEIC informase a Comisión Nacional do Mercado de Valores antes de que teñan efecto os acordos de subdelegación e
- c) que cumpra as condicións previstas no artigo 65.1.b), entendéndose que todas as referencias ao «delegado» se interpretarán como feitas ao «subdelegado».

2. Non se poderá subdelegar a xestión de carteiras nin a xestión do risco:

- a) No depositario nin nun delegado deste.
- b) Nunha entidade cuxos intereses poidan entrar en conflito cos intereses da SXEIC ou cos dos investidores da ECR ou EICC, a menos que esa entidade separase funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións de xestión de carteira ou de xestión de riscos doutras funcións potencialmente conflitivas, e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados e comunicados aos investidores da ECR e a EICC.

O delegado en cuestión someterá os servizos prestados por cada un dos subdelegados a unha avaliación permanente.

3. En caso de que o subdelegado delegue pola súa vez algunha das funcións que lle fosen delegadas a el, aplicaranse, coas adaptacións que sexan precisas, as condicións previstas no punto 1.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer outros requisitos que deban satisfacer a delegación e subdelegación de funcións. En todo caso, deberá garantirse a continuidade na administración dos activos de modo que aqueles contratos

non queden resoltos pola mera substitución das SXEIC, salvo que ao acordar tal substitución se decida tamén a da entidade que xestiona os activos da entidade.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

### *Sección 3.ª Requisitos de transparencia*

#### *Artigo 67. Obrigações de información, de auditoría e contables.*

1. As SXEIC deberán publicar, por cada unha das ECR ou EICC que xestionen e para a súa difusión entre os partícipes e accionistas, un informe anual e un folleto informativo, conforme as seguintes especificacións:

a) O folleto informativo deberá editalo a entidade con carácter previo á súa inscrición no rexistro administrativo.

b) O informe anual estará integrado polas contas anuais, polo informe de xestión, polo informe de auditoría, todo cambio material na información proporcionada aos partícipes ou accionistas que se producise durante o exercicio obxecto do informe e pola información sobre remuneracións a que se refire o punto 5. O exercicio social axustarase ao ano natural.

2. O informe anual deberá ser remitido á Comisión Nacional do Mercado de Valores para o exercicio das súas funcións de rexistro e deberá ser posto á disposición dos partícipes e accionistas no domicilio social da sociedade xestora dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio.

3. Os administradores das SCR ou SICC estarán obrigados a formular, dentro dos cinco primeiros meses de cada exercicio, as contas anuais, a proposta de distribución de resultados e o informe de xestión. No caso dos FCR ou FICC, os administradores da súa sociedade xestora estarán obrigados a aprobar, dentro do mesmo prazo, as contas anuais, a proposta de distribución de resultados e o informe de xestión do fondo.

4. Os documentos contables referidos no punto anterior deberán someterse a auditoría conforme o establecido na normativa sobre auditoría de contas.

5. A información sobre a política de remuneración da xestora deberá figurar no informe anual e comprenderá o seguinte:

a) A contía total da remuneración aboada pola sociedade xestora ao seu persoal, desagregada en remuneración fixa e variable, o número de beneficiarios e, cando proceda, as remuneracións que se baseen nunha participación nos beneficios da ECR ou EICC obtida pola SXEIC como compensación pola xestión e excluída toda participación nos beneficios da ECR ou EICC obtida como rendemento do capital investido pola SXEIC na ECR.

b) O importe agregado da remuneración, desagregado entre altos cargos e empregados da sociedade xestora cuxa actuación teña unha incidencia material no perfil de risco da ECR ou EICC.

6. Os auditores de contas serán designados polas xuntas xerais das SCR ou das SICC ou polos administradores das sociedades xestoras dos FCR ou FICC. A designación deberase realizar no prazo de seis meses desde o momento de constitución da ECR ou EICC e, en todo caso, antes do 31 de decembro do primeiro exercicio económico que teña que ser examinado, e recaerá nalgunha das persoas ou entidades a que se refire o artigo 7 do texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo.

O informe de auditoría e as contas anuais auditadas das ECR ou EICC terán carácter público.

7. Os partícipes e socios dunha ECR ou EICC teñen dereito a solicitar e obter información completa, veraz, precisa e permanente sobre a entidade, o valor das accións ou participacións, así como a posición do accionista ou partícipe na entidade.



8. As SXEIC deberán someter a informe de auditoría os seus documentos contables conforme o establecido na normativa sobre auditoría de contas.

Así mesmo, deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores o citado informe dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio.

9. Sempre que resulte necesario para o control efectivo do risco sistémico, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir información adicional á indicada no presente artigo, xa sexa de forma periódica ou extraordinaria.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

*Artigo 68. Obrigações de información aos investidores sobre cada entidade de investimento con carácter previo ao investimento.*

1. As SXEIC, para cada unha das ECR ou EICC que administren, deberán pór á disposición dos investidores, con carácter previo ao seu investimento, un folleto que conterá os estatutos ou regulamentos das ECR ou EICC, segundo proceda, e que incluírá como mínimo a seguinte información:

a) A descrición da estratexia e a política de investimento das ECR ou EICC que xestionen; información acerca do lugar de establecemento da entidade e do lugar de establecemento dos subxacentes, en caso de que a ECR invista noutras entidades; unha descrición dos tipos de activos en que a ECR ou EICC pode investir, as técnicas que pode empregar e todos os riscos asociados; así como das restricións de investimento que, de ser o caso, se apliquen; as circunstancias en que a ECR ou EICC poderá recorrer ao apancamento, os tipos e fontes de apancamento permitidos e os riscos conexos; as restricións que, de ser o caso, se apliquen ao recurso ao apancamento e aos acordos colaterais e de reutilización de activos, así como do nivel máximo de apancamento a que a SXEIC poderá recorrer por conta da ECR ou EICC.

b) A descrición dos procedementos polos cales poderá modificar a súa estratexia ou a súa política de investimento, ou ambas.

c) A descrición dos principais efectos xurídicos da relación contractual suscrita con fins de investimento, con información sobre a competencia xudicial, a lexislación aplicable e a posible existencia de instrumentos xurídicos que establezan o recoñecemento e a execución das sentenzas no territorio en que a ECR ou SICC estea establecida.

d) A identidade, de ser o caso, do depositario da SXEIC, do seu auditor e de calquera outro provedor de servizos, e unha descrición das súas obrigacións e dos dereitos dos investidores.

e) A descrición da forma en que a SXEIC cobre os posibles riscos derivados da responsabilidade profesional.

f) A descrición das funcións de xestión que se delegasen por parte da sociedade xestora e das funcións de custodia delegadas polo depositario, a identidade dos delegatarios e calquera conflito de interese a que poidan dar lugar tales delegacións.

g) A descrición do procedemento de valoración da ECR e da metodoloxía de determinación de prezos para a valoración dos activos, incluídos os métodos utilizados para valorar activos de difícil valoración consonte o artigo 64.

h) A descrición da xestión do risco de liquidez da ECR ou EICC, incluídos os dereitos de reembolso en circunstancias normais e excepcionais, así como os acordos de reembolso existentes cos investidores.

i) A descrición de todas as comisións, cargas e gastos con que corren directa ou indirectamente os investidores, con indicación do seu importe máximo.

j) A descrición do modo en que a sociedade xestora garante un trato equitativo dos investidores e, no suposto de que algún investidor reciba un trato preferente ou obteña o dereito a recibir ese trato, unha descrición do trato preferente, do tipo de investidores que obteñen tal trato preferente e, cando proceda, da súa relación xurídica ou económica coa sociedade xestora ou coas ECR xestionadas.

k) O procedemento e as condicións de emisión e de venda de participacións.

- l) A rendibilidade histórica das ECR e EICC, se tal información está dispoñible.
- m) Se existe, a identidade dos intermediarios financeiros que proporcionen financiamento e outros servizos, entendido isto como aquela entidade de crédito, empresa de investimento regulada ou outra entidade calquera suxeita a regulación prudencial e a supervisión permanente que ofrezca servizos aos investidores profesionais principalmente para financiar ou executar operacións en instrumentos financeiros como contraparte e que pode tamén proporcionar outros servizos tales como a compensación e liquidación de operacións, servizos de custodia, préstamo de valores, tecnoloxía á medida e medios de apoio operativo.
- n) Unha descrición, de ser o caso, dos acordos cos intermediarios financeiros que proporcionen financiamento e outros servizos e o modo en que se xestionan os conflitos de intereses ao respecto, o previsto no contrato co depositario relativo á posibilidade de transferir e reutilizar os activos, así como información sobre toda cesión de responsabilidade a este intermediario financeiro que poida existir.
- ñ) A descrición do modo e o momento da divulgación da información prevista nos puntos 1 e 3 do artigo 69.

2. As actualizacións do folleto deberán remitirse á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Así mesmo, deberán pór á disposición dos investidores, con carácter previo ao seu investimento, o último informe anual de conformidade co artigo 67.1.b), o valor liquidativo das ECR ou EICC segundo o cálculo máis recente ou o prezo de mercado máis recente dunha participación nas ECR ou EICC, consonte o artigo 64, e o acordo de delegación de xestión a que se refire o artigo 29.

#### Artigo 69. *Obrigacións de información periódica aos investidores.*

1. As SXEIC informarán periodicamente os investidores, coa frecuencia establecida nos seus regulamentos ou estatutos e, en todo caso, como mínimo no informe anual sobre:

- a) a porcentaxe dos activos da ECR ou EICC que é obxecto de medidas especiais motivadas pola súa iliquidez, e
- b) o perfil de risco efectivo da ECR ou EICC e os sistemas de xestión de riscos utilizados pola xestora para xestionar tales riscos.

2. Adicionalmente, comunicarán aos investidores, de maneira inmediata, calquera nova medida para xestionar a liquidez da ECR ou EICC, así como o cambio no límite máximo de apancamento e nos dereitos de reutilización do colateral.

3. As SXEIC que xestionen ECR ou EICC que recorran ao apancamento informarán periodicamente os investidores, coa frecuencia establecida nos seus regulamentos ou estatutos e, en todo caso, como mínimo no informe anual:

- a) dos cambios en canto ao nivel máximo de apancamento a que a sociedade xestora podería recorrer por conta da ECR ou EICC, así como todo dereito de reutilización de colaterais ou garantías, e
- b) do importe total do apancamento empregado pola ECR ou EICC.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

#### Artigo 70. *Obrigacións de información periódica á Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. As SXEIC deberán facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores canta información se lles requira e, en particular, sobre os principais mercados e instrumentos nos cales negocien por conta das ECR ou EICC que xestionen, sobre os principais instrumentos nos cales estean negociando, sobre os mercados dos cales sexan membros

ou nos cales negocien activamente, e sobre as principais exposicións e as concentracións máis importantes de cada unha das ECR ou EICC que xestionen. Esta información facilitarase coa frecuencia, alcance e contido que estableza o ministro de Economía e Competitividade ou, coa habilitación expresa deste, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. As SXEIC deberán facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores por cada ECR ou EICC que xestionen toda a información relativa:

- a) Á porcentaxe dos activos da entidade que é obxecto de medidas especiais motivadas pola súa iliquidez.
- b) A calquera nova medida para xestionar a liquidez da entidade.
- c) Ao perfil de risco efectivo da entidade e os sistemas de xestión de riscos utilizados pola sociedade xestora para xestionar o risco de mercado, o risco de liquidez, o risco de contrapartida e outros riscos, incluído o risco operativo.
- d) Ás principais categorías de activos en que investise a entidade.
- e) Aos resultados das probas de resistencia a situacións límite efectuadas de conformidade co artigo 62.4.b) e co artigo 63.2.

Esta información facilitarase coa frecuencia, alcance e contido que estableza o ministro de Economía e Competitividade ou, coa habilitación expresa deste, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. As SXEIC facilitarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando esta así o requira, a seguinte documentación:

- a) un informe anual de cada entidade de investimento da Unión Europea xestionada e de cada entidade de investimento comercializada na Unión Europea pola SXEIC, correspondente a cada exercicio, consonte o disposto no artigo 67.1.b), e
- b) antes de finalizar cada trimestre natural, unha lista detallada de todas as entidades de investimento xestionadas pola sociedade xestora.

4. As SXEIC que xestionen unha ou varias ECR ou EICC que recorran de forma substancial ao apancamento facilitarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores información sobre o nivel global de apancamento de cada entidade de investimento que xestionen, detallando a parte do apancamento que deriva da toma en préstamo de efectivo ou valores e a que estea implícita nos derivados financeiros, así como información sobre a medida en que os activos da entidade de investimento foron reutilizados.

Esta información incluírá a identidade das cinco maiores fontes de préstamo de efectivo ou valores de cada unha das entidades de investimento xestionados pola sociedade xestora, e o apancamento obtido de cada unha delas.

5. Consideraranse feitos especificamente relevantes para as ECR ou EICC os que afecten ou poidan afectar significativamente a consideración do valor das accións ou participacións e, en particular, toda circunstancia de carácter continxente que afecte ou poida influír significativamente na evolución dos negocios das entidades participadas, na súa rendibilidade e na súa situación financeira, sempre que o investimento na entidade afectada represente ao menos un 5 por cento do activo da entidade de capital risco.

Para estes efectos, as SXEIC deberán ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

#### Artigo 71. *Obrigacións de información derivadas da adquisición de participacións significativas e do control de sociedades.*

1. As SXEIC deberán notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo máximo de 10 días hábiles, a porcentaxe de dereitos de voto resultante nos casos en que unha ECR ou EICC baixo a súa xestión adquira ou transmita directa ou indirectamente accións ou participacións dunha sociedade non cotizada, xa sexa de forma individual ou conxuntamente con base nun acordo con outras ECR ou EICC ou coas súas sociedades xestoras e, como resultado deses negocios xurídicos, a proporción

de dereitos de voto que quede no seu poder alcance ou supere os limiares do 10, 20, 30, 50 ou 75 por cento ou se reduza por debaixo de tales limiares.

2. Cando unha ECR ou EICC baixo a súa xestión adquira directa ou indirectamente accións ou participacións dunha sociedade non cotizada, xa sexa de forma individual ou conxuntamente con base nun acordo con outras ECR ou EICC ou coas súas sociedades xestoras, e como resultado desa adquisición pase a posuír máis do 50 por cento dos dereitos de voto da sociedade non cotizada, a SXEIC deberá cumprir as seguintes obrigacións:

a) Deberá notificar esta circunstancia á Comisión Nacional do Mercado de Valores, á sociedade non cotizada, así como a aqueles dos seus socios cuxas identidades e enderezos coñeza ou poida coñecer a través da sociedade adquirida ou dun rexistro. A notificación deberá realizarse no prazo máximo de 10 días hábiles e deberá conter a seguinte información:

- 1.º A situación resultante, en termos de dereitos de voto,
- 2.º as condicións nas cales se adquiriu o control, xunto coa indicación da identidade dos distintos socios afectados, de calquera persoa física ou xurídica con capacidade para exercer o dereito de voto no seu nome e, se procede, a cadea de sociedades por medio das cales se exercen efectivamente os dereitos de voto, e
- 3.º a data en que se adquise o control.

b) Deberá pór á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, da sociedade non cotizada, así como daqueles dos seus socios cuxas identidades e enderezos coñeza ou poida coñecer a través da sociedade ou dun rexistro, a seguinte información:

- 1.º A identidade da SXEIC que, individualmente ou mediante acordo con outras, xestiona a entidade de investimento que adquirise o control,
- 2.º a política de prevención e xestión dos conflitos de intereses, en particular, entre a SXEIC, a entidade de investimento e a sociedade non cotizada, incluída a información sobre as salvagardas específicas establecidas para garantir que todo acordo entre a SXEIC, a ECR ou EICC e a sociedade non cotizada se realizase en condicións de independencia mutua e
- 3.º a política de comunicación externa e interna relativa á sociedade non cotizada, en particular no que respecta aos traballadores.

c) Deberá facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos accionistas ou partícipes da ECR ou EICC a información sobre o financiamento da adquisición.

d) Deberá garantir que a ECR ou EICC, ou ela mesma cando actúe por conta destas, informe a sociedade non cotizada e os seus socios sobre as súas intencións con respecto ás actividades futuras da sociedade non cotizada e as repercusións sobre o emprego, incluído todo cambio significativo nas condicións de emprego.

e) Deberá incluír no informe anual da ECR ou EICC que adquira o control a seguinte información relativa á sociedade non cotizada:

- 1.º unha descrición dos acontecementos importantes para a sociedade ocorridos despois do peche do exercicio e da súa evolución previsible,
- 2.º unha exposición fiel sobre a evolución dos negocios da sociedade en que se reflicta a situación ao final do exercicio obxecto do informe,
- 3.º a evolución previsible da sociedade, e
- 4.º no suposto de que se adquirisen accións propias, a información a que se refire o artigo 148.d) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

3. No suposto do punto anterior, a SXEIC, na súa notificación á sociedade non cotizada, solicitará ao consello de administración daquela que informe os representantes

legais dos traballadores acerca da adquisición do control por parte da ECR ou EICC e que poña á súa disposición a información prevista nas letras a), b), d) e e) dese punto.

4. No suposto previsto no punto 2, a SXEIC deberá cumprir as seguintes limitacións relativas á sociedade non cotizada durante un prazo de 24 meses desde a adquisición do control por parte da ECR ou EICC:

a) Non poderá adoptar operacións de redución de capital, coa excepción daquelas reducións de capital social suscrito que teñan por obxecto compensar perdas ou incrementar as reservas indispoñibles, sempre que, tras esa operación, o importe da reserva incrementada non sexa superior ao 10 por cento do capital suscrito unha vez reducido.

b) Non poderá acordar a distribución de dividendos se se dá calquera das seguintes condicións:

1.º Cando no momento do peche do último exercicio, o importe do patrimonio neto sexa ou pase a ser como consecuencia dunha distribución de resultados inferior ao capital suscrito sumado ás reservas legal e estatutariamente indispoñibles. Para estes efectos, cando o capital suscrito non desembolsado non se contabilizase no activo do balance, o seu importe deberá ser deducido do capital suscrito.

2.º Cando a distribución de dividendos exceda o importe dos resultados do último exercicio cerrado, máis os beneficios non distribuídos e os gastos imputados ás reservas de libre disposición para este fin, menos as perdas acumuladas e as dotacións con cargo ás reservas legal e estatutariamente indispoñibles.

c) Non poderá acordar a adquisición nin a amortización de accións ou participacións propias mediante reembolso aos socios cando a adquisición sitúe o importe do patrimonio neto por debaixo do importe previsto no ordinal 1.º da letra b) anterior. Para estes efectos, computaranse tamén as accións ou participacións adquiridas con anterioridade pola sociedade non cotizada e as adquiridas por unha persoa que actúe en nome propio pero por conta daqueles. En caso de ser posible a adquisición de accións ou participacións propias, esta deberase axustar ao previsto nos artigos 140.1 e 144.b), c) e d) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

5. A sociedade xestora da ECR ou EICC adquirente adoptará todas as medidas necesarias para evitar que a sociedade non cotizada realice as operacións a que se refire o punto anterior e, en caso de que estea representada no seu consello de administración, exercerá o seu dereito de voto na forma necesaria para impedilas.

6. A obrigaçión de información prevista no punto 2.b) e as prohibicións e obrigaçións recollidas nos puntos 4 e 5 serán tamén de aplicación cando unha ECR ou EICC adquira o control dun emisor cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, xa sexa de forma individual ou conxuntamente con base nun acordo con outras ECR ou EICC ou coas súas sociedades xestoras. Para estes efectos, a adquisición do control determinarase de conformidade coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

A SXEIC solicitará ao órgano de administración do emisor que transmita aos representantes legais dos traballadores a información prevista no punto 2.b).

7. Para efectos do cálculo das porcentaxes de dereitos de voto establecidas nos puntos anteriores, computaranse tamén todas as accións ou participacións que confiran dereitos de voto, incluso cando o seu exercicio estea suspendido, así como aqueles outros valores e instrumentos financeiros que confiran dereito a adquirir accións que atribúan pola súa vez dereitos de voto.

8. As obrigaçións e limitacións previstas neste artigo non serán de aplicación cando as sociedades non cotizadas ou emisores sexan:

a) entidades que teñan a consideración de pequenas e medianas empresas consonte o artigo 2, punto 1, do anexo da Recomendación 2003/361/CE da Comisión,

do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas e pequenas e medianas empresas, ou

b) entidades de finalidade especial creadas para a adquisición, tenza ou administración de bens inmoables.

### CAPÍTULO III

#### **Condicións de acceso e de exercicio da actividade de xestión de entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado baixo supostos especiais**

*Artigo 72. Condicións de acceso e de exercicio da actividade das SXEIC que xestionen ECR ou EICC por debaixo de determinados limiares.*

1. Todo o previsto no capítulo II non será de aplicación ás SXEIC cuxos activos baixo xestión sexan inferiores aos seguintes limiares:

a) 100 millóns de euros, incluídos os activos adquiridos mediante recurso ao aparcamento, ou

b) 500 millóns de euros, cando as entidades de investimento que xestionan non estean aparcadas e non teñan dereitos de reembolso que se poidan exercer durante un período de cinco anos despois da data de investimento inicial.

Para efectos deste cálculo computarán como activos baixo xestión da SXEIC todos os activos en entidades de investimento constituídas consonte a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, que xestione tanto a propia sociedade xestora directamente como indirectamente por medio dunha empresa con que a xestora estea relacionada por motivos de xestión ou control común, ou por unha participación directa ou indirecta significativa.

2. Tampouco será de aplicación o previsto no capítulo II ás SXEIC na medida en que xestionen unha ou máis ECR ou EICC cuxos únicos investidores sexan a SXEIC, a empresa matriz ou as filiais da xestora ou outras filiais desa empresa matriz, sempre que ningún dos investidores sexa pola súa vez unha ECR ou EICC e que se sometesen voluntariamente a esta lei.

3. As SXEIC dos puntos 1 e 2 anteriores deberán:

a) Informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores das ECR ou EICC que xestionen e proporcionarlle información sobre as estratexias de investimento. Así mesmo, facilitarán periodicamente información á Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre os principais instrumentos en que invistan, así como sobre os principais riscos e concentracións, tal e como se establece no artigo 70.1.

b) Pór á disposición dos investidores ou partícipes a información referida nos artigos 68 e 69 sobre cada ECR e EICC que xestionen, coa excepción da información referida no disposto no artigo 67.5.

c) Someter os seus documentos contables a auditoría conforme o establecido na normativa sobre auditoría de contas, e pór o informe de auditoría á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio.

4. Estas xestoras deberán informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores cando deixen de cumprir as condicións que figuran no punto 1.

5. O previsto no punto 1 non será de aplicación para as SXEIC que comercialicen ECR a investidores que non sexan profesionais, de conformidade co previsto no artigo 75.2.

6. As SXEIC cuxos activos baixo xestión sexan inferiores aos limiares anteriores poderán someterse voluntariamente ao réxime previsto no capítulo II, e comunicaranllo para o efecto á Comisión Nacional do Mercado de Valores. Neste caso poderán

beneficiarse dos dereitos para xestionar e comercializar entidades de investimento de forma transfronteiriza previstos nos artigos 80 e 81.

Para estes efectos, as SXEIC deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

*Artigo 73. Condicións de acceso e de exercicio da actividade das SXEIC que xestionen fondos de capital risco europeos.*

As SXEIC que desexen utilizar a denominación FCRE en relación coa comercialización que realicen na Unión Europea de fondos ou sociedades de capital risco europeo deberán cumprir co previsto no Regulamento (UE) n.º 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos.

*Artigo 74. Condicións de acceso e de exercicio da actividade das SXEIC que xestionen fondos de emprendemento social europeos.*

As SXEIC que desexen utilizar a denominación FESE en relación coa comercialización que realicen na Unión Europea de fondos ou sociedades de emprendemento social europeo deberán cumprir co previsto no Regulamento (UE) n.º 346/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de emprendemento social europeos.

### TÍTULO III

#### **Comercialización das entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo cerrado**

*Artigo 75. Límites á comercialización de ECR e EICC.*

1. As accións ou participacións das ECR ou EICC españolas comercializaranse exclusivamente entre investidores considerados clientes profesionais tal e como están definidos nos puntos 2 e 3 do artigo 78 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

2. Así mesmo, as accións ou participacións das ECR españolas poderanse comercializar entre outros investidores cando reúnan as condicións seguintes:

- a) que tales investidores se comprometan a investir como mínimo 100.000 euros, e
- b) que tales investidores declaren por escrito, nun documento distinto do contrato relativo ao compromiso de investimento, que son conscientes dos riscos ligados ao compromiso previsto.

Cando se produza a comercialización a investidores non profesionais previstos neste punto e no punto 4, deberase entregar con carácter previo á subscripción ou adquisición o folleto informativo, que conterá o regulamento de xestión ou os estatutos sociais, o informe anual e, no caso de sociedades, o acordo de delegación da xestión a que fan referencia os artigos 67 e 68. Posteriormente, o informe anual deberá remitirse aos partícipes nos 6 primeiros meses de cada exercicio, sen prexuízo do establecido no artigo 69.

3. Adicionalmente, as accións ou participacións das ECR ou EICC poderán subscribilas ou adquirilas os investidores que non teñan a consideración de profesionais, sempre que cumpran os requisitos establecidos nas letras a) e b) do punto anterior.

4. As accións ou participacións das ECR españolas poderán comercializarse tamén sen necesidade de que concorran os requisitos previstos nas letras a) e b) do punto 2 deste artigo:

- a) Entre os administradores, directivos ou empregados da sociedade xestora ou de entidades autoxestionadas, con respecto á propia entidade ou ás xestionadas ou asesoradas pola sociedade xestora,

b) cando os investidores invistan en ECR cotizadas en bolsas de valores, e  
c) entre aqueles investidores que xustifiquen dispoñer de experiencia no investimento, xestión ou asesoramento en ECR similares a aquela en que pretenda investir.

5. Para os efectos do disposto nesta lei, entenderase por comercialización dunha ECR ou EICC a captación mediante actividade publicitaria, por conta da ECR, EICC ou calquera entidade que actúe no seu nome ou no dun dos seus comercializadores, de clientes para a súa achega á ECR ou EICC de fondos, bens ou dereitos.

Para estes efectos, entenderase por actividade publicitaria toda forma de comunicación dirixida a potenciais investidores co fin de promover, directamente ou a través de terceiros que actúen por conta da ECR ou EICC ou da SXEIC, a subscrición ou a adquisición de participacións ou accións da ECR ou EICC. En todo caso, hai actividade publicitaria cando o medio empregado para dirixirse ao público sexa a través de chamadas telefónicas iniciadas pola ECR ou EICC ou pola súa sociedade xestora, visitas a domicilio, cartas personalizadas, correo electrónico ou calquera outro medio telemático, que formen parte dunha campaña de difusión, comercialización ou promoción.

A campaña entenderase realizada en territorio nacional sempre que estea dirixida a investidores residentes en España. No caso de correo electrónico ou calquera outro medio telemático, presumirase que a oferta se dirixe a investidores residentes en España cando a ECR, EICC ou a súa sociedade xestora, ou calquera persoa que actúe por conta destes no medio informático, propoña a compra ou subscrición das accións ou participacións ou facilite aos residentes en territorio español a información necesaria para apreciar as características da emisión ou oferta e adherirse a ela.

En todo caso, as actividades de venda, alleamento, intermediación, subscrición, posterior reembolso ou transmisión das accións, participacións ou valores representativos do capital ou patrimonio das ECR ou EICC en cuestión relacionados coa comercialización da entidade deberán realizarse a través dos intermediarios financeiros, conforme o previsto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

*Artigo 76. Comercialización en España de ECR ou EICC constituídas noutro Estado membro da Unión Europea xestionadas por xestoras autorizadas nun Estado membro ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das ECR e EICC a que se refire o artigo 5.1.b) que se dirixa a investidores profesionais tal e como se definen no punto 3 do artigo 78 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, será libre, con suxeición ás normas previstas neste artigo, desde que a autoridade competente do Estado membro que autorízase a xestora daquelas comunique a esta última que lle remitiu á Comisión Nacional do Mercado de Valores o escrito de notificación que inclúa a seguinte información:

- a) Identificación das entidades que a xestora pretende comercializar, así como onde se encontran establecidas.
- b) As disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.
- c) O regulamento do FCR ou FICC ou os documentos constitutivos da sociedade.
- d) O folleto da entidade de investimento, en caso de que sexa exixible, e o último informe anual.
- e) A identificación do depositario da entidade de investimento.
- f) Unha descrición da entidade de investimento, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.
- g) Información sobre o lugar en que se encontra localizada a entidade de investimento principal se a entidade de investimento que se pretende comercializar é unha entidade subordinada.



h) Cando proceda, información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización de participacións da entidade de investimento entre investidores retalistas.

Os informes anuais que se elaboren con posterioridade á inscrición da ECR ou EICC estranxeiras en España poderán ser requiridos durante cinco anos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Cando se trate dunha entidade subordinada, esta só se poderá comercializar en España se a entidade principal está domiciliada na Unión Europea e está xestionada por unha xestora autorizada ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

3. Coa notificación do punto 1 deberase xuntar o certificado acreditativo das autoridades competentes do Estado membro da Unión Europea de orixe da xestora que acredite que esa xestora está autorizada de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, para xestionar entidades de investimento cunha determinada estratexia de investimento.

4. O escrito de notificación do punto 1 e o certificado sinalado no punto 3 deberán presentarse, ao menos, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais, e admitirase o seu envío por medios electrónicos.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores non poderá exixir información ou documentación adicional ao establecido neste artigo.

5. As entidades de investimento deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España no que respecta ao réxime de comercialización e publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

6. Conforme o establecido nesta lei, as xestoras destas entidades de investimento deberán facilitar aos accionistas e partícipes destes últimos: os pagamentos; a adquisición polas ECR e EICC das súas accións ou o reembolso das súas participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos accionistas e partícipes residentes en España e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos.

*Artigo 77. Comercialización en España a investidores profesionais de ECR ou EICC constituídas nun Estado non membro da Unión Europea xestionados por xestoras autorizadas nun Estado membro da Unión Europea de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das entidades de investimento a que se refire o artigo 5.1.c) que se dirixa a investidores profesionais, tal e como se definen no punto 3 do artigo 78 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, requirirá que con carácter previo se acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento dos seguintes aspectos:

a) Que existan acordos adecuados de cooperación entre as autoridades competentes do Estado membro de orixe da xestora e as autoridades de supervisión do Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a entidade de investimento co obxecto de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que lles permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

b) Que o Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a ECR ou EICC non figure na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

c) Que o terceiro país en que estea establecida a ECR ou EICC de fóra da Unión Europea asinase un acordo con España que se axuste plenamente aos preceptos establecidos no artigo 26 do modelo de convenio tributario sobre a renda e sobre o

patrimonio da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos e garanta un intercambio efectivo de información en materia tributaria, incluíndo, se procede, acordos multilaterais en materia de impostos.

2. A sociedade xestora da entidade de investimento deberá, así mesmo, rexistrar na Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

- a) Identificación da ECR ou EICC que a xestora pretende comercializar, así como onde se encontran establecidas.
- b) Disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España, e cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.
- c) Regulamento do FCR, FICC ou os documentos constitutivos da SCR ou SICC.
- d) Folleto do fondo, ou documento equivalente, en caso de que sexa exixible, e o último informe anual.
- e) Identificación do depositario da entidade de investimento.
- f) Descrición da entidade de investimento, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.
- g) Información sobre o lugar en que se encontra localizada a entidade de investimento principal se a entidade de investimento que se pretende comercializar é unha entidade subordinada.
- h) Cando proceda, información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización da entidade de investimento entre investidores retalistas.
- i) Os documentos que acrediten a suxeición da entidade de investimento constituída nun Estado non membro da Unión Europea, e as accións, participacións ou valores representativos do seu capital ou patrimonio, ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.

Todos os documentos a que se refire este punto e o anterior deberán presentarse, ao menos, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

3. Adicionalmente, a xestora deberá achegar, xunto coa documentación anterior, un certificado acreditativo que deberá solicitar ás súas autoridades competentes que confirme que esa xestora está autorizada pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, para xestionar entidades de investimento cunha determinada estratexia de investimento.

4. Para que estas ECR e EICC poidan ser comercializadas en España será preciso que sexan autorizadas para tal fin pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e que tanto as xestoras como as ECR ou EICC que pretendan comercializar queden inscritas nos rexistros da citada Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A autorización para seren comercializadas poderá ser denegada por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás ECR e EICC no país de orixe da entidade que se pretenda comercializar en España, por non quedar asegurado o cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois, por non quedar suficientemente garantida a debida protección dos investidores residentes en España e pola existencia de perturbacións nas condicións de competencia entre estas entidades de investimento e as entidades de investimento autorizados en España.

5. Unha vez autorizadas para seren comercializadas e inscritas as ECR, EICC e as súas xestoras no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as xestoras, conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, deberán facilitar aos accionistas e partícipes destas ECR e EICC os pagamentos; a adquisición polas ECR e EICC das súas accións ou o reembolso das súas participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos partícipes e accionistas residentes en España e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos.

As ECR, EICC e as súas xestoras deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España referidas á comercialización e á publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

6. Poderanse determinar regulamentariamente condicións adicionais para a comercialización das accións ou participacións das entidades a que se refire o artigo 5.1.c).

*Artigo 78. Comercialización en España a investidores profesionais de ECR ou EICC xestionados por xestoras non domiciliadas na Unión Europea.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das entidades de investimento a que se refire o artigo 5.1.d) que se dirixa a investidores profesionais, tal e como se definen no artigo 78 bis.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, requirirá que con carácter previo se acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento dos seguintes aspectos:

a) Que existan acordos adecuados de cooperación entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores, as autoridades competentes do país de orixe da xestora e as autoridades de supervisión do país terceiro en que está establecida a entidade de investimento e, de ser o caso, as autoridades de supervisión do Estado membro da Unión Europea en que estea establecida a entidade de investimento, co obxecto de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

b) Que o Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a xestora e, de ser o caso, o Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a entidade de investimento non figure na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

2. Acreditados os aspectos a que se refire o punto anterior, a xestora da entidade de investimento deberá achegar e rexistrar na Comisión Nacional do Mercado de Valores a información a que se refire o artigo 77.2 nas súas letras a) a h) e os documentos que acrediten a suxeición da xestora constituída nun Estado non membro da Unión Europea e, cando corresponda, da entidade de investimento constituída nun Estado non membro da Unión Europea, e as accións, participacións ou valores representativos do seu capital ou patrimonio, ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.

3. Todos os documentos a que se refiren os puntos anteriores deberán presentarse, ao menos, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

4. Para que estas ECR e EICC poidan ser comercializadas en España será preciso que sexan autorizadas para tal fin pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e que tanto as xestoras como as ECR ou EICC que pretendan comercializar queden inscritas nos rexistros da citada Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A autorización para seren comercializadas poderá ser denegada por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás ECR, EICC ou sociedades xestoras españolas no país de orixe da entidade que se pretenda comercializar en España ou no da súa sociedade xestora, por non quedar asegurado o cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois, por non quedar suficientemente garantida a debida protección dos investidores residentes en España e pola existencia de perturbacións nas condicións de competencia entre estas entidades de investimento e as entidades de investimento autorizados en España.

5. Unha vez autorizadas para seren comercializadas e inscritas as ECR, EICC e as súas xestoras no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as xestoras, conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, deberán facilitar aos accionistas e partícipes destas ECR e EICC os pagamentos; a adquisición polas ECR e EICC das súas accións ou o reembolso das súas participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos partícipes e accionistas residentes en

España e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos. As xestoras deberán cumprir o disposto nos artigos 67, 68, 69, 70 e 71.

As ECR, EICC e as súas xestoras deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España referidas á comercialización e á publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

6. Poderanse determinar regulamentariamente condicións adicionais para a comercialización das accións ou participacións das entidades a que se refire o artigo 5.1.d).

7. Determinaranse regulamentariamente as condicións de autorización das sociedades xestoras non comunitarias cando o Estado de referencia sexa España, de conformidade co previsto na Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

*Artigo 79. Comercialización en España a investidores non profesionais de ECR a que se refire o artigo 5.1.e).*

1. A comercialización en España das accións e participacións de ECR a que se refire o artigo 5.1.e) aos investidores non profesionais que reúnen as condicións do artigo 75.2 e 4 requirirá que se cumpran todos os requisitos que esta lei exige na comercialización de ECR españolas e, con carácter previo, que se acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento dos seguintes aspectos:

a) Que a normativa española regula a mesma categoría de ECR a que pertence a ECR estranxeira e que a ECR, ou a xestora que actúe no seu nome, está suxeita no seu Estado de orixe a unha normativa específica de protección dos intereses dos accionistas ou partícipes semellante á normativa española nesta materia.

b) Informe favorable da autoridade do Estado de orixe a que estea encomendado o control e inspección da ECR estranxeira, ou da xestora que actúe no seu nome, con respecto ao desenvolvemento das actividades da xestora.

c) Que existan acordos adecuados de cooperación entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores, as autoridades competentes do Estado membro de orixe da xestora e as autoridades de supervisión do país en que está establecida a ECR co obxecto de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións, de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

d) Que o Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a xestora da ECR ou, de ser o caso, a ECR constituída nun Estado non membro da Unión Europea non figure na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

2. Acreditados os aspectos a que se refire o punto anterior, a xestora da ECR que pretende comercializar deberá achegar e rexistrar na Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte documentación:

a) Identificación das ECR que a xestora pretende comercializar, así como onde se encontran establecidas.

b) Disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.

c) Regulamento do FCR ou os documentos constitutivos da SCR.

d) Folleto do fondo ou documento equivalente, que deberán ser aprobados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, así como a súa publicación.

e) Identificación do depositario da ECR.

f) Descrición da ECR, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.

g) Información sobre o lugar en que se encontra establecida a ECR principal se a ECR que se pretende comercializar é unha ECR subordinada.

h) Os documentos que acrediten a suxeición da xestora constituída nun Estado non membro da Unión Europea e, cando corresponda, da ECR constituída nun Estado non membro da Unión Europea, e as accións, participacións ou valores representativos do seu capital ou patrimonio, ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.

i) Os estados financeiros da ECR e o seu correspondente informe de auditoría de contas, preparados de acordo coa lexislación aplicable a esa ECR.

3. Todos os documentos a que se refire este artigo deberán presentarse xunto coa súa tradución para o castelán ou outra lingua admitida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Para que estas ECR poidan ser comercializadas en España será preciso que sexan autorizadas para tal fin pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e que tanto as xestoras como as ECR que pretendan comercializar queden inscritas nos rexistros da citada Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A autorización para ser comercializadas poderá ser denegada por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás ECR ou xestoras españolas no país de orixe, respectivamente, por non quedar asegurado o cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois, por non quedar suficientemente garantida a debida protección dos investidores residentes en España e pola existencia de perturbacións nas condicións de competencia entre estas entidades de investimento e as entidades de investimento autorizadas en España.

Unha vez autorizadas para ser comercializadas e inscritas no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, as sociedades xestoras deberán facilitar aos accionistas e partícipes os pagamentos; a adquisición polas ECR das súas accións ou o reembolso das súas participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos partícipes e accionistas residentes en España e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos.

5. O intermediario facultado deberá entregar aos accionistas ou partícipes residentes en España da entidade estranxeira con carácter previo á subscripción ou adquisición o folleto informativo, que conterá o regulamento de xestión ou os estatutos sociais, e o informe anual a que fan referencia os artigos 67 e 68. Posteriormente, o informe anual deberá remitirse aos partícipes ou accionistas nos 6 primeiros meses de cada exercicio, sen prexuízo do establecido no artigo 69. Estes documentos facilitaranse na súa tradución ao castelán ou outra lingua admitida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

6. Poderanse determinar regulamentariamente condicións adicionais para a comercialización das accións ou participacións das entidades a que se refire o artigo 5.1.e).

**Artigo 80. Comercialización de ECR e EICC xestionadas por sociedades xestoras autorizadas en España pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, no ámbito da Unión Europea.**

1. As SXEIC españolas, autorizadas conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, que pretendan comercializar no ámbito da Unión Europea accións ou participacións de ECR ou EICC deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores un escrito de notificación que conteña a seguinte información:

a) Identificación das ECR ou EICC que pretendan comercializar, así como onde están establecidas.

b) Disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións da ECR ou EICC nos Estados membros onde pretendan comercializalas e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.

c) Regulamento do FCR ou FICC ou os documentos constitutivos da SCR ou SICC.

d) Folleto da ECR ou EICC e o último informe anual.

- e) Identificación do depositario da ECR ou EICC.
- f) Descrición da ECR ou EICC, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.
- g) Indicación sobre o lugar onde se encontra localizada a entidade principal se a entidade que se pretende comercializar é un fondo subordinado.
- h) A indicación dos Estados membros en que teña previsto comercializar a ECR ou EICC entre investidores profesionais.
- i) Cando proceda, información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización da ECR ou EICC entre investidores particulares.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores verificará que esta documentación estea completa. Nun prazo máximo de 20 días desde a data de recepción do expediente de documentación completo a que se refire o punto 1, a Comisión Nacional do Mercado de Valores transmitirállelo por medios electrónicos ás autoridades competentes do Estado ou aos Estados membros en que se pretenda comercializar a ECR ou EICC.

Co escrito de notificación deberase xuntar un certificado acreditativo que confirme que a sociedade xestora está autorizada de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, a xestionar entidades de investimento con esa estratexia de investimento concreta.

3. Unha vez transmitido o expediente de notificación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificarallo inmediatamente á sociedade xestora e esta poderá iniciar a comercialización da ECR ou EICC no Estado membro de acollida a partir da data de tal notificación.

En caso de que sexan diferentes, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará, así mesmo, as autoridades competentes do Estado membro onde estea establecida a ECR ou EICC de que a xestora pode comezar a comercializar participacións da ECR ou EICC no Estado membro de acollida.

O escrito de notificación referido no punto 1 e o certificado referido no punto 2 expediranse, polo menos, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

4. No caso de modificación substancial dalgún dos datos comunicados de conformidade co punto 1, a xestora informará diso por escrito a Comisión Nacional do Mercado de Valores ao menos un mes antes de facer efectiva a modificación, se esta está prevista ou, no caso dunha modificación imprevista, inmediatamente despois de se producir a modificación.

Se, como consecuencia da modificación prevista, a xestión da ECR ou EICC por parte da xestora xa non é conforme co previsto nesta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a xestora, sen demora inxustificada, de que non pode aplicar a modificación.

Se a modificación prevista se aplica sen prexuízo dos parágrafos anteriores, ou se se produciu un acontecemento imprevisto que provocou unha modificación, como consecuencia da cal a xestión da ECR ou EICC por parte da xestora puidese deixar de ser conforme co previsto nesta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará todas as medidas oportunas incluíndo, se for necesario, a prohibición expresa da comercialización da ECR ou EICC.

Se as modificacións son aceptables porque non determinan o incumprimento desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará, sen demora inxustificada, desas modificacións as autoridades competentes do Estado membro de acollida.

**Artigo 81. Condicións para a xestión transfronteiriza de ECR e EICC por sociedades xestoras autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.**

1. As SXEIC autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderán xestionar ECR e

EICC establecidas noutro Estado membro, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre que a SXEIC estea autorizada a xestionar ese tipo de entidades de investimento.

2. Toda xestora que se propoña xestionar unha ECR ou EICC establecida noutro Estado membro por primeira vez, comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

- a) O Estado membro en que se propoña xestionar a ECR ou EICC,
- b) se a xestión se vai realizar directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, e
- c) un programa de actividade en que se indiquen, en particular, os servizos que se propoña prestar e se identifiquen as ECR ou EICC que se propoña xestionar.

3. No suposto de que a xestora se propoña establecer unha sucursal, proporcionará a seguinte información adicional:

- a) A estrutura organizativa da sucursal,
- b) a dirección no Estado membro de orixe da ECR ou EICC onde se pode obter a documentación, e
- c) os datos de contacto das persoas responsables da xestión da sucursal.

4. No prazo dun mes despois da data de recepción da documentación completa a que se refire o punto 2, ou de dous meses desde a recepción da documentación completa de conformidade co punto 3, a Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá esta documentación completa ás autoridades competentes do Estado membro de acollida. Esa remisión só terá lugar se a xestión das ECR ou EICC por parte da xestora se realiza, e se segue realizando, consonte as disposicións desta lei e se a xestora cumpre coas disposicións desta lei.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores xuntará unha declaración que confirme que a xestora en cuestión recibiu a súa autorización conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011. A Comisión Nacional do Mercado de Valores notificaralle inmediatamente á xestora a dita transmisión.

Unha vez recibida a notificación de remisión, a xestora poderá comezar a prestar os seus servizos no seu Estado membro de acollida.

5. En caso de modificación dalgún dos datos comunicados de conformidade co punto 2 e, de ser o caso, o punto 3, a xestora notificaranlle por escrito esa modificación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao menos un mes antes de facer efectiva a modificación, ou inmediatamente despois se a modificación for imprevista, para os seguintes efectos:

a) Se, como consecuencia da modificación prevista, a xestión da ECR ou EICC xa non fose conforme cunha ou máis disposicións desta lei ou, en xeral, a xestora xa non cumprixe o réxime xurídico a que está sometida, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a xestora, sen demora inxustificada, de que non pode aplicar a modificación.

b) Se, concorrendo as circunstancias descritas na letra a), a modificación prevista se aplica, ou se se produciu un acontecemento imprevisto que provocou unha modificación como consecuencia da cal a xestión da ECR ou EICC puidese deixar de ser conforme con esta lei, ou se a xestora incumprise o réxime xurídico a que está sometida, a Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará todas as medidas oportunas.

c) Se as modificacións son aceptables, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará sen demora desas modificacións as autoridades competentes do Estado membro de acollida.

Artigo 82. *Condicións para a xestión de ECR e EICC españolas por xestoras reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. Toda xestora autorizada nun Estado membro da Unión Europea conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderá xestionar ECR e EICC en España, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre que estea autorizada a xestionar ese tipo de entidades de investimento.

2. Só poderá iniciar a súa actividade cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores recibise comunicación da autoridade competente do Estado en que fose autorizada a xestora. Esta comunicación deberá axustarse ao disposto nos puntos 2 e 3 do artigo 81.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir ás xestoras que contén con sucursais ou que actúen en réxime de libre prestación de servizos en territorio español que lle proporcionen a información necesaria para controlar o cumprimento por estas das normas que lles sexan aplicables en virtude desta lei e da súa normativa de desenvolvemento.

4. As xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que exerzan a súa actividade a través dunha sucursal en España respectarán en todo caso as normas de conduta establecidas no capítulo I do título IV e na súa normativa de desenvolvemento. A Comisión Nacional do Mercado de Valores será responsable de supervisar o cumprimento destas disposicións.

5. As xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que vaian actuar en España en réxime de libre prestación de servizos estarán obrigadas a designar un representante con residencia fiscal en España para que as represente para os efectos das obrigacións tributarias que deban cumprir polas actividades que realicen en territorio español.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará sen demora ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da xestora calquera problema detectado na ECR ou EICC e que poida afectar materialmente a capacidade da xestora para cumprir adecuadamente as súas obrigacións legais ou regulamentarias.

7. As autoridades competentes das xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que leven a cabo a súa actividade en España mediante unha sucursal poderán, por si mesmas ou a través dos intermediarios que designen para tal efecto, e tras informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, realizar verificacións *in situ* en España. A verificación estenderase a toda información relativa á xestión e á estrutura da propiedade das xestoras que poida facilitar a súa supervisión, así como toda información que poida facilitar o seu control.

O parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do dereito que asiste a Comisión Nacional do Mercado de Valores de realizar verificacións *in situ* das sucursais establecidas en España, en cumprimento das responsabilidades que lle atribúen as leis.

Artigo 83. *Condicións aplicables ás SXEIC que xestionen ECR ou EICC constituídas nun Estado non membro da Unión Europea non comercializadas nos Estados membros da Unión Europea.*

As SXEIC autorizadas en España ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderán xestionar ECR e EICC domiciliadas en terceiros Estados e non comercializadas na Unión Europea sempre que cumpran coas seguintes condicións:

a) Que cumpran respecto da entidade xestionada todos os requisitos fixados nesta lei, coa excepción da obrigación de nomear un depositario, contida no artigo 50, e da obrigación de auditar o informe anual.



b) Que existan acordos de cooperación entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e as autoridades de supervisión do Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a ECR ou EICC co obxecto de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que permita a aquela exercer as súas funcións de acordo co previsto nesta lei.

## TÍTULO IV

### Normas de conduta, supervisión, inspección e sanción

#### CAPÍTULO I

##### Normas de conduta

Artigo 84. *Normativa aplicable.*

1. As SXEIC, as SXIIC que xestionen ECR ou EICC, as SCR e SICC autoxestionadas, así como quen desempeñe cargos de administración e dirección en todas elas e os seus empregados, estarán suxeitos ás seguintes normas de conduta:

a) As contidas no título VII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, sen prexuízo das adaptacións e especificacións que, de ser o caso, se establezan regulamentariamente, incluído o réxime sancionador para o incumprimento de tales normas establecido no título VIII da mesma lei.

b) As dadas en desenvolvemento dos preceptos a que se refire a letra a) anterior que aprobe o Goberno ou, con habilitación expresa deste, o ministro de Economía e Competitividade.

c) As contidas nos seus regulamentos internos de conduta.

Estas normas serán tamén de aplicación á actividade de comercialización definida no artigo 75.

2. As entidades a que se refire o punto anterior deberán elaborar un regulamento interno de conduta de obrigado cumprimento, que regulará a actuación dos seus órganos de administración, dirección e empregados. Os regulamentos internos de conduta deberán desenvolver, en todo caso, os principios citados na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

3. Tamén quedarán suxeitas ás normas de conduta previstas no punto 1:

a) Respecto á súa actividade en España, as xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que exerzan esta a través de sucursal.

b) Respecto á súa actividade transfronteiriza noutro Estado membro da Unión Europea, as SXEIC autorizadas en España que exerzan esta no marco da libre prestación de servizos.

#### CAPÍTULO II

##### Supervisión e inspección

Artigo 85. *Ámbito.*

Quedan suxeitos ao réxime de supervisión, inspección e sanción desta lei, a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) As SXEIC autorizadas en España e as ECR que aquelas xestionen no que respecta ao cumprimento do capítulo II do título I.

b) As SCR e SICC autoxestionadas autorizadas en España.

c) Sen prexuízo do disposto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, as SXIIC autorizadas conforme o capítulo I do título II e as ECR que aquelas xestionen no que respecta ao cumprimento do capítulo II do título I.

d) Calquera entidade, para os efectos de comprobar a infracción da reserva de denominación establecida no artigo 11.

e) Os depositarios de ECR e EICC rexistrados ou autorizados en España.

f) Os FCRE e FESE conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos, e no Regulamento (UE) n.º 346/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de emprendemento social europeos, respectivamente.

g) As sucursais de xestoras de ECR ou EICC autorizadas noutro Estado membro en canto ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 59 e 61 e por infracción das normas de conduta aplicables por quen comercialice ECR ou EICC en España.

#### Artigo 86. *Facultades de supervisión e inspección.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores disporá de todas as facultades de supervisión e inspección previstas nesta lei e no resto do ordenamento xurídico para o exercicio das súas funcións. Estas facultades poderá exercelas:

- a) Directamente,
- b) en colaboración con outras autoridades, nacionais ou estranxeiras, nos termos previstos nesta lei,
- c) mediante delegación noutras entidades que actúen baixo a súa responsabilidade ou
- d) mediante recurso ás autoridades xudiciais competentes. Entre outras medidas, poderá solicitar o embargo ou a conxelación de activos.

2. Resultarán de aplicación ás funcións de supervisión e inspección da Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre os suxeitos previstos no artigo 85 as disposicións contidas nos artigos 70 e 70 bis da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

#### Artigo 87. *Supervisión dos límites ao apancamento e da adecuación dos procesos de avaliación crediticia.*

1. Baseándose na información que se solicite en aplicación desta lei e respecto ás sociedades xestoras que estean baixo a súa supervisión, a Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará ata que punto contribúe o apancamento das entidades á xeración dun risco sistémico no sistema financeiro ou de riscos de perturbación dos mercados ou para o crecemento a longo prazo da economía.

2. A información a que se refire o punto anterior deberase pór á disposición das autoridades competentes dos demais Estados membros, da Autoridade Europea de Valores e Mercados e da Xunta Europea de Riscos Sistémicos a través dos procedementos de cooperación na supervisión previstos no dereito da Unión Europea. Cando unha sociedade xestora baixo a súa responsabilidade ou unha ECR ou EICC xestionadas por ela poidan constituír unha fonte importante de risco de contrapartida para unha entidade de crédito ou outras entidades pertinentes para efectos sistémicos doutros Estados membros, a Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitará, sen demora, información a través dos procedementos de cooperación na supervisión, e bilateralmente ás autoridades competentes doutros Estados membros directamente.

3. Corresponderá á sociedade xestora demostrar que os límites de apancamento para cada entidade que xestione son razoables e que cumpre en todo momento eses límites. A Comisión Nacional do Mercado de Valores avaliará os riscos que poida entrañar o recurso ao apancamento por parte dunha sociedade xestora con respecto ás entidades que xestiona.

Sempre que se considere necesario para a estabilidade e integridade do sistema financeiro, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de notificación á Autoridade Europea de Valores e Mercados, á Xunta Europea de Riscos Sistémicos e, de ser o caso, ás autoridades competentes por razón da orixe da entidade, fixará límites ao nivel de apancamento a que estea autorizado recorrer unha sociedade xestora, ou outras restricións en materia de xestión respecto das entidades que xestione, co fin de limitar a incidencia do apancamento na xeración dun risco sistémico no sistema financeiro ou de riscos de perturbación dos mercados. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará debidamente a Autoridade Europea de Valores e Mercados, a Xunta Europea de Riscos Sistémicos e as autoridades competentes por razón da orixe da entidade das medidas adoptadas ao respecto, a través dos procedementos de cooperación na supervisión.

4. A notificación a que se refire o punto 3 efectuarase polo menos dez días antes da data prevista de entrada en vigor ou de renovación da medida proposta. A notificación incluírá detalles da medida proposta, as razóns que a xustifican e a data prevista da súa entrada en vigor. En circunstancias excepcionais, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá decidir que a medida proposta entre en vigor dentro do período de dez días hábiles mencionado.

5. No caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores decida actuar en contra da recomendación que, para os efectos do disposto nos puntos anteriores, emita a Autoridade Europea de Valores e Mercados sobre a base da información que lle fose remitida, deberá informala e expor os seus motivos.

Para estes efectos, as sociedades xestoras deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores vixiará a adecuación dos procesos de avaliación crediticia das SXEIC, valorará o uso de referencias ás cualificacións crediticias nas súas políticas de investimento, de acordo co establecido no artigo 62.3 e, cando proceda, fomentará a mitigación do impacto de tales referencias, con vistas a reducir a dependencia exclusiva e automática de tales cualificacións crediticias. Para estes efectos, deberá ter en conta a natureza, a escala e a complexidade das actividades das ECR e EICC.

#### Artigo 88. *Supervisión de xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que xestionen ou comercialicen ECR ou EICC en España.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir ás xestoras autorizadas noutro Estado membro que xestionen ou comercialicen ECR ou EICC en España a información necesaria para verificar o cumprimento da normativa aplicable.

Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores observa que as xestoras a que se refire o parágrafo anterior incumpren as obrigacións de información alí previstas ou outras obrigacións que se establezan nesta lei ou na súa normativa de desenvolvemento, exixiralles que poñan fin a ese incumprimento, e informará diso as autoridades competentes do Estado membro de orixe.

Se a sociedade xestora se nega a facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a información cuxa responsabilidade lle incumba, ou se non adopta as medidas oportunas para pór fin ao incumprimento a que se refire o parágrafo anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará diso as autoridades competentes do Estado membro de orixe. Se a xestora continua realizando a conduta infractora a pesar, de ser o caso, das medidas que adoptase a autoridade competente do Estado membro de orixe, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adoptar as medidas oportunas de acordo co disposto neste título para evitar novas infraccións, incluído o exercicio da potestade sancionadora, e poderalle exixir á xestora que deixe de xestionar as ECR ou EICC domiciliadas en España.

2. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña motivos claros e demostrables para crer que a xestora autorizada por outro Estado membro que xestione ou comercialice ECR ou EICC en España incumpre as obrigacións cuxa supervisión non

corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, comunicará estes feitos ás autoridades competentes do Estado membro de orixe.

No caso de que, a pesar das medidas adoptadas pola autoridade competente a que se refire o parágrafo anterior, ou porque esas medidas resultan insuficientes, ou o Estado membro de orixe non actúa dentro dun prazo razoable, a xestora persiste en actuar dunha maneira que é claramente prexudicial para os intereses dos investidores, a estabilidade financeira ou a integridade do mercado en España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tras informar a autoridade competente do Estado membro de orixe, poderá adoptar todas as medidas necesarias para protexer os investidores, a estabilidade financeira e a integridade do mercado, incluíndo a posibilidade de impedir que a xestora en cuestión siga comercializando participacións no territorio.

3. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba dunha autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, en relación cunha xestora autorizada noutro Estado membro, unha comunicación en que se sinala que tal autoridade competente ten motivos fundados para crer que a mencionada xestora infrinxe obrigacións cuxa supervisión corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, adoptará as medidas oportunas.

4. Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores considera que a autoridade competente do Estado membro de orixe da xestora non actuou correctamente nas situacións descritas nos puntos anteriores, poderá sinalar o caso á atención da Autoridade Europea de Valores e Mercados, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión.

#### Artigo 89. *Cooperación transfronteiriza en materia de supervisión e cancelación de datos persoais.*

1. Co obxecto de garantir o cumprimento do establecido nesta lei, resultará de aplicación o disposto no artigo 71 ter da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e os artigos 91 a 91 quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de cooperación e intercambio de información por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores coas autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, a Autoridade Europea de Valores e Mercados e a Xunta Europea de Riscos Sistémicos para o desempeño das súas funcións.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará, de maneira tan específica como sexa posible, a Autoridade Europea de Valores e Mercados e as autoridades competentes dos Estados membros que correspondan cando teña motivos claros e demostrables para sospeitar que unha sociedade xestora non suxeita á súa supervisión está a realizar ou realizou actividades contrarias ás disposicións desta lei, co obxecto de que adopten as medidas que sexan oportunas.

3. Os datos persoais obtidos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores como consecuencia da cooperación transfronteiriza entre autoridades competentes regulada neste artigo conservaranse durante un período máximo de 5 anos.

#### Artigo 90. *Intercambio de información referente ás posibles consecuencias sistémicas da actividade das xestoras.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará as autoridades competentes doutros Estados membros cando iso resulte oportuno, con vistas a vixiar e reaccionar ás consecuencias que poidan derivar da actividade das xestoras, xa sexa individualmente ou de forma colectiva, para a estabilidade das entidades financeiras con importancia sistémica e para o funcionamento ordenado dos mercados nos cales as xestoras desenvolven a súa actividade.

2. Informarase, así mesmo, a Autoridade Europea de Valores e Mercados e a Xunta Europea de Riscos Sistémicos, que remitirán esa información ás autoridades competentes dos demais Estados membros. Para estes efectos será de aplicación o establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

## CAPÍTULO III

### Réxime sancionador

#### *Sección 1.ª Disposicións xerais*

##### Artigo 91. *Responsabilidade.*

1. As persoas físicas ou xurídicas previstas no artigo 85, así como quen desempeñe cargos de administración ou dirección destas ou actúe de feito como se os desempeñase, que infrinxan esta lei, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable consonte o disposto neste título, e sempre que non constitúa delito.

2. As sociedades xestoras serán responsables no exercicio da súa actividade de todos os incumprimentos desta lei e da súa normativa de desenvolvemento respecto ás entidades que xestionen.

As sociedades xestoras autorizadas nun Estado membro da Unión Europea conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, así como aqueles que desempeñen cargos de administración ou dirección destas ou actúen de feito como se os desempeñasen, serán tamén responsables no exercicio da súa actividade en España polos incumprimentos desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, e poderán ser sancionados, nos termos previstos neste capítulo, con multa, suspensión, amoestación pública ou limitación do tipo ou volume das operacións que poidan realizar.

3. Desempeñan cargos de administración ou dirección nas entidades a que se refire o punto anterior, para os efectos do disposto neste título, os seus administradores ou membros dos seus órganos Colexiados de administración, así como os seus directores xerais e asimilados; enténdense por tales aquelas persoas que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados del.

##### Artigo 92. *Procedemento.*

1. En materia de procedemento sancionador, resultará de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o seu desenvolvemento regulamentario, coas especialidades recollidas nos artigos 104 e 107 a 115 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, así como nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

2. Igualmente será aplicable no exercicio da potestade sancionadora sobre as SCR, SICC e SXEIC o disposto nos artigos 95, 103, 104 e 115 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

3. A competencia para a incoación, instrución e resolución dos expedientes sancionadores polas infraccións tipificadas nesta lei corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Cando se estea tramitando un proceso penal polos mesmos feitos ou por outros cuxa separación dos sancionables consonte esta lei sexa racionalmente imposible, o procedemento quedará suspendido respecto deles ata que se dite pronunciamento firme da autoridade xudicial. Continuado o expediente, de ser o caso, a resolución que se dite deberá respectar a apreciación dos feitos que conteña o dito pronunciamento.

*Sección 2.ª Infraccións**Artigo 93. Infraccións moi graves.*

Constitúen infraccións moi graves os seguintes actos ou omisións:

a) A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir en virtude do disposto na lei e nas súas normas de desenvolvemento, ou que a Comisión requira no exercicio das súas funcións, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese cando con iso se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou, de ser o caso, da situación patrimonial das ECR ou EICC xestionadas.

Do mesmo modo constitúe infracción moi grave a remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores de información incompleta ou de datos inexactos, non veraces ou enganosos, cando nestes supostos a incorrección sexa relevante. A relevancia da incorrección determinarase tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios: que se poidan coñecer publicamente as circunstancias que permiten influír na apreciación do valor do patrimonio e nas perspectivas da institución, en particular os riscos inherentes que comporta, e que se poida coñecer se a institución cumpre ou non coa normativa aplicable.

b) O investimento, non meramente ocasional ou illado, en calquera activo distinto dos autorizados legalmente ou dos permitidos polo folleto, polos estatutos ou polo regulamento da ECR ou EICC, sempre que iso desvirtúe o obxecto da ECR ou EICC prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes.

c) O incumprimento da obrigaón de someter a auditoría as contas anuais.

d) A realización de operacións de préstamo bolsista ou de valores, así como a peñoración de activos, con infracción das condicións que se determinen nos estatutos ou no regulamento da ECR ou EICC.

e) O incumprimento, non meramente ocasional ou illado, das porcentaxes de investimento establecidas nesta lei, no Regulamento (UE) n.º 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos, no Regulamento (UE) n.º 346/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de emprendemento social europeos, segundo proceda, así como no folleto, nos estatutos ou no regulamento da ECR ou EICC, sempre que iso desvirtúe o obxecto da ECR ou EICC ou prexudique gravemente os intereses dos accionistas, partícipes ou terceiros.

f) A emisión, reembolso ou traspaso de accións ou de participacións, non meramente ocasional ou illado, con incumprimento dos límites e condicións impostos nos estatutos e regulamentos de xestión das ECR e EICC, cando iso prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes.

g) O incumprimento da reserva de actividade prevista no artigo 42, a realización polas sociedades xestoras ou por calquera persoa física ou xurídica de actividades para as cales non estean autorizadas.

h) A resistencia ou negativa á actuación inspectora da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

i) A realización de operacións de investimento con incumprimento das condicións establecidas no folleto, nos estatutos ou no regulamento da ECR ou EICC.

j) A realización das operacións previstas nos artigos 28, 36, 37, con incumprimento dos requisitos establecidos en tales artigos.

k) O incumprimento por parte das SXEIC das súas obrigaóns, sempre que supoñan un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha ECR ou EICC.

l) O incumprimento por parte dos depositarios das súas obrigaóns consonte o disposto nesta lei e no título V e no artigo 68 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de

institucións de investimento colectivo, sempre que impliquen un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha ECR ou EICC.

m) Presentaren as ECR, as EICC ou as súas sociedades xestoras deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión dos riscos cando tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou a viabilidade da entidade.

n) O mantemento polas SXEIC durante un período de seis meses duns recursos propios inferiores aos exixidos pola normativa.

ñ) A comisión de calquera infracción grave cando durante os cinco anos anteriores á súa comisión se lle impuxese ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

o) A realización de actuacións ou operacións prohibidas por esta lei ou con incumprimento dos requisitos establecidos nela, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

p) A obtención da autorización en virtude de declaracións falsas, omisións ou por outro medio irregular, ou o incumprimento, non meramente ocasional ou illado, das condicións da autorización cando neste último caso se produza prexuízo grave para os intereses dos partícipes ou accionistas.

q) A delegación das funcións das sociedades xestoras con incumprimento das condicións impostas por esta lei cando produza algunha destas consecuencias: se prexudique gravemente os intereses de partícipes ou accionistas, se trate dunha conduta reiterada ou se menoscabe a capacidade de control interno ou de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

r) O incumprimento das medidas cautelares ou aplicadas á marxe do exercicio da potestade sancionadora acordadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

s) O incumprimento, non meramente ocasional ou illado, dos compromisos asumidos polas sociedades xestoras para emendar as deficiencias detectadas como consecuencia da supervisión e inspección, cando iso prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas.

t) A superación dos límites na asunción de obrigacións fronte a terceiros que se fixen no folleto, nos estatutos ou no regulamento das ECR ou EICC cando iso prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes.

u) Presentaren, de forma non meramente ocasional ou illada, as ECR, as EICC ou as súas sociedades xestoras deficiencias nos procedementos de valoración de activos da ECR ou EICC, con incumprimento das normas establecidas nesta lei, na lexislación aplicable e nos regulamentos ou estatutos da ECR ou EICC, cando teña impacto substancial no valor liquidativo.

v) O incumprimento pola SXEIC das obrigacións de información derivadas da adquisición de participacións significativas e de control en sociedades, establecido no artigo 71.

w) O incumprimento pola SXEIC das obrigacións impostas por esta lei nos supostos recollidos nos artigos 80 a 83, sempre que impliquen un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas.

x) O incumprimento por parte das xestoras autorizadas noutro Estado membro da UE ou nun terceiro Estado das obrigacións que deriven dos artigos 76 a 79, sempre que supoñan un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas.

y) O incumprimento dos regulamentos internos de conduta cando deriven prexuízos graves para os partícipes ou accionistas das ECR ou das EICC.

z) A comercialización dos fondos e sociedades previstos nesta lei a investidores non aptos de conformidade co previsto, segundo proceda, no artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos, no artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 346/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de emprendemento social europeos, e no artigo 75 desta lei.

Artigo 94. *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves os seguintes actos ou omisións:

- a) O incumprimento da obrigaón de posta á disposición aos socios, partícipes e ao público da información que se deba render consonte esta lei, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.
- b) A xestión da contabilidade de acordo con criterios distintos dos establecidos legalmente, cando iso desvirtúe a imaxe patrimonial da entidade ou da sociedade xestora, ECR ou EICC afectada, así como o incumprimento das normas sobre formulación de contas ou sobre o modo en que se deban levar os libros e rexistros oficiais, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- c) O incumprimento das porcentaxes de investimento establecidas nesta lei, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- d) A superación dos límites na asunción de obrigaóns fronte a terceiros que se fixen no folleto, nos estatutos ou no regulamento da ECR ou EICC, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- e) O cargo de comisións por servizos que non fosen efectivamente prestados á entidade xestionada, o cobramento das comisións non previstas ou con incumprimento dos límites e condicións impostos nos estatutos ou regulamentos das ECR ou EICC.
- f) O incumprimento por parte das sociedades xestoras das obrigaóns establecidas nesta lei, cando non deba ser cualificada como infracción moi grave.
- g) O incumprimento polo depositario das obrigaóns establecidas nesta lei e no título V e no artigo 68 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- h) A inobservancia do disposto no artigo 48.
- i) A comisión de calquera tipo de infracción leve cando durante os dous anos anteriores á súa comisión se lle impuxese ao infractor sanción firme en vía administrativa polo mesmo tipo de infracción.
- j) A realización de actuacións ou operacións prohibidas por esta lei ou con incumprimento dos requisitos establecidos nela, cando teña un carácter meramente ocasional ou illado.
- k) A presentación por parte das ECR, EICC ou das sociedades xestoras de deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno ou de valoración, incluídos os relativos á xestión dos riscos, unha vez que transcorrese o prazo concedido para o efecto para a súa emenda polas autoridades competentes, e sempre que iso non constituía infracción moi grave.
- l) A delegación das funcións da sociedade xestora con incumprimento das condicións impostas por esta lei, cando non deba cualificarse como moi grave.
- m) O incumprimento das obrigaóns de información á Comisión Nacional do Mercado de Valores e das condicións para retornar ao cumprimento das exixencias de recursos propios, cando unha sociedade xestora presente un nivel de recursos propios inferiores ao mínimo exixible.
- n) A realización de publicidade con incumprimento da normativa aplicable.
- ñ) O incumprimento das condicións presentadas para a obtención da autorización, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- o) O investimento en calquera activo distinto dos autorizados pola normativa aplicable ou dos permitidos polo folleto, polos estatutos ou polo regulamento da ECR ou EICC, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- p) A emisión, reembolso ou traspaso de accións ou participacións con incumprimento dos límites e condicións impostos polos estatutos e regulamentos de xestión das ECR e EICC, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- q) Presentaren as ECR, as EICC ou as súas sociedades xestoras deficiencias nos procedementos de valoración de activos da ECR ou EICC, con incumprimento das normas establecidas nesta lei, na lexislación aplicable e nos regulamentos ou estatutos da ECR ou EICC, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.



- r) A efectiva administración ou dirección das persoas xurídicas citadas no artigo 85 por persoas que non exerzan de dereito nelas un cargo da dita natureza.
- s) A realización, con carácter ocasional ou illado, polas sociedades xestoras de actividades para as cales non están autorizadas.
- t) O uso indebido das denominacións e siglas a que se refire o artigo 11.
- u) O incumprimento dos compromisos asumidos polas sociedades xestoras ou ECR ou EICC para emendar as deficiencias detectadas como consecuencia da supervisión e inspección, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- v) O incumprimento pola SXEIC das obrigacións impostas polos artigos 80 a 83, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- w) O incumprimento por parte das xestoras autorizadas noutro Estado membro da UE ou nun terceiro Estado, das obrigacións dos artigos 76 a 79, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.
- x) O incumprimento das porcentaxes de investimento obrigatorias establecidas nesta lei, no Regulamento 345/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de capital risco europeos, e no Regulamento 346/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2013, sobre os fondos de emprendemento social europeos, segundo proceda, sempre que a entidade permaneza nesta situación durante, ao menos, doce meses.
- y) O incumprimento das normas de conduta, cando non se considere infracción moi grave.

#### Artigo 95. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves os seguintes actos ou omisións:

- a) A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións deban remitírselle en virtude do disposto nesta lei ou que requira no exercicio das súas funcións, así como faltar ao deber de colaboración ante actuacións de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, incluíndo a non comparecencia ante unha citación para a toma de declaración, cando estas condutas non constitúan infracción grave ou moi grave de acordo co previsto nos dous artigos anteriores.
- b) A demora na publicación ou remisión da información que, de conformidade co disposto nesta lei, se debe difundir entre os socios, partícipes e público en xeral, cando non deba cualificarse como infracción moi grave ou grave.
- c) Aqueles incumprimentos dos previstos nas letras c), d), e), f), k), p), q) e r) do artigo anterior que, polo seu carácter puntual e illado e pola súa escasa transcendencia, non deban cualificarse como graves.
- d) Constitúe, así mesmo, infracción leve calquera incumprimento desta lei e das súas normas de desenvolvemento que non constituía infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos puntos anteriores.

#### *Sección 3.<sup>a</sup> Sancións*

#### Artigo 96. *Sancións por infraccións moi graves.*

1. Pola comisión de infraccións moi graves imporáselle á sociedade xestora infractora unha ou máis das seguintes sancións:

- a) Multa por importe superior ao tanto e ata o quintuplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción. Naqueles casos en que o beneficio derivado da infracción cometida non resulte cuantificable, multa de ata 300.000 euros.
- b) Revogación da autorización con exclusión definitiva dos rexistros especiais. No caso de entidades estranxeiras ou xestoras autorizadas por outros Estados membros da

Unión Europea, a sanción de revogación, cando proceda, será substituída pola prohibición de operar ou ser comercializada en España.

c) Exclusión temporal da entidade incumpridora dos rexistros especiais por un prazo non inferior a dous anos nin superior a cinco.

d) Suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións que poida realizar o infractor por un prazo non superior a cinco anos.

e) Substitución forzosa do depositario da ECR ou EICC.

2. Adicionalmente ás sancións previstas nos puntos anteriores, poderase impor amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor e a natureza da infracción, e as sancións impostas.

#### Artigo 97. *Sancións por infraccións graves.*

1. Pola comisión de infraccións graves imporáselle á sociedade xestora infractora unha ou máis das seguintes sancións:

a) Multa por importe de ata o tanto do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción. Naqueles casos en que o beneficio derivado da infracción cometida non resulte cuantificable, multa de ata 150.000 euros.

b) Exclusión temporal da entidade incumpridora dos rexistros especiais, por un prazo non inferior a un ano nin superior a tres.

c) Suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións ou actividades que poida realizar o infractor por un prazo non superior a un ano.

2. Adicionalmente ás sancións previstas nos puntos anteriores, poderase impor amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor e a natureza da infracción, e as sancións impostas.

#### Artigo 98. *Sancións por infraccións leves.*

Pola comisión de infraccións leves imporáselle á sociedade xestora multa por importe de ata 60.000 euros.

#### Artigo 99. *Sancións por infraccións moi graves cometidas polos cargos de administración ou dirección.*

1. Sen prexuízo da sanción que corresponda á sociedade xestora pola comisión de infraccións moi graves, poderáselle impor unha das seguintes sancións a quen, exercendo cargos de administración ou dirección nela, sexa responsable da infracción consonte o artigo 91:

a) Multa a cada un deles por importe non superior a 300.000 euros.

b) Separación do cargo con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección nela e en calquera outra entidade financeira da mesma natureza por prazo non superior a 10 anos.

c) Suspensión no exercicio do cargo por prazo non superior a tres anos.

2. No caso de imposición das sancións previstas nas letras b) ou c) do punto anterior, poderase impor simultaneamente a sanción prevista na letra a).

3. Adicionalmente ás sancións previstas nos puntos anteriores, poderase impor amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor e a natureza da infracción, e as sancións impostas.

#### Artigo 100. *Sancións por infraccións graves cometidas polos cargos de administración ou dirección.*

1. Sen prexuízo da sanción que corresponda á sociedade xestora, pola comisión de infraccións graves poderáselle impor unha das seguintes sancións a quen, exercendo

cargos de administración ou dirección nela, sexa responsable da infracción consonte o artigo 91:

- a) Multa a cada un deles por importe non superior a 150.000 euros.
- b) Suspensión de todo cargo directivo na entidade por prazo non superior a un ano.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, no caso de imposición da sanción prevista na súa letra b) poderase impor simultaneamente a sanción prevista na letra a).

Adicionalmente ás sancións previstas nos puntos anteriores, poderase impor amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor e da natureza da infracción, e as sancións impostas.

Artigo 101. *Criterios para a determinación das sancións.*

1. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaranse con base nos criterios recollidos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e nos criterios que se establecen no punto seguinte.

2. Para determinar a sanción aplicable a aqueles que exercen cargos de administración ou dirección tomaranse en consideración, ademais, as seguintes circunstancias:

- a) O grao de responsabilidade nos feitos que concorran no infractor.
- b) A conduta anterior do interesado, na mesma ou noutra entidade, en relación coas normas de ordenación e disciplina, tomando en consideración para o efecto as sancións firmes que se lle impuxesen durante os últimos cinco anos.
- c) O carácter da representación que o interesado desempeñe.

Artigo 102. *Medidas de intervención e substitución.*

Será de aplicación ás SCR, ás SICC e ás SXEIC o disposto sobre medidas de intervención e substitución na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Outras disposicións*

Artigo 103. *Otras disposicións.*

En materia de prescrición de infraccións e sancións, de posible exención de responsabilidade administrativa, de imposición de multas coercitivas e de executividade das sancións que se impoñan conforme esta lei, resultará de aplicación o disposto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Disposición adicional primeira. *Transformación das sociedades xestoras de ECR autorizadas en SXEIC.*

A transformación das sociedades xestoras de ECR xa autorizadas de conformidade coa Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras, en SXEIC producirase cando entre en vigor esta lei, sen que sexa necesaria nova autorización. Tales sociedades xestoras deberán adaptar o uso da denominación «sociedades xestoras de ECR» polo de «SXEIC». A Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, o Rexistro Mercantil adaptarán de oficio os seus rexistros para recoller esta circunstancia.

Disposición adicional segunda. *Remisións normativas.*

1. As referencias contidas no ordenamento xurídico español á Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras, entenderanse realizadas a esta lei.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, as referencias ás entidades de capital risco entenderanse tamén realizadas ás entidades de capital risco peme.

Disposición adicional terceira. *Prazo de adaptación á nova normativa das entidades existentes.*

1. As sociedades xestoras de ECR e as ECR autorizadas antes da entrada en vigor desta lei deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo de tres meses contado desde a data de entrada en vigor da lei, unha declaración en que manifesten que adaptaron a entidade ás exigencias desta lei que lle sexan de aplicación segundo superen ou non os limiares establecidos no artigo 72, así como, de ser o caso, a modificación do programa de actividades que recolla a dita adaptación de acordo co artigo 52.3.b).

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, o Rexistro Mercantil adaptarán de oficio os seus rexistros para recoller a modificación dos estatutos sociais das xestoras para adaptarse a esta lei.

3. As xestoras disporán do prazo de 12 meses desde a entrada en vigor desta lei para actualizar e remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores o resto de información de que esta debe dispoñer consonte esta lei.

4. O disposto nos artigos 76 e 80 en relación coa comercialización transfronteiriza non resultará de aplicación á comercialización de participacións de ECR e EICC que sexan obxecto dunha oferta pública vixente ao abeiro dun folleto elaborado e publicado consonte a Lei 24/1988, do 28 de xullo, antes da entrada en vigor desta lei, mentres dure a validez do dito folleto.

5. As sociedades xestoras que xestionen ECR antes da entrada en vigor desta lei e que non efectúen novos investimentos despois da entrada en vigor desta lei poderán seguir xestionando tales ECR sen necesidade de adaptarse ás exigencias desta lei, para o que deberán presentar declaración para o efecto.

6. As sociedades xestoras, na medida en que xestionen ECR cuxo prazo de subscripción para investidores expirase antes da entrada en vigor desta lei e estean constituídas por un prazo que expire como moi tarde o 22 de xullo de 2016, poderán continuar xestionando tales ECR sen necesidade de cumprir co disposto nesta lei, salvo o que se refire á obrigaición de publicar un informe anual de acordo co disposto no artigo 67 e ás obrigaicións de información derivadas da adquisición de participacións significativas e do control de sociedades recollidas no artigo 71.

7. As entidades non autorizadas que antes da entrada en vigor desta lei estivesen desenvolvendo as actividades reservadas das SXEIC ou ás SCR, SCR-peme ou SICC autoxestionadas poderán seguir desenvolvendo a súa actividade pero deberán solicitar autorización, de conformidade co previsto no capítulo I do título II. Se non o fan, cesarán nas súas actividades, salvo que se encontren nos supostos a que se refiren os puntos 3, 4 e 5.

8. O requisito incluído na letra c) do artigo 77.1 só resultará de aplicación a partir do momento e nos termos que estableza o acto delegado que adopte a Comisión Europea de conformidade co artigo 67.6 da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011. Así mesmo, a comercialización das ECR e EICC de fóra da Unión Europea deixarán de requirir a autorización para ser comercializadas en España e o rexistro previstos nos puntos 4 e 5 do artigo 77 cando así o determine o acto delegado que adopte a Comisión Europea de acordo co artigo 68.6 da citada directiva.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei e, en particular, a Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

A Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Dáselle nova redacción ao punto 1 do artigo 2:

«1. Esta lei será de aplicación:

a) Ás IIC que teñan en España o seu domicilio social, no caso de sociedades de investimento, ou que se autorizasen en España, no caso de fondos.

b) Ás IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, de acordo coa Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, e que se comercialicen en España. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 15.

c) Ás IIC constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, xestionadas por sociedades xestoras autorizadas nun Estado membro ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010, cando se comercialicen en España a investidores profesionais. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 15 bis.

d) Ás IIC constituídas en terceiros Estados xestionadas por xestoras autorizadas nun Estado membro ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, cando se comercialicen en España a investidores profesionais. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 15 ter.

e) Ás IIC xestionadas por sociedades xestoras non domiciliadas na Unión Europea cando se comercialicen en España a investidores profesionais. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 15 quáter.

f) Ás IIC sinaladas nas letras c), d) e e) anteriores cando se comercialicen en España a investidores non profesionais. Neste caso, só lles serán aplicables na súa actuación en España as normas a que se refire o artigo 15 quinquies. Poderán delimitarse regulamentariamente os tipos de IIC que se poden comercializar a non profesionais.

En calquera caso, as letras b), c), d), e) e f) anteriores só serán de aplicación ás IIC de tipo aberto e a aquelas asimilables ás previstas no artigo 37 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento. En ningún caso lles resultará de aplicación a estas IIC o artigo 30 bis da Lei 24/1988, do 24 de xullo, do mercado de valores. Para tales efectos, entenderase por IIC de tipo aberto aquela cuxo obxecto sexa o investimento colectivo dos fondos captados entre o público e cuxo funcionamento estea sometido ao principio da repartición de riscos, e cuxas unidades, por petición do tedor, sexan recompradas ou reembolsadas, directa ou indirectamente, con cargo aos activos destas institucións. A acción realizada por unha IIC para asegurar que o valor de mercado das súas accións ou participacións nun mercado secundario oficial ou en calquera outro mercado regulado ou sistema multilateral de negociación domiciliado na Unión Europea non se desvíe sensiblemente do seu valor liquidativo entenderase como equivalente a estas recompras ou reembolsos.

Para os efectos do disposto nesta lei, entenderase por comercialización dunha institución de investimento colectivo a captación mediante actividade publicitaria, por conta da institución de investimento colectivo ou calquera entidade que actúe

no seu nome ou no dun dos seus comercializadores, de clientes para a súa achega á institución de investimento colectivo de fondos, bens ou dereitos.

Para estes efectos, entenderase por actividade publicitaria toda forma de comunicación dirixida a potenciais investidores co fin de promover, directamente ou a través de terceiros que actúen por conta da institución de investimento colectivo ou da sociedade xestora da institución de investimento colectivo, a subscripción ou a adquisición de participacións ou accións da institución de investimento colectivo. En todo caso, hai actividade publicitaria cando o medio empregado para dirixirse ao público sexa a través de chamadas telefónicas iniciadas pola institución de investimento colectivo ou pola súa sociedade xestora, visitas a domicilio, cartas personalizadas, correo electrónico ou calquera outro medio telemático, que formen parte dunha campaña de difusión, comercialización ou promoción.

A campaña entenderase realizada en territorio nacional sempre que estea dirixida a investidores residentes en España. No caso de correo electrónico ou calquera outro medio telemático, presumirase que a oferta se dirixe a investidores residentes en España cando a institución de investimento colectivo ou a súa sociedade xestora, ou calquera persoa que actúe por conta destes no medio informático, propoña a compra ou subscripción das accións ou participacións ou facilite aos residentes en territorio español a información necesaria para apreciar as características da emisión ou oferta e adherirse a ela.

En todo caso, as actividades de venda, alleamento, intermediación, subscripción, posterior reembolso ou transmisión das accións, participacións ou valores representativos do capital ou patrimonio da IIC en cuestión relacionados coa comercialización da IIC deberá realizarse a través dos intermediarios financeiros, conforme o previsto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.»

Dous. Dáselle nova redacción ao artigo 11.

«Artigo 11. *Requisitos de acceso e exercicio da actividade.*

1. Serán requisitos necesarios para obter e conservar a autorización:
  - a) Constituírse como sociedade anónima ou como fondo de investimento.
  - b) Limitar o seu obxecto social ás actividades establecidas nesta lei.
  - c) Dispor do capital social ou patrimonio mínimos no prazo e contía que regulamentariamente se determinen.
  - d) Contar cos accionistas ou partícipes no prazo e número legalmente exixibles.
  - e) No caso dos fondos de investimento, designar unha sociedade xestora que cumpra o previsto no artigo 43.1.c) se é unha SXIIC autorizada en España, ou que cumpra o previsto no punto 4 deste se é unha sociedade xestora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea en virtude da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, ou da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.  
No caso das sociedades de investimento, se o capital social inicial mínimo non supera os 300.000 euros, designarase unha sociedade xestora nos termos previstos anteriormente.
  - f) Designar un depositario coas excepcións que se prevexan regulamentariamente.

2. Tratándose de sociedades de investimento será necesario cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

- a) Contar cunha organización administrativa e contable, así como con procedementos de control interno adecuados que garantan, tanto aqueles coma

estes, a xestión correcta e prudente da IIC, incluíndo procedementos de xestión de riscos, así como mecanismos de control e de seguridade no ámbito informático e órganos e procedementos para a prevención do branqueo de capitais.

b) Que o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, estean situados en territorio español.

c) Que todos os administradores ou, de ser o caso, os membros do seu consello de administración, incluídas as persoas físicas que representen persoas xurídicas nos consellos, así como quen teña cargos de dirección na entidade, teñan unha recoñecida honorabilidade empresarial ou profesional.

Para os efectos do disposto neste artigo considerárase que desempeñan cargos de dirección os directores xerais e quen desenvolva na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados.

Concorre honorabilidade en quen ten mostrado unha conduta persoal, comercial e profesional que non suscite dúbidas sobre a súa capacidade para desempeñar unha xestión sa e prudente da entidade. Para valorar a concorrencia de honorabilidade deberá considerarse toda a información dispoñible, de acordo cos parámetros que se determinen regulamentariamente.

d) Que a maioría dos membros do seu consello de administración, ou das súas comisións executivas, así como todos os conselleiros delegados e directores xerais e asimilados, contén con coñecementos e experiencia adecuados en materias relacionadas co mercado de valores ou co obxecto principal de investimento da IIC en cuestión.

e) Contar cun regulamento interno de conduta nos termos previstos no capítulo I do título VI.

Os requisitos previstos nas anteriores letras a), d) e e) non serán exixibles ás sociedades de investimento cuxa xestión, administración e representación estean encomendadas a unha ou varias sociedades xestoras.

No caso de que se produzan cambios en quen desempeñe cargos de administración e dirección na sociedade, os novos datos identificativos deberán comunicarse inmediatamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que os fará públicos a través do correspondente rexistro.

3. Para os efectos do previsto nesta lei, considérase que desempeñan cargos de administración ou dirección nunha entidade os seus administradores ou membros dos seus órganos colexiados de administración e aquelas persoas que desenvolvan na entidade, de feito ou de dereito, funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados dela, incluídos os apoderados que non restrinxan o ámbito da súa representación a áreas ou materias específicas ou alleas á actividade que constitúe o obxecto da entidade.

4. No caso de que a sociedade xestora estea autorizada noutro Estado membro da UE en virtude da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, ou da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, será ademais necesario para obter a autorización facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores os seguintes documentos:

a) O acordo escrito co depositario a que se refire o artigo 58.

b) Información sobre as modalidades de delegación en relación coas funcións da xestión de activos e da administración das IIC. A sociedade xestora notificará á Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera modificación substancial posterior desta documentación.

Se a sociedade xestora xa xestiona outra IIC do mesmo tipo en España, será suficiente a referencia á documentación xa facilitada.

En ningún caso a autorización da IIC estará supeditada a que esta sexa xestionada por unha sociedade xestora cuxo domicilio social se encuentre en España nin a que a sociedade xestora exerza por si ou delegue o exercicio dalgunhas actividades en España.

5. Na medida en que sexa necesario para garantir o cumprimento das normas de cuxa supervisión sexa responsable a Comisión Nacional do Mercado de Valores, esta poderá solicitar ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade de xestión precisións e información acerca da documentación a que se refire o punto anterior e, sobre a base do certificado que a autoridade competente do Estado membro de orixe da sociedade xestora lle debe ter remitido, acerca de se o tipo de IIC para o cal se solicita autorización entra dentro do ámbito da autorización outorgada á sociedade de xestión.»

Tres. Dáselle nova redacción ao artigo 15, que queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Comercialización en España das accións e participacións de IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea de acordo coa Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, será libre, con suxeición ás normas previstas neste artigo, desde que a autoridade competente do Estado membro de orixe da IIC comunique á IIC que lle remitiu á Comisión Nacional do Mercado de Valores o escrito de notificación con información sobre as disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas, o regulamento do fondo de investimento ou os documentos constitutivos da sociedade, o seu folleto, o último informe anual e, de ser o caso, o informe semestral sucesivo, o documento cos datos fundamentais para o investidor e o certificado acreditativo de que a IIC cumpre as condicións impostas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores aceptará o envío por medios electrónicos da documentación a que se refire o parágrafo anterior.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores non exixirá información ou documentación adicional á establecida neste artigo.

As IIC deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España que non se encontren no ámbito da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, así como as normas que regulan a publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

Conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, as IIC deberán facilitar aos seus accionistas e partícipes os pagamentos; a adquisición das súas accións ou o reembolso das participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos accionistas e partícipes residentes en España e, en xeral, o exercicio dos seus dereitos.

2. A IIC a que se refire o punto anterior proporcionaralles aos investidores radicados en España toda a información e documentación que, consonte a lexislación do seu Estado membro de orixe, lles deba proporcionar aos investidores radicados en tal Estado. Esta información proporcionarase na forma establecida nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

O documento cos datos fundamentais para o investidor e as súas modificacións deberán presentarse en castelán ou noutra lingua admitida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.



O folleto e os informes anual e semestral e as súas modificacións deberán presentarse en castelán, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais ou noutra lingua admitida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A tradución da información a que se refiren os parágrafos anteriores será fiel ao seu orixinal e realizarase baixo a responsabilidade da IIC.

3. A IIC a que se refire o punto primeiro informará por escrito a Comisión Nacional do Mercado de Valores das modificacións da información en relación coas modalidades de comercialización de participacións ou accións, ou en relación coas clases destas que se vaian comercializar, comunicada no escrito de notificación a que se refire o parágrafo primeiro do punto primeiro, previamente a que esa modificación sexa efectiva.

A IIC comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera modificación dos documentos a que se refire o primeiro parágrafo do punto primeiro e indicará o sitio en que se poden obter en formato electrónico.»

Catro. Engádesse un novo artigo 15 bis coa redacción seguinte:

«Artigo 15 bis. *Comercialización en España a investidores profesionais das accións e participacións de IIC constituídas noutro Estado membro da Unión Europea xestionadas por xestoras autorizadas nun Estado membro ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. A comercialización en España a investidores profesionais, tal e como se definen no artigo 78 bis.3 da Lei do mercado de valores, das accións e participacións das IIC establecidas noutro Estado membro da Unión Europea xestionadas por xestoras autorizadas nun Estado membro ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, será libre, con suxeición ás normas previstas neste artigo, desde que a autoridade competente do Estado membro de orixe da xestora lle comunique á dita xestora que lle remitiu á Comisión Nacional do Mercado de Valores o escrito de notificación que inclúa a seguinte información:

- a) Identificación das IIC que a xestora pretende comercializar, así como onde se encontran establecidas estas IIC.
- b) As disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.
- c) O regulamento do fondo de investimento ou os documentos constitutivos da sociedade.
- d) O folleto da institución ou documento equivalente, no caso de que for exigible, e o último informe anual.
- e) A identificación do depositario da IIC.
- f) Unha descrición da IIC, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.
- g) Información sobre o lugar en que se encontra establecida a IIC principal se a IIC que se pretende comercializar é unha IIC subordinada.
- h) Cando proceda, información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización da IIC entre investidores retalistas.

Cando se trate dunha IIC subordinada, esta só se poderá comercializar en España cando a IIC principal estea domiciliada na Unión Europea e estea xestionada por unha xestora autorizada ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

Os informes anuais que se elaboren con posterioridade á inscrición das IIC estranxeiras en España poderán ser requiridos durante cinco anos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Coa notificación do punto 1 deberase xuntar o certificado acreditativo das autoridades competentes do Estado membro da Unión Europea de orixe da sociedade xestora que confirme que esa xestora está autorizada de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, para xestionar entidades de investimento cunha determinada estratexia de investimento.

3. O escrito de notificación do punto 1 e o certificado acreditativo do punto 2 deberán presentarse nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores aceptará o envío por medios electrónicos da documentación a que se refiren os dous primeiros puntos.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores non exixirá información ou documentación adicional á establecida neste artigo.

4. As IIC e as súas sociedades xestoras deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España referidas á comercialización e á publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

5. Conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, as sociedades xestoras deberán facilitar aos accionistas e partícipes das IIC os pagamentos; a adquisición das súas accións ou o reembolso das participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos accionistas e partícipes residentes en España e, en xeral, o exercicio dos seus dereitos.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 15 ter, que queda redactado como segue:

«Artigo 15 ter. *Comercialización en España a investidores profesionais das accións e participacións de IIC constituídas nun Estado non membro da Unión Europea xestionadas por xestoras autorizadas nun Estado membro de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.d) que se dirixa a investidores profesionais requirirá que, con carácter previo, se acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento dos seguintes aspectos:

a) Que a normativa española regula a mesma categoría de IIC a que pertence a institución estranxeira e que a IIC está suxeita no seu Estado de orixe a unha normativa específica de protección dos intereses dos accionistas ou partícipes semellante á normativa española nesta materia.

b) Que existan acordos adecuados de cooperación entre as autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade xestora e as autoridades de supervisión do Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a IIC co obxecto de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que lles permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

c) Que o país en que está establecida a IIC non figure na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

d) Que o terceiro país en que estea establecida a IIC de fóra da Unión Europea asinase un acordo con España que se axuste plenamente aos preceptos establecidos no artigo 26 do modelo de convenio tributario sobre a renda e sobre o patrimonio da OCDE e garanta un intercambio efectivo de información en materia tributaria, incluíndo, se procede, acordos multilaterais en materia de impostos.

2. Acreditados tales aspectos, a xestora da IIC deberá achegar e rexistrar na Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

- a) Identificación das IIC que a xestora pretende comercializar, así como onde se encontran establecidas estas IIC.
- b) Disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.
- c) Regulamento do fondo de investimento ou os documentos constitutivos da sociedade.
- d) Folleto da institución ou documento equivalente, en caso de que sexa exixible, e o último informe anual.
- e) Identificación do depositario da IIC.
- f) Descrición da IIC, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.
- g) Información sobre o lugar en que se encontra establecida a IIC principal se a IIC que se pretende comercializar é unha IIC subordinada.
- h) Cando proceda, información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización da IIC entre investidores retalistas.
- i) Os documentos que acrediten a suxeición da IIC establecida nun Estado non membro da Unión Europea e as accións, participacións ou valores representativos do seu capital ou patrimonio ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.

Todos os documentos a que se refiren este punto e o anterior deberán presentarse nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

3. Adicionalmente, a xestora deberá achegar xunto coa documentación anterior un certificado acreditativo, que deberá solicitar ás súas autoridades competentes, que confirme que a dita xestora está autorizada de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, para xestionar entidades de investimento cunha determinada estratexia de investimento.

4. Para que as accións ou participacións da institución de investimento colectivo poidan ser comercializadas en España será preciso que sexa expresamente autorizada para tal fin pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e que tanto as xestoras como as IIC que pretenda comercializar queden inscritas nos seus rexistros.

A autorización para seren comercializadas poderá ser denegada por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás IIC no correspondente país de orixe, por non quedar asegurado o cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois, por non quedar suficientemente garantida a debida protección dos investidores residentes en España ou pola existencia de perturbacións nas condicións de competencia entre estas IIC e as IIC autorizadas en España.

5. Unha vez autorizadas para ser comercializadas e inscritas as IIC e as súas xestoras no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as xestoras, conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, deberán facilitar aos accionistas e partícipes destas IIC os pagamentos, a adquisición polas IIC das súas accións ou o reembolso das súas participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos partícipes e accionistas residentes en España e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos.

As IIC e as súas xestoras deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España referidas á comercialización e á publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

6. Poderán determinarse regulamentariamente requisitos adicionais para a comercialización das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.d).»

Seis. Engádesse un novo artigo 15 quáter, que queda redactado como segue:

«Artigo 15 quáter. *Comercialización en España a investidores profesionais das accións e participacións de IIC xestionadas por xestoras non domiciliadas na Unión Europea.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.e) que se dirixa a investidores profesionais requirirá que, con carácter previo, se acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento dos seguintes aspectos:

a) Que a normativa española regula a mesma categoría de IIC a que pertence a institución estranxeira e que a IIC, ou a xestora que actúe no seu nome, está suxeita no seu Estado de orixe a unha normativa específica de protección dos intereses dos accionistas ou partícipes semellante á normativa española nesta materia.

b) Informe favorable da autoridade do Estado de orixe a que estea encomendado o control e inspección da IIC ou da xestora que actúe no seu nome, con respecto ao desenvolvemento das actividades desta.

c) Que existan acordos adecuados de cooperación entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores, as autoridades competentes do país de orixe da xestora, as autoridades de supervisión do Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a IIC e, de ser o caso, as autoridades de supervisión do Estado membro da Unión Europea en que estea establecida a IIC, co obxecto de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións de acordo coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

d) Que o Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a xestora e, de ser o caso, a IIC establecida nun Estado non membro da Unión Europea non figuren na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

2. Acreditados tales aspectos, a xestora da IIC deberá achegar e rexistrar na Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

a) Identificación das IIC que a xestora pretende comercializar, así como onde se encontran establecidas estas IIC.

b) Disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.

c) Regulamento do fondo de investimento ou os documentos constitutivos da sociedade.

d) Folleto da institución ou documento equivalente, en caso de que sexa exixible, e o último informe anual.

e) Identificación do depositario da IIC.

f) Descrición da IIC, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.

g) Información sobre o lugar en que se encontra establecida a IIC principal se a IIC que se pretende comercializar é unha IIC subordinada.

h) Cando proceda, información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización da IIC entre investidores retalistas.

i) Os documentos que acrediten a suxeición da xestora establecida nun Estado non membro da Unión Europea e, cando corresponda, da IIC establecida nun Estado non membro da Unión Europea, e as accións, participacións ou valores

representativos do seu capital ou patrimonio, ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.

Todos os documentos a que se refiren este punto e o anterior deberán presentarse nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

3. Para que as accións ou participacións da institución de investimento colectivo poidan ser comercializadas en España será preciso que sexa expresamente autorizada para tal fin pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e que tanto as xestoras como as IIC que pretenda comercializar queden inscritas nos seus rexistros.

A autorización para ser comercializada poderá ser denegada por motivos prudenciais ou, no caso de que o país de orixe da IIC non sexa un Estado membro da Unión Europea, por non darse un trato equivalente ás IIC ou ás xestoras españolas no correspondente país de orixe, por non quedar asegurado o cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois, por non quedar suficientemente garantida a debida protección dos investidores residentes en España ou pola existencia de perturbacións nas condicións de competencia entre estas IIC e as IIC autorizadas en España.

4. Unha vez autorizadas para ser comercializadas e inscritas as IIC e as súas xestoras no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as xestoras, conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, deberán facilitar aos accionistas e partícipes destas IIC: os pagamentos; a adquisición polas IIC das súas accións ou o reembolso das súas participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos partícipes e accionistas residentes en España e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos.

As IIC e as súas xestoras deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España referidas á comercialización e á publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

5. Poderán determinarse regulamentariamente requisitos adicionais para a comercialización das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.e).»

Sete. Engádesse un novo artigo 15 quinquies, que queda redactado como segue:

«Artigo 15 quinquies. *Comercialización en España a investidores non profesionais das accións e participacións de IIC referidas no artigo 2.1.f).*

1. A comercialización en España das accións e participacións das IIC referidas no artigo 2.1.f) a investidores non profesionais requirirá que, con carácter previo, se acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento dos requisitos do punto 1 do artigo 15 quáter.

2. Acreditados tales aspectos, a xestora deberá achegar e rexistrar na Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte documentación:

a) Identificación das IIC que a xestora pretende comercializar, así como onde se encontran establecidas estas IIC.

b) Disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións en España e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.

c) Regulamento do fondo de investimento ou os documentos constitutivos da sociedade.

d) Folleto informativo e o documento cos datos fundamentais para o investidor ou documento equivalente, que deberán ser aprobados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, así como a súa publicación.

e) Identificación do depositario da IIC.

f) Descrición da IIC, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.

g) Información sobre o lugar en que se encontra establecida a IIC principal se a IIC que se pretende comercializar é unha IIC subordinada.

h) Os documentos que acrediten a suxeición da xestora establecida nun Estado non membro da Unión Europea e, cando corresponda, da IIC establecida nun Estado non membro da Unión Europea, e as accións, participacións ou valores representativos do seu capital ou patrimonio, ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.

i) Os estados financeiros da IIC e o seu correspondente informe de auditoría de contas, preparados de acordo coa lexislación aplicable a esa IIC.

3. Todos os documentos a que se refire este artigo deberán presentarse xunto coa súa tradución para o castelán ou outra lingua admitida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Para que as accións ou participacións da institución de investimento colectivo poidan ser comercializadas en España será preciso que sexa expresamente autorizada para tal fin pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e que tanto as xestoras como as IIC que pretenda comercializar queden inscritas nos seus rexistros.

A autorización para ser comercializada poderá ser denegada por motivos prudenciais ou, no caso de que o país de orixe da IIC ou da xestora non sexa un Estado membro da Unión Europea, por non darse un trato equivalente ás IIC ou as súas xestoras españolas no dito país de orixe, por non quedar asegurado o cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois, por non quedar suficientemente garantida a debida protección dos investidores residentes en España ou pola existencia de perturbacións nas condicións de competencia entre estas IIC e as IIC autorizadas en España.

5. Unha vez autorizadas para ser comercializadas e inscritas as IIC e as súas xestoras no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as xestoras, conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, deberán facilitar aos accionistas e partícipes destas IIC: os pagamentos; a adquisición polas IIC das súas accións ou o reembolso das súas participacións; a difusión das informacións que deban subministrar aos partícipes e accionistas residentes en España e, en xeral, o exercicio por estes dos seus dereitos.

As IIC e as súas xestoras deberán respectar as disposicións normativas vixentes en España referidas á comercialización e á publicidade en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará o cumprimento destas obrigacións.

6. O intermediario facultado deberá entregar gratuitamente aos accionistas ou partícipes residentes en España da IIC estranxeira, de conformidade co disposto no capítulo III do título II, o folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, ou documento similar, e os informes anual e semestral das IIC, así como o regulamento de xestión do fondo ou, de ser o caso, os estatutos da sociedade. Estes documentos facilitaranse na súa tradución para o castelán ou outra lingua admitida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. Poderán determinarse regulamentariamente requisitos adicionais para a comercialización das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.f).»

Oito. Modifícase o título do artigo 16, que queda como segue:

«Artigo 16. *Comercialización das accións e participacións de IIC españolas reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, no ámbito da Unión Europea.*»

Novo. Engádesse un novo artigo 16 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 16 bis. *Comercialización no ámbito da Unión Europea de IIC distintas ás reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, no ámbito da Unión Europea, xestionadas por sociedades xestoras autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, no ámbito da Unión Europea.*

1. As SXIIC españolas autorizadas ao abeiro desta lei que pretendan comercializar no ámbito da Unión Europea as accións ou participacións de IIC distintas das reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, no ámbito da Unión Europea, deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores un escrito de notificación que conteña a seguinte información:

- a) Identificación das IIC que se pretendan comercializar, así como onde están establecidas tales IIC.
- b) As disposicións e modalidades de comercialización das accións ou participacións da IIC nos Estados membros onde pretenda comercializalas e, cando proceda, sobre as clases destas ou sobre as series daquelas.
- c) O regulamento do fondo de investimento ou os documentos constitutivos da sociedade.
- d) O folleto da institución ou documento equivalente e o último informe anual.
- e) A identificación do depositario da IIC.
- f) Unha descrición da IIC, ou calquera información sobre esta, á disposición dos investidores.
- g) Información sobre o lugar en que se encontra establecida a IIC principal se a IIC que se pretende comercializar é unha IIC subordinada.
- h) A indicación do Estado membro en que teña previsto comercializar a IIC entre investidores profesionais.
- i) Cando proceda, información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización da IIC entre investidores retalistas.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores verificará que esta documentación estea completa. No prazo de 20 días hábiles desde a recepción do expediente de documentación completo a que se refire o punto 1, a Comisión Nacional do Mercado de Valores transmitirállelo ás autoridades competentes do Estado ou dos Estados membros en que se pretenda comercializar a IIC. Esta remisión levarase a cabo por medios electrónicos.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores xuntará ao escrito de notificación un certificado acreditativo que confirme que a sociedade xestora está autorizada de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, a xestionar IIC con esa estratexia de investimento concreta.

3. Unha vez transmitido o expediente de notificación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificarallo inmediatamente á sociedade xestora. A xestora poderá iniciar a comercialización da IIC no Estado membro de acollida a partir da data de tal notificación.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará as autoridades competentes do Estado membro en que está establecida a IIC de que a xestora pode comezar a comercializar participacións da IIC no Estado membro de acollida.

O escrito de notificación e o certificado referidos nos puntos 1 e 2 expediranse, ao menos, nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais.

4. En caso de modificación substancial dalgún dos datos comunicados de conformidade co punto 1, a xestora informará diso por escrito a Comisión Nacional do Mercado de Valores ao menos un mes antes de facer efectiva a modificación, se

esta está prevista ou, no caso dunha modificación imprevista, inmediatamente despois de se producir a modificación.

Se, como consecuencia da modificación prevista, a xestión da IIC por parte da xestora xa non fose conforme con esta lei ou, en xeral, a xestora xa non cumprise esta lei, as autoridades competentes pertinentes informarán a xestora, sen demora inustificada, de que non pode aplicar a modificación.

Se a modificación prevista se aplica sen prexuízo dos parágrafos anteriores, ou se se produciu un acontecemento imprevisto que provocou unha modificación como consecuencia da cal a xestión da IIC por parte da xestora puider deixar de ser conforme con esta lei, ou se a xestora puider deixar de cumprir esta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará todas as medidas oportunas incluíndo, se for necesario, a prohibición expresa da comercialización da IIC.

Se as modificacións son aceptables porque non inflúen na conformidade con esta lei da xestión da IIC por parte da xestora, ou no cumprimento pola xestora desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará, sen demora inustificada, as autoridades competentes do Estado membro de acollida desas modificacións.»

Dez. Modifícanse os puntos 4 e 6 do artigo 17, que quedan redactados como segue:

«4. O informe anual deberá conter as contas anuais, o informe de xestión, o informe de auditoría de contas correspondente, a información sobre remuneracións a que se refire o artigo 46 bis e as demais informacións que se determinen regulamentariamente, co obxecto de incluír a información significativa que permita ao investidor formular, con coñecemento de causa, un xuízo sobre a evolución da actividade e os resultados da institución.»

«6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá os modelos normalizados de toda a documentación a que se refire o presente artigo.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores manterá un rexistro de folletos, documentos cos datos fundamentais para o investidor, informes anuais, semestrais e trimestrais das IIC, ao cal o público terá libre acceso.

Todos os documentos citados nos puntos anteriores, simultaneamente á súa difusión entre o público, serán remitidos á Comisión Nacional do Mercado de Valores co obxectivo de manter actualizados os rexistros a que fai referencia o parágrafo anterior. No caso do folleto e do documento cos datos fundamentais para o investidor, a súa difusión requirirá o rexistro previo pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de conformidade co disposto no artigo 10.6. No caso dos fondos, o rexistro do documento cos datos fundamentais para o investidor e do folleto requirirá a súa verificación previa pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

As obrigacións que derivan do segundo e terceiro parágrafo deste punto aplicaranse tamén respecto das sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, e da Directiva 2011/61/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, que leven a cabo a actividade de xestión dunha IIC autorizada en España.»

Once. Modifícase o punto 3 do artigo 26, que queda redactado como segue:

«3. No caso de sociedades de investimento, os procesos de fusión axustaranse ao disposto na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, no que non estea disposto por esta lei e pola súa normativa de desenvolvemento.

O procedemento de fusión iniciárase tras acordo do proxecto común de fusión polos administradores de cada unha das sociedades que participen na fusión, o cal, xunto co resto de información que se determine regulamentariamente, deberán facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa autorización. Esta



autorización solicitaráselle á Comisión Nacional do Mercado de Valores unha vez que a fusión fose acordada polo consello de administración e antes do cumprimento dos requisitos de publicidade do proxecto de fusión establecidos na Lei 3/2009, do 3 de abril.

A autorización, xunto coa información adecuada e exacta sobre a fusión prevista que se determinará regulamentariamente, deberá ser obxecto de comunicación aos accionistas de todas as sociedades afectadas con posterioridade ao cumprimento dos requisitos de publicidade do proxecto de fusión establecidos na Lei 3/2009, do 3 de abril, a través dun procedemento que asegure a recepción daquel no domicilio que figure na documentación da sociedade.

A fusión deberá ser acordada necesariamente pola xunta xeral de cada unha das sociedades que participen nela, unha vez que a Comisión Nacional do Mercado de Valores autorice a fusión.

A ecuación de troca definitiva determinarase sobre a base dos valores liquidativos e o número de accións en circulación do día anterior ao do outorgamento da escritura pública de fusión. Para estes efectos, será válida a certificación expedida polo secretario do consello de administración da sociedade de investimento ou polo secretario do consello de administración ou conselleiro delegado da sociedade xestora.

O contido do proxecto de fusión desenvolverase regulamentariamente.»

Doce. Modifícase o título da sección 1.<sup>a</sup> do capítulo I do título III coa seguinte redacción:

*«Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións comúns aplicables ás IIC que cumpran coa Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, e a outras IIC de carácter financeiro similares.»*

Trece. Engádese unha sección 3.<sup>a</sup> ao capítulo I do título III coa seguinte redacción:

*«Sección 3.<sup>a</sup> Disposicións aplicables a outras IIC de carácter financeiro que non cumpran coa Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.»*

Catorce. Engádese un novo artigo 33 bis na nova sección 3.<sup>a</sup> do capítulo I do título III, coa seguinte redacción:

*«Artigo 33 bis. IIC de investimento libre.*

As IIC de investimento libre son aquelas IIC de carácter financeiro que cumprarán cos principios do artigo 23 nos termos que se determinen regulamentariamente.

Así mesmo, determinarase regulamentariamente os activos aptos, as regras sobre investimentos e as obrigacións fronte a terceiros das ditas IIC.

As IIC de investimento libre poderán conceder créditos a terceiros.

As denominacións «Fondo de investimento libre» ou «Sociedade de investimento libre», ou as súas siglas «FIL» ou «SIL», serán privativas das entidades autorizadas, constituídas e rexistradas conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Quince. Engádesse un novo artigo 33 ter na nova sección 3.<sup>a</sup> do capítulo I do título III, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 ter. *IIC de IIC de investimento libre.*

As IIC de IIC de investimento libre reguladas nesta lei son aquelas IIC ás cales se lles aplicarán as regras sobre IIC de carácter financeiro, coas excepcións que se determinen regulamentariamente.

A denominación «IIC de IIC de investimento libre», ou a súa sigla «IICICIL», será privativa das entidades autorizadas, constituídas e rexistradas conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 34 coa seguinte redacción:

«Artigo 34. *Concepto.*

Son IIC de carácter non financeiro todas aquelas que non estean recollidas no capítulo I do título III.»

Dezasete. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 40, que quedan redactados como segue:

«1. As SXIIC son sociedades anónimas cuxo obxecto social consistirá na xestión dos investimentos, o control e a xestión de riscos, a administración, representación e xestión das subscricións e reembolsos dos fondos e as sociedades de investimento.

Ademais, as sociedades xestoras poderán ser autorizadas para realizar as seguintes actividades:

a) Xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimentos, incluídas as pertencentes a fondos de pensións, en virtude dun mandato outorgado polos investidores ou persoa legalmente autorizada, sempre que tales carteiras inclúan un ou varios dos instrumentos previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Administración, representación, xestión e comercialización de entidades de capital risco, de entidades de investimento colectivo cerradas, de fondos de capital risco europeos (FCRE) e de fondos de emprendemento social europeos (FESE), nos termos establecidos pola Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

2. Non obstante o disposto no punto 1 deste artigo, as sociedades xestoras poderán ser autorizadas, ademais, para realizar as seguintes actividades complementarias:

a) Asesoramento sobre investimentos nun ou varios dos instrumentos previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Custodia e administración das participacións dos fondos de investimento e, de ser o caso, das accións das sociedades de investimento dos FCRE e FESE.

c) A recepción e transmisión de ordes de clientes en relación cun ou varios instrumentos financeiros.

En todo caso, a autorización para realizar as actividades do presente punto estará condicionada a que a sociedade xestora conte coa autorización preceptiva para prestar os servizos mencionados na letra a) do punto 1 anterior.»

Dezaioito. Modifícanse os puntos 1, 2 e 4 do artigo 41, que quedan redactados como segue:

«1. Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores autorizar, con carácter previo, a creación dunha SXIIC. Unha vez constituídas, para dar comezo á súa actividade deberán inscribirse no Rexistro Mercantil e no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará á Autoridade Europea de Valores e Mercados cada autorización concedida ou revogada coa periodicidade que se determine regulamentariamente.

2. Á solicitude de autorización deberánselle xuntar os documentos que se establezan, entre os cales figurarán necesariamente o proxecto de estatutos e unha memoria en que se describirá con detalle a estrutura organizativa da sociedade, a relación de actividades que se pretende desenvolver e os medios técnicos e humanos de que disporá, relación de quen desempeñará cargos de administración ou dirección na entidade, así como a acreditación da honorabilidade e da profesionalidade destes, a identidade dos accionistas, xa sexan directos ou indirectos, persoas físicas ou xurídicas, que posúan unha participación significativa na sociedade e o importe dela e, en xeral, cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos neste capítulo.

Así mesmo, na solicitude de autorización, as sociedades xestoras, de conformidade co que se determine regulamentariamente, deberán incluír información sobre:

a) As políticas e prácticas remunerativas establecidas para os altos directivos, os responsables de asumir riscos, os que exerzan funcións de control, así como calquera empregado incluído no mesmo grupo de remuneración que os anteriores, as cales deberán ser acordadas cunha xestión racional e eficaz do risco, de forma que non se induza á asunción de riscos incompatibles co perfil de risco dos vehículos que xestionan.

b) Información sobre as disposicións adoptadas para a delegación e subdelegación de funcións en terceiros.

4. A resolución da autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que en todo caso deberá ser motivada, deberá notificarse dentro dos tres meses seguintes á presentación da solicitude ou ao día en que se complete a documentación exigible.

Poderanse prolongar estes prazos en tres meses cando se considere necesario e se notifique previamente á SXIIC. Se transcorre ese prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse estimada a solicitude por silencio administrativo, cos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Dezanove. Engádesse un novo artigo 41 bis coa redacción seguinte:

«Artigo 41 bis. *Supostos de exención.*

1. As SXIIC poderán quedar exceptuadas do cumprimento dalgunhas das obrigacións desta lei, de acordo co que se dispoña regulamentariamente, cando cumpran os seguintes requisitos:

a) Que unicamente xestionen entidades de investimento e cuxos activos baixo xestión sexan inferiores a 100 millóns de euros, incluídos os activos adquiridos mediante recurso ao aparcamento, ou

b) 500 millóns de euros cando as entidades de investimento que xestionen non estean aparcadas e non teñan dereitos de reembolso que se poidan exercer durante un período de cinco anos despois da data de investimento inicial.

Para efectos do cálculo dos limiares computarán como activos baixo xestión da SXIIC todos os activos en entidades de investimento constituídas consonte a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, que xestione tanto a propia sociedade xestora directamente como indirectamente por medio dunha empresa coa cal a xestora estea relacionada por motivos de xestión ou control común, ou por unha participación directa ou indirecta significativa.

2. As xestoras anteriores deberán informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores das IIC que xestionen e proporcionarlle información sobre as estratexias de investimento. Así mesmo, facilitarán periodicamente información á Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre os principais instrumentos en que invistan, así como sobre os principais riscos e concentracións tal e como se establece na normativa de desenvolvemento desta lei.

3. Estas xestoras deberán informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores cando deixen de cumprir as condicións que figuran no punto 1.

4. O previsto no punto 1 deste artigo non será de aplicación para as SXIIC que comercialicen IIC a investidores que non sexan profesionais.

Para estes efectos, as SXIIC deberán ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.»

Vinte. Engádesse un novo punto 5 no artigo 46 coa redacción seguinte:

«5. Adicionalmente, e sen prexuízo do establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, poderán establecerse regulamentariamente, entre outras, as obrigacións das sociedades xestoras en relación:

- a) Coas políticas e prácticas remunerativas.
- b) Coas medidas que deberán adoptar para detectar, impedir, xestionar e controlar os conflitos de interese que poidan xurdir durante a xestión de IIC.
- c) Coa adecuada xestión do risco. En particular, as sociedades xestoras, ao avaliaren a solvencia dos activos das IIC, non dependerán, de maneira exclusiva e automática, das cualificacións emitidas polas axencias de cualificación crediticia definidas no artigo 3, punto 1, letra b), do Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre axencias de cualificación crediticia.
- d) Coas medidas para garantir un sistema adecuado de xestión da liquidez.»

Vinte e un. Engádesse un novo artigo 46 bis coa redacción seguinte:

«Artigo 46 bis. *Información sobre as políticas de remuneración.*

1. As SXIIC deberán facer pública, no informe anual, a seguinte información sobre as súas políticas de remuneración:

a) A contía total da remuneración aboada pola sociedade xestora ao seu persoal, desagregada en remuneración fixa e variable, o número de beneficiarios e, cando proceda, as remuneracións que se baseen nunha participación nos beneficios da IIC obtida pola SXIIC como compensación pola xestión e excluída toda participación nos beneficios da IIC obtida como rendemento do capital investido pola SXIIC na IIC.

b) O importe agregado da remuneración, desagregado entre altos cargos e empregados da sociedade xestora cuxa actuación teña unha incidencia material no perfil de risco da IIC.

2. Ao fixar e aplicar a política remunerativa total, incluídos os salarios e os beneficios discrecionais de pensións, daquelas categorías de persoal, incluídos os altos directivos, os responsables de asumir riscos e os que exercen funcións de control, e calquera empregado que perciba unha remuneración total que o inclúa

no mesmo grupo de remuneración que os altos directivos e os responsables de asumir riscos, cuxas actividades profesionais inciden de maneira importante no perfil de risco das SXIIC ou das IIC que xestionen, as SXIIC ateranse aos principios que a continuación se indican, de maneira e na medida acorde coas súas dimensións, coa súa organización interna e coa natureza, co alcance e coa complexidade das súas actividades:

a) A política remunerativa será acorde cunha xestión sa e eficaz do risco, propiciará este tipo de xestión e non ofrecerá incentivos para asumir riscos incompatibles cos perfís de risco, coas normas dos fondos ou cos estatutos das IIC que xestionen.

b) A política remunerativa será compatible coa estratexia empresarial, cos obxectivos, cos valores e cos intereses da SXIIC e das IIC que xestionen ou dos investidores da IIC, e incluírá medidas para evitar os conflitos de intereses.

c) O órgano de dirección, na súa función supervisora da SXIIC, fixará os principios xerais da política remunerativa, revisaraos periodicamente e será tamén responsable da súa aplicación.

d) Ao menos unha vez ao ano, farase unha avaliación interna central e independente da aplicación da política remunerativa, co obxecto de verificar se se cumpren as políticas e os procedementos de remuneración adoptados polo órgano de dirección na súa función supervisora.

e) Os membros do persoal que participen na xestión de riscos serán compensados en función da consecución dos obxectivos vinculados ás súas funcións, con independencia dos resultados que reflectan as áreas de negocio controladas por eles.

f) A remuneración dos altos directivos na xestión do risco e en funcións de cumprimento estará supervisada directamente polo comité de remuneración.

g) Cando a remuneración estea vinculada aos resultados, o seu importe total basearase nunha avaliación en que se combinen os resultados da persoa e os da unidade de negocio ou das IIC afectadas e os resultados globais da SXIIC, e na avaliación dos resultados individuais atenderase tanto a criterios financeiros como non financeiros.

h) A avaliación dos resultados levarase a cabo nun marco plurianual adecuado ao ciclo de vida da IIC xestionado pola SXIIC, co fin de garantir que o proceso de avaliación se basee nos resultados a máis longo prazo e que a liquidación efectiva dos compoñentes da remuneración baseados nos resultados se estenda ao longo dun período que teña en conta a política de reembolso da IIC que xestione e os seus riscos de investimento.

i) A remuneración variable só poderá garantirse en casos excepcionais, no contexto da contratación de novo persoal e con carácter limitado ao primeiro ano.

j) Na remuneración total, os compoñentes fixos e os compoñentes variables estarán debidamente equilibrados; o compoñente fixo constituirá unha parte suficientemente elevada da remuneración total, de modo que a política de elementos variables da remuneración poida ser plenamente flexible, ata tal punto que sexa posible non pagar ningún compoñente variable da remuneración.

k) Os pagamentos por rescisión anticipada dun contrato basearase nos resultados obtidos no transcurso do tempo e estableceranse de forma que non recompensen os malos resultados.

l) Na medición dos resultados con vistas a calcular os compoñentes variables da remuneración ou os lotes de compoñentes variables da remuneración incluírase un mecanismo completo de axuste para integrar todos os tipos de riscos correntes e futuros.

m) En función da estrutura legal da IIC e dos regulamentos ou documentos constitutivos, unha parte substancial, que é ao menos o 50 por cento de calquera remuneración variable, consistirá en participacións da IIC en cuestión, ou xuros de propiedade equivalentes, ou instrumentos vinculados a accións, ou instrumentos

equivalentes distintos do efectivo, salvo se a xestión da IIC representa menos do 50 por cento da carteira total xestionado pola SXIIC, caso en que non se aplicará o mínimo do 50 por cento.

Estes instrumentos están suxeitos a unha política de retención apropiada destinada a aliñar os incentivos cos intereses das SXIIC e as IIC que xestionan e os investidores das IIC.

n) Unha parte substancial, que represente ao menos o 40 por cento do compoñente de remuneración variable, aprazarse durante un período oportuno en función do ciclo de vida e da política de reembolso da IIC de que se trate e adaptarse adecuadamente á natureza dos riscos da IIC de que se trate.

O período a que se refire o parágrafo anterior será de entre tres e cinco anos como mínimo, salvo se o ciclo de vida da IIC en cuestión é máis curto; non se entrará en posesión da remuneración pagadoira en virtude de disposicións de aprazamento máis rapidamente que de maneira proporcional; no caso dun elemento de remuneración variable dunha contía especialmente elevada, aprazarse como mínimo o 60 por cento.

ñ) A remuneración variable, incluída a parte aprazada, pagarase ou entrarase en posesión dela unicamente se resulta sustentable consonte a situación financeira da SXIIC no seu conxunto, e se se xustifica consonte os resultados da unidade de negocio da IIC e da persoa de que se trate.

A remuneración variable total contraerese xeralmente de forma considerable cando a SXIIC ou a IIC obteñan uns resultados financeiros mediocres ou negativos, tendo en conta a remuneración actual e a redución dos pagamentos dos importes obtidos anteriormente, incluso a través de disposicións de penalización ou recuperación.

o) A política de pensións será compatible coa estratexia empresarial, cos obxectivos, cos valores e cos intereses a longo prazo da SXIIC e das IIC que xestione.

Se o empregado abandona a SXIIC antes da súa xubilación, a SXIIC terá no seu poder os beneficios discrecionais de pensión por un período de cinco anos en forma de instrumentos como os definidos na letra m). Se un empregado alcanza a idade de xubilación, aboaránselle os beneficios discrecionais de pensión en forma de instrumentos como os definidos na letra m) suxeitos a un período de retención de cinco anos.

p) Os membros do persoal comprometeranse a non facer uso de estratexias persoais de cobertura de riscos ou de seguros relacionados coa responsabilidade co fin de socavar os efectos de aliñación de riscos integrados no seu réxime de remuneración.

q) A remuneración variable non se aboará mediante instrumentos ou métodos que permitan eludir os requisitos que establece esta lei e o seu desenvolvemento regulamentario.

3. Os principios indicados no punto 2 serán aplicables a calquera tipo de remuneración que aboe a SXIIC; a calquera importe aboado directamente pola propia IIC, incluíndo xuros acumulados; e a toda transferencia de participacións da IIC en beneficio daquelas categorías de persoal, incluídos os altos directivos, os responsables de asumir riscos e os que exercen funcións de control e calquera empregado que perciba unha remuneración total que o inclúa no mesmo grupo de remuneración que os altos directivos e os responsables de asumir riscos, cuxas actividades profesionais incidan de maneira importante no seu perfil de risco ou nos perfís de risco das IIC que xestionen.

4. As SXIIC importantes por razón do seu tamaño ou pola importancia das IIC que xestionen, pola súa organización interna e pola natureza, alcance e complexidade das súas actividades instituirán un comité de remuneracións. Este comité constituirase de maneira que poida avaliar con competencia e

independencia as normas e prácticas remunerativas e os incentivos establecidos para a xestión de riscos.

O comité de remuneracións encargarase da preparación das decisións relativas ás remuneracións, incluídas as que teñan repercusións para o risco e a xestión de riscos da SXIIC ou da IIC de que se trate e que deberá adoptar o órgano de dirección na súa función supervisora. O comité de remuneracións estará presidido por un membro do órgano de dirección que non exerza funcións executivas na SXIIC de que se trate. Os membros do comité de remuneracións serán membros do órgano de dirección que non exerzan funcións executivas na SXIIC de que se trate.

5. Poderanse desenvolver regulamentariamente os principios establecidos neste artigo.»

Vinte e dous. Engádese un novo artigo 47 bis coa redacción seguinte:

«Artigo 47 bis. *Obligacións derivadas da adquisición de participacións significativas e do control de sociedades por IIC xestionadas por sociedades xestoras autorizadas ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. A SXIIC deberá notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo máximo de 10 días hábiles, a porcentaxe de dereitos de voto resultante nos casos en que unha IIC adquira ou transmita directa ou indirectamente accións ou participacións dunha sociedade non cotizada, xa sexa de forma individual ou conxuntamente con base nun acordo con outras IIC ou coas súas SXIIC, e como resultado dos ditos negocios xurídicos a proporción de dereitos de voto que quede no seu poder alcance ou supere os limiares do 10, 20, 30, 50 ou 75 por cento ou se reduza por debaixo deses limiares.

2. Cando unha IIC adquira directa ou indirectamente accións ou participacións dunha sociedade non cotizada, xa sexa de forma individual ou conxuntamente con base nun acordo con outras IIC ou coas súas SXIIC, e como resultado desa adquisición pase a ter máis do 50 por cento dos dereitos de voto da sociedade non cotizada, a súa SXIIC deberá cumprir as seguintes obrigacións:

a) Deberá notificar esta circunstancia á Comisión Nacional do Mercado de Valores, á sociedade non cotizada así como a aqueles socios cuxas identidades e enderezos coñeza ou poida coñecer a través da sociedade adquirida ou dun rexistro. A notificación deberá realizarse no prazo máximo de 10 días hábiles e deberá conter a seguinte información:

1.º A situación resultante, en termos de dereitos de voto.

2.º As condicións nas cales adquiriu o control, xunto coa indicación da identidade dos distintos socios afectados, de calquera persoa física ou xurídica con capacidade para exercer o dereito de voto no seu nome e, se procede, a cadea de sociedades por medio das cales se exercen efectivamente os dereitos de voto.

3.º A data en que se adquiriu o control.

b) Deberá pór a seguinte información á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, da sociedade non cotizada así como daqueles socios cuxas identidades e enderezos coñeza ou poida coñecer a través da sociedade adquirida ou dun rexistro:

1.º A súa identidade.

2.º A súa política de prevención e de xestión dos conflitos de intereses, en particular, en relación coa IIC e coa sociedade non cotizada, incluída a información sobre as salvagardas específicas establecidas para garantir que todo acordo entre ela, a IIC e a sociedade se subscribise en condicións de independencia mutua.

3.º A política de comunicación externa e interna relativa á sociedade, en particular, no que respecta aos traballadores.

c) Deberá facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos accionistas ou partícipes da IIC a información sobre o financiamento da adquisición.

d) Deberá garantir que a IIC, ou ela mesma cando actúe por conta desta, informe a sociedade non cotizada e os seus socios sobre as súas intencións con respecto ás actividades futuras da sociedade non cotizada e ás repercusións sobre o emprego, incluído todo cambio material nas condicións de emprego.

e) Deberá incluír a seguinte información relativa á sociedade non cotizada no informe anual da IIC que adquira o control:

1.º Unha descrición dos acontecementos importantes para a sociedade ocorridos despois do peche do exercicio.

2.º Unha exposición fiel sobre a evolución dos negocios da sociedade en que se reflicta a situación ao final do exercicio obxecto do informe.

3.º A evolución previsible da sociedade.

4.º No suposto de que se adquirisen accións propias, a información a que se refire o artigo 148.d) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

3. No suposto do punto anterior, a SXIIC, na súa notificación á sociedade non cotizada, solicitará ao consello de administración desta que informe os representantes legais dos traballadores acerca da adquisición do control por parte da IIC e que poña á súa disposición a información prevista nas letras a), b), d) e e) dese punto.

4. No suposto previsto no punto 2, ademais, a SXIIC deberá cumprir as seguintes limitacións relativas á sociedade non cotizada durante un prazo de 24 meses desde a adquisición do control por parte da IIC:

a) Non poderá adoptar operacións de redución de capital, coa excepción daquelas reducións de capital social suscrito que teñan por obxecto compensar perdas ou incrementar as reservas indispoñibles, sempre que tras esa operación o importe da reserva incrementada non sexa superior ao 10 por cento do capital suscrito unha vez reducido.

b) Non poderá acordar a distribución de dividendos se se dá calquera das seguintes condicións:

1.º Cando, no momento do peche do último exercicio, o importe do patrimonio neto sexa ou pase a ser como consecuencia dunha distribución de resultados inferior ao capital suscrito sumado ás reservas legal e estatutariamente indispoñibles. Para estes efectos, cando o capital suscrito non desembolsado non se contabilizase no activo do balance, o seu importe deberá ser deducido do capital suscrito.

2.º Cando a distribución de dividendos exceda o importe dos resultados do último exercicio cerrado, máis os beneficios non distribuídos e os gastos imputados ás reservas de libre disposición para este fin, menos as perdas acumuladas e as dotacións con cargo ás reservas legal e estatutariamente indispoñibles.

c) Non poderá acordar a adquisición nin a amortización de accións ou participacións propias mediante reembolso aos socios cando a adquisición sitúe o importe do patrimonio neto por debaixo do importe previsto no ordinal 1.º da letra b) anterior. Para estes efectos, computaranse tamén as accións ou participacións adquiridas con anterioridade pola sociedade e as adquiridas por unha persoa que actúe en nome propio pero por conta desta. En caso de ser posible a adquisición de accións ou participacións propias, deberase axustar ao previsto nos artigos 140.1



e 144.b), c) e d) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

5. A SXIIC adoptará todas as medidas necesarias para evitar que a sociedade non cotizada realice as operacións a que se refire o punto anterior e, en caso de que estea representada no seu consello de administración, exercerá o seu dereito de voto na forma necesaria para impedilas.

6. A obrigaçión de información prevista no punto 2.b) e as prohibicións e obrigaçións recollidas nos puntos 4 e 5 serán tamén de aplicación cando unha IIC adquiera o control dun emisor cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, xa sexa de forma individual ou conxuntamente con base nun acordo con outras IIC ou coas súas SXIIC. Para estes efectos, a adquisición do control determinarase de conformidade coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

7. Para efectos do cálculo das porcentaxes de dereitos de voto establecidas nos puntos anteriores, computaranse tamén todas as accións ou participacións que confiran dereitos de voto, incluso cando o seu exercicio estea suspendido, así como aqueles outros valores e instrumentos financeiros que confiran dereito a adquirir accións que atribúan pola súa vez dereitos de voto.

8. As obrigaçións e limitacións previstas neste artigo non serán de aplicación nos seguintes supostos:

a) Cando a IIC fose autorizada en virtude da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.

b) Cando as sociedades non cotizadas ou emisores sexan:

1.º Entidades que teñan a consideración de pequenas e medianas empresas consonte o artigo 2, punto 1, do anexo da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas e pequenas e medianas empresas, ou

2.º entidades de finalidade especial creadas para a adquisición, tenza ou administración de bens inmobles.

9. Determinarase regulamentariamente o alcance das obrigaçións e limitacións previstas neste artigo.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 50, que queda redactado como segue:

«Artigo 50. *Procedemento de revogación.*

1. A revogación da autorización axustarse ao procedemento común previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades seguintes:

a) O acordo de iniciación e a instrución corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que poderá adoptar as medidas provisionais que considere necesarias, tales como a encomenda da xestión das IIC xestionadas a outra SXIIC.

b) A resolución do expediente corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) O prazo de resolución do expediente será de seis meses.

2. Non obstante, cando a causa de revogación que concorra sexa algunha das previstas nas letras a), b) ou c) do artigo anterior, bastará con dar audiencia á entidade interesada. Nos casos previstos na letra g) deberanse seguir os procedementos específicos previstos nesta lei.

3. A resolución que acorde a revogación será inmediatamente executiva. Unha vez notificada, a sociedade xestora non poderá realizar novas actuacións

relacionadas co seu obxecto social. A resolución deberá inscribirse no Rexistro Mercantil e no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Así mesmo, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e desde entón producirá efectos fronte a terceiros.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar que a revogación implique a disolución forzosa da entidade. Nestes supostos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, para a protección dos investidores, acordar todas as medidas cautelares que se coiden pertinentes e, en especial:

- a) Acordar o traspaso a outra sociedade da xestión do efectivo, dos valores negociables e demais instrumentos financeiros, bens e dereitos xestionados.
- b) Nomear os liquidadores.
- c) Exixir algunha garantía específica aos socios ou aos liquidadores designados pola sociedade.
- d) Intervir as operacións de liquidación. Se en virtude do previsto neste precepto, ou noutros desta lei, hai que nomear liquidadores ou interventores da operación de liquidación, será de aplicación o establecido no capítulo III do título VI desta lei.

5. Cando unha sociedade xestora acorde a súa disolución por algunha das causas previstas na Lei de sociedades de capital, entenderase revogada a autorización e a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar para a súa ordenada liquidación calquera das medidas sinaladas no punto 4 deste artigo.

6. A revogación da autorización concedida a unha sociedade xestora con domicilio nun Estado non membro da Unión Europea suporá, de ser o caso, a revogación da autorización da sucursal operante en España.

7. A revogación da autorización concedida a unha sociedade xestora con domicilio nun Estado membro da Unión Europea suporá a adopción inmediata por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores das medidas pertinentes para que a entidade non inicie novas actividades en España e se salvagarden os intereses dos investidores, así como, de ser o caso, a adopción en colaboración coa autoridade supervisora competente e, sen prexuízo das súas facultades, das previsións correspondentes para ordenar a súa liquidación.»

Vinte e catro. Modifícase o título do artigo 54, que queda redactado como segue:

«Artigo 54. *Actuación transfronteiriza das sociedades xestoras reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, autorizadas en España.*»

Vinte e cinco. Engádesse un novo artigo 54 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 54 bis. *Condicións para a xestión transfronteiriza de IIC por sociedades xestoras autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. As SXIIC autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderán xestionar IIC establecidas noutro Estado membro, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre que a SXIIC estea autorizada a xestionar ese tipo de IIC.

2. Toda xestora que se propoña xestionar IIC establecidas noutro Estado membro por primeira vez comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

- a) O Estado membro en que se propoña xestionar as IIC directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal e

b) un programa de actividades en que se indiquen, en particular, os servizos que se propoña prestar e se identifiquen as IIC que se propoña xestionar.

3. No suposto de que a xestora se propoña establecer unha sucursal, proporcionará a seguinte información, ademais da prevista no punto 2:

- a) A estrutura organizativa da sucursal,
- b) o enderezo no Estado membro de orixe da IIC onde se pode obter documentación e
- c) o nome e os detalles de contacto das persoas responsables da xestión da sucursal.

4. No prazo dun mes despois da data de recepción da documentación completa a que se refire o punto 2, ou de dous meses desde a recepción da documentación completa de conformidade co punto 3, a Comisión Nacional do Mercado de Valores transmitirá esta documentación completa ás autoridades competentes do Estado membro de acollida. A transmisión só terá lugar se a xestión das IIC por parte da xestora se realiza, e se segue realizando, consonte as disposicións desta lei e se a xestora cumpre as disposicións desta lei.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores xuntará un certificado acreditativo en que sinala que a xestora en cuestión foi autorizada conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011. A Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará inmediatamente á xestora esta transmisión.

Unha vez recibida a notificación de transmisión, a xestora poderá comezar a prestar os seus servizos no seu Estado membro de acollida.

5. En caso de modificación dalgún dos datos comunicados de conformidade co punto 2 e, de ser o caso, co punto 3, a xestora notificará por escrito a modificación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao menos un mes antes de facer efectiva a modificación, ou inmediatamente despois dunha modificación imprevista.

Se, como consecuencia da modificación prevista, a xestión da IIC por parte da xestora xa non fose conforme cunha ou máis disposicións desta lei ou, en xeral, a xestora xa non cumprixe unha ou máis disposicións desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a xestora, sen demora inxustificada, de que non pode aplicar a modificación.

Se a modificación prevista se adoptou contravindo o previsto nos parágrafos primeiro e segundo, ou se se produciu un acontecemento imprevisto que provocou unha modificación como consecuencia da cal a xestión da IIC por parte da xestora puiden deixar de ser conforme con esta lei, ou se a xestora puiden deixar de cumprir esta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará todas as medidas oportunas.

Se as modificacións son aceptables, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará sen demora das modificacións as autoridades competentes do Estado membro de acollida.»

Vinte e seis. Modifícase o título do artigo 55, que queda como segue:

«Artigo 55. *Sociedades xestoras autorizadas pola Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, noutro Estado membro da Unión Europea.*»

Vinte e sete. Engádese un novo artigo 55 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 55 bis. *Condicións para a xestión de IIC españolas por sociedades xestoras reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do*

*Consello, do 8 de xuño de 2011, e autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. Toda sociedade xestora autorizada nun Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderá xestionar IIC en España, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre que a xestora estea autorizada a xestionar ese tipo de IIC.

2. A realización en España, por primeira vez, de actividades por sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea poderá iniciarse unha vez que a Comisión Nacional do Mercado de Valores recibise comunicación da autoridade competente do Estado membro de orixe da sociedade xestora, nos termos indicados no artigo 54 bis.2 e 3 desta lei.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir ás sociedades xestoras que contén con sucursais ou que actúen en réxime de libre prestación de servizos en territorio español que lle proporcionen a información necesaria para controlar o cumprimento por estas das normas que lles sexan aplicables en virtude desta lei e das súas normas de desenvolvemento. As sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que exerzan a súa actividade a través dunha sucursal en España respectarán en todo caso as normas de conduta establecidas no título VI e na súa normativa de desenvolvemento. A Comisión Nacional do Mercado de Valores será responsable de supervisar o cumprimento desas disposicións.

4. As sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que vaian actuar en España en réxime de libre prestación de servizos estarán obrigadas a designar un representante con residencia fiscal en España para que as represente para efectos das obrigacións tributarias que deban cumprir polas actividades que realicen en territorio español.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará sen demora ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade xestora calquera problema detectado na IIC e que poida afectar materialmente a capacidade da sociedade xestora para cumprir adecuadamente as súas obrigacións legais ou regulamentarias, que incidan no ámbito supervisor da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

6. As autoridades competentes das sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que leven a cabo a súa actividade en España mediante unha sucursal poderán, por si mesmas ou a través dos intermediarios que designen para tal efecto, e tras informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, realizar verificacións *in situ* en España. A verificación estenderase a toda información relativa á xestión e á estrutura da propiedade das sociedades xestoras que poida facilitar a súa supervisión, así como toda información que poida facilitar o seu control.

O parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do dereito que asiste a Comisión Nacional do Mercado de Valores de realizar verificacións *in situ* das sucursais establecidas en España, en cumprimento das responsabilidades que lle atribúen as leis.»

Vinte e oito. Modifícase o artigo 56, que queda redactado como segue:

«Artigo 56. *Sociedades xestoras non domiciliadas na Unión Europea.*

1. Ás sociedades xestoras non domiciliadas na Unión Europea que pretendan abrir unha sucursal en España seralles de aplicación o procedemento de autorización previa previsto no capítulo II deste título coas adaptacións que se establezan regulamentariamente. Se pretenden prestar servizos sen sucursal, deberán ser autorizadas na forma e condicións que se fixen regulamentariamente.

En ambos os casos a autorización poderá ser denegada, ou condicionada, por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe ou por non quedar asegurado o cumprimento da normativa establecida nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, a que deberán axustarse no seu funcionamento.

2. Tamén quedará suxeita á autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores a creación, por unha sociedade xestora española ou por un grupo de sociedades xestoras españolas, dunha sociedade xestora estranxeira ou a adquisición dunha participación nunha sociedade xestora xa existente, cando a dita sociedade xestora estranxeira vaia ser constituída ou se encontre domiciliada nun Estado que non sexa membro da Unión Europea. Determinarase regulamentariamente a información que se deba incluír na solicitude.

3. Determinarase regulamentariamente as condicións de autorización das sociedades xestoras non comunitarias cando o Estado de referencia sexa España.»

Vinte e nove. Engádesse un novo artigo 56 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 56 bis. *Condicións aplicables ás SXIIC que xestionen IIC establecidas en terceiros Estados non comercializadas nos Estados membros da Unión Europea.*

Unha SXIIC autorizada en España ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderá xestionar unha IIC domiciliada nun Estado non membro da Unión Europea non comercializada na Unión Europea sempre que cumpra coas seguintes condicións:

a) Que a SXIIC cumpra respecto desas IIC todos os requisitos fixados nesta lei, salvo a obrigaición de nomear un depositario contida no artigo 11.1.f) e a obrigaición de auditar o informe anual a que fai referencia o artigo 17 respecto desas IIC.

b) Que existan acordos de cooperación entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e as autoridades de supervisión do Estado non membro da Unión Europea en que está establecida a IIC co obxecto de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que permita á Comisión Nacional do Mercado de Valores levar a cabo as súas funcións de acordo con esta lei.

Poderanse determinar regulamentariamente outros requisitos da lei dos cales tamén se poderán eximir estas xestoras, de acordo co establecido na Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.»

Trinta. Modifícase o artigo 58, que queda redactado como segue:

«Artigo 58. *Designación e incompatibilidades.*

1. Poderán ser depositarios os bancos, as caixas de aforros, as cooperativas de crédito, as sociedades e as axencias de valores. Todos eles deberán ter a condición de entidade participante nos sistemas de compensación, liquidación e rexistro nos mercados en que vaian operar, sexa como tal ou a través doutra entidade participante. Neste último caso, a entidade participante deberá ter desagregada a conta de terceiros.

O depositario deberá ter o seu domicilio social ou, de ser o caso, unha sucursal en España.

Determinarase regulamentariamente as condicións que deben cumprir os depositarios de IIC radicadas en terceiros países.

Cando o depositario conte con cualificación crediticia concedida por unha axencia de cualificación, farase constar nos informes semestral e trimestral, indicando se esa axencia está establecida na Unión Europea e rexistrada de

conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre axencias de cualificación crediticia, ou se está establecida nun Estado non membro da Unión Europea que obtivese unha certificación baseada na equivalencia segundo o regulamento sinalado.

2. Cada institución terá un só depositario. Ningunha entidade poderá ser asemade xestora e depositaria dunha mesma institución, salvo nos supostos normativos en que, con carácter excepcional, se admita esta posibilidade.

3. O nomeamento do depositario materializarase mediante un contrato escrito. O contrato regulará, entre outras cousas, o fluxo de información que se considere necesaria para lle permitir ao depositario desempeñar as funcións para a sociedade ou fondo para o cal fose nomeado depositario, tal como se establece na lei.»

Trinta e un. Modifícanse as letras g) e h) do artigo 60, que queda redactado como segue:

«g) Exercer as funcións de depósito ou administración de activos pertencentes ás IIC e responsabilizarse nos casos en que non as desenvolvan directamente. Regulamentariamente desenvolveranse as obrigacións inherentes e o modo da función de custodia dos instrumentos financeiros custodiables, entendidos como aqueles que se consignen nunha conta de instrumentos financeira aberta nos libros do depositario e todos os que se entreguen fisicamente ao depositario, e a de depósito dos outros activos de propiedade da IIC para os cales o depositario realizará a comprobación da propiedade e a manterá nun rexistro, e as exixencias que deben satisfacer as entidades que realicen o depósito de valores estranxeiros das IIC.

h) Realizar calquera outra función que sirva para a mellor execución ou como complemento das funcións de custodia e vixilancia, entre as cales se encontra garantir o control dos fluxos de tesouraría e comprobar que o cálculo do valor liquidativo se realiza de conformidade coa lexislación aplicable e co regulamento ou cos documentos constitutivos do fondo ou sociedade.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 60 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 60 bis. *Delegación da función de depósito de depositarios de IIC.*

O depositario de IIC poderá delegar en terceiros, e estes pola súa vez subdelegar, a función de depósito definida no artigo 60.g) dos activos da IIC sempre e cando o terceiro cumpra con todos os requisitos exixibles ao depositario establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, coas excepcións que se poidan determinar regulamentariamente, e o depositario respecte unha serie de condicións que se poderán determinar regulamentariamente, entre as cales se encontra poder demostrar que hai unha razón obxectiva para a delegación.»

Trinta e tres. Modifícase o artigo 62 coa seguinte redacción:

«Artigo 62. *Responsabilidade dos depositarios.*

1. Os depositarios actuarán sempre de maneira independente e en interese dos investidores das IIC, e deberán cumprir todas as súas obrigacións coa dilixencia dun ordenado empresario e dun representante leal.

Os depositarios poderán pedir á sociedade xestora toda a información que necesiten para o exercicio das súas funcións.

O depositario está obrigado a comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera anomalía que detecte na xestión das institucións cuxos activos teñen en custodia.

O depositario está obrigado a remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, toda a información que obtivese no exercicio das súas funcións e que a Comisión Nacional do Mercado de Valores necesite para supervisar o cumprimento da normativa vixente por parte da IIC.

2. Os depositarios serán responsables fronte aos partícipes ou accionistas de todos os prexuízos que lles causen por incumprimento intencionado ou por negligencia das súas obrigacións legais. O depositario está obrigado a exixir á sociedade xestora responsabilidade no exercicio das súas funcións en nome dos partícipes.

Os depositarios serán responsables do depósito dos activos das IIC, mesmo no suposto de que confiasen a un terceiro o depósito de parte ou da totalidade dos activos.

O depositario responderá fronte aos partícipes ou accionistas pola perda, por parte do mesmo ou dun terceiro en quen se delegase a custodia dos activos financeiros custodiables.

3. En caso de que a perda afecte os instrumentos financeiros custodiados, o depositario devolverá sen demora indebida á IIC un instrumento financeiro de idénticas características ou ben a contía correspondente. O depositario non será responsable se pode probar que a perda se produciu como resultado dun acontecemento externo que escape ao control razoable, cuxas consecuencias serían inevitables a pesar de todos os esforzos por evitalas.

Poderanse determinar regulamentariamente as condicións de aplicación deste punto.»

Trinta e catro. Engádesse un novo artigo 62 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 62 bis. *Transferencia de responsabilidade dos depositarios.*

1. A responsabilidade do depositario non se verá afectada por ningunha delegación de funcións que se poida efectuar consonte o artigo 60 bis. Non obstante, para os depositarios de IIC distintas ás autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE do Parlamento e do Consello Europeo, do 13 de xullo de 2009, en caso dunha perda de instrumentos financeiros custodiados por un terceiro consonte o artigo 60 bis, o depositario poderá quedar exento de responsabilidade se pode probar:

a) Que se cumpren todos os requisitos para a delegación das súas funcións de custodia, tal como se prevé no artigo 60 bis.

b) Que existe un contrato escrito entre o depositario e o terceiro polo que se transfire expresamente a responsabilidade do depositario ao terceiro e autoriza a IIC ou a xestora, de ser o caso, para presentar unha reclamación contra o terceiro en relación coa perda de instrumentos financeiros, ou o depositario para presentar tal reclamación no seu nome.

c) Que hai un contrato escrito entre o depositario e a IIC, ou a xestora de ser o caso, que permita expresamente a exención de responsabilidade do depositario e estableza a razón obxectiva para subscribir a exención de responsabilidade.

En relación coas razóns obxectivas sinaladas na letra c) anterior aplicarase o disposto no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, polo que se complementa a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no referente ás exencións, ás condicións xerais de exercicio da actividade, aos depositarios, ao apancamento, á transparencia e á supervisión.

2. Cando a lexislación dun terceiro país exixa que certos instrumentos financeiros sexan mantidos en custodia por unha entidade local e non haxa entidades que satisfagan os requisitos exixibles ao depositario nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, relativos a estar suxeito a unha regulación e supervisión prudenciais efectivas, incluído o capital mínimo obrigatorio, no ámbito de que se trate, e estará suxeito a auditorías externas periódicas que permitan comprobar que os instrumentos financeiros e demais valores están na súa posesión, o depositario poderá quedar exento de responsabilidade se se cumpren as seguintes condicións:

- a) Que o regulamento, os estatutos ou os documentos de constitución da IIC autoricen expresamente a exención de responsabilidade.
- b) Que os investidores da IIC fosen debidamente informados da exención de responsabilidade e das circunstancias que a xustifican con carácter previo ao investimento.
- c) Que a IIC ou a SXIIC, de ser o caso, solicitasen ao depositario que delegue a función de custodia deses instrumentos financeiros nunha entidade local.
- d) Que haxa un contrato escrito entre o depositario e a IIC, ou a SXIIC de ser o caso, polo que se permita expresamente a exención de responsabilidade.
- e) Que haxa un contrato escrito entre o depositario e o terceiro polo que se transfira expresamente a responsabilidade do depositario á dita entidade local e autorice a IIC ou a SXIIC, de ser o caso, a presentar unha reclamación contra a dita entidade local en relación coa perda de instrumentos financeiros, ou o depositario para presentar tal reclamación no seu nome.

Regulamentariamente poderán determinarse as condicións de aplicación deste artigo.»

Trinta e cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 71, que queda redactado como segue:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir ás entidades recollidas no artigo 55 e no artigo 55 bis que actúen en réxime de libre prestación de servizos, e ás súas sucursais, a información necesaria para verificar o cumprimento da normativa aplicable. Tamén lles poderá exixir información con fins simplemente estatísticos.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 71 bis, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 71 bis. *Supervisión de IIC que comercializan transfronteirizamente.*

1. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña motivos fundados para crer que unha IIC ou SXIIC autorizada noutro Estado membro da Unión Europea, cuxas accións ou participacións se comercializan en España en virtude do artigo 15 ou do artigo 15 bis, infrinxe obrigacións que derivan da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, ou da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, cuxa supervisión non corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, comunicará estes feitos ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC.

No caso de que, malia as medidas adoptadas polas autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC, ou da SXIIC, ou por resultaren estas inadecuadas ou debido á falta de actuación dese Estado membro nun prazo razoable, a IIC ou a SXIIC persista nunha actuación claramente prexudicial para os intereses dos investidores en España da IIC en virtude do artigo 15 ou do artigo 15 bis, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá proceder dunha das seguintes maneiras:



a) Adoptar, tras informar as autoridades competentes do Estado membro de orixe da IIC ou SXIIC, todas as medidas oportunas para protexer os investidores. Mesmo poderá impedirle á IIC ou SXIIC considerada seguir comercializando as súas accións ou participacións en España.

b) En caso necesario, someter a cuestión á Autoridade Europea de Valores e Mercados, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará sen demora a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados de toda medida que se adopte en virtude da letra a).

2. Cando, en relación cunha IIC ou sociedade xestora autorizada en España que recibise a comunicación por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire o artigo 16 ou o artigo 16 bis, a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba dunha autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea unha comunicación en que sinale que ten motivos fundados para crer que a mencionada IIC ou xestora infrinxe obrigacións que derivan da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, ou da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, cuxa supervisión corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, adoptará as medidas oportunas.»

Trinta e sete. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 71 ter, que pasan a ter a seguinte redacción:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará coas autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas ou exercer as facultades conferidas nesta lei. Así mesmo, cooperará con estas sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas ou exercer as facultades conferidas a tales autoridades competentes pola súa normativa nacional que traspoña a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, e a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores prestará axuda ás autoridades competentes dos demais Estados membros. En particular, facilitará de forma inmediata a información necesaria para o desempeño por estas autoridades das súas funcións e colaborará en actividades de investigación ou supervisión. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exercer os seus poderes para fins de cooperación, mesmo en casos en que o comportamento investigado non constituía unha infracción da normativa vixente en España.

Igualmente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará coa Autoridade Europea de Valores e Mercados de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión, e transmitirá, sen demora, á dita autoridade toda a información necesaria para o cumprimento das súas tarefas, de conformidade co artigo 35 do regulamento.

2. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña motivos fundados para sospeitar que entidades non suxeitas á súa supervisión están realizando ou realizaron no territorio doutro Estado membro da Unión Europea actividades contrarias ás disposicións nacionais dese Estado polas cales se traspuxese a

Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, e a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, notificarállelo do modo máis concreto posible a Autoridade Europea de Valores e Mercados e á autoridade competente do dito Estado membro. Esta comunicación entenderse sen prexuízo das competencias que poida exercer a Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Trinta e oito. Engádesse un novo artigo 71 sexies, que queda redactado como segue:

«Artigo 71 sexies. *Intercambio de información referente ás posibles consecuencias sistémicas da actividade das sociedades xestoras autorizadas conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará as autoridades competentes doutros Estados membros cando resulte oportuno con vistas a vixiar e reaccionar ás consecuencias que poidan derivar da actividade das sociedades xestoras, xa sexa individualmente ou de forma colectiva, para a estabilidade das entidades financeiras con importancia sistémica e para o funcionamento ordenado dos mercados en que as sociedades xestoras desenvolven a súa actividade. Así mesmo, serán informadas a Autoridade Europea de Valores e Mercados e a Xunta Europea de Risco Sistémico, que remitirán esa información ás autoridades competentes dos demais Estados membros. Para estes efectos será de aplicación o establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, que desenvolve a Directiva 2011/61/UE en materia de exencións, condicións xerais de exercicio, depositario, apancamento, transparencia e supervisión.»

Trinta e nove. Engádesse un novo artigo 71 septies, que queda redactado como segue:

«Artigo 71 septies. *Supervisión dos límites ao apancamento e da adecuación dos procesos de avaliación crediticia.*

1. Con base na información que solicite en aplicación desta lei e respecto ás SXIIC que xestionen IIC reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, que estean baixo a súa supervisión, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá determinar ata que punto contribúe o apancamento á xeración dun risco sistémico no sistema financeiro, de riscos de perturbación dos mercados ou de riscos para o crecemento a longo prazo da economía.

2. A información a que se refire o punto anterior deberase pór á disposición das autoridades competentes dos demais Estados membros, da Autoridade Europea de Valores e Mercados e da Xunta Europea de Riscos Sistémicos a través dos procedementos de cooperación na supervisión establecidos. Cando unha SXIIC que xestione IIC reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, baixo supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou unha IIC xestionadas pola dita SXIIC poidan constituír unha fonte importante de risco de contrapartida para unha entidade de crédito ou outras entidades pertinentes para efectos sistémicos doutros Estados membros, a Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitará sen demora información a través dos procedementos de cooperación na supervisión establecidos, e bilateralmente ás autoridades competentes doutros Estados membros directamente.

3. Corresponderá á SXIIC que xestione IIC reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, demostrar que os límites de apancamento para cada vehículo que xestione son

razoables e que cumpre en todo momento os ditos límites establecidos por el mesmo. A Comisión Nacional do Mercado de Valores avaliará os riscos que poida entrañar o recurso ao apancamento por parte dunha sociedade xestora con respecto aos vehículos que xestiona, e sempre que se considere necesario para a estabilidade e integridade do sistema financeiro, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, precedendo notificación á Autoridade Europea de Valores e Mercados, á Xunta Europea de Risco Sistémico e, de ser o caso, ás autoridades competentes por razón da orixe da IIC, fixará límites ao nivel de apancamento a que esta autorizada a recorrer unha SXIIC ou outras restricións en materia de xestión respecto dos vehículos que xestione, co fin de limitar a incidencia do apancamento na xeración dun risco sistémico no sistema financeiro ou de riscos de perturbación dos mercados. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará debidamente a Autoridade Europea de Valores e Mercados, a Xunta Europea de Risco Sistémico e as autoridades competentes por razón da orixe da IIC das medidas adoptadas ao respecto, a través dos procedementos de cooperación na supervisión establecidos.

4. A notificación a que se refire o punto 3 efectuarase polo menos dez días hábiles antes da data prevista de entrada en vigor ou de renovación da medida proposta. A notificación incluírá detalles da medida proposta, as razóns que xustifican tal medida e a data prevista da súa entrada en vigor. En circunstancias excepcionais, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá decidir que a medida proposta entre en vigor dentro do período de dez días hábiles mencionado.

5. No caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores decida actuar en contra da recomendación que para os efectos do disposto nos puntos anteriores emita a Autoridade Europea de Valores e Mercados sobre a base da información que lle fose remitida, deberá informala e expor os seus motivos.

Para estes efectos, as sociedades xestoras deberanse ater ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores viviará a adecuación dos procesos de avaliación crediticia das SXIIC, valorará o uso de referencias ás cualificacións crediticias nas súas políticas de investimento, de acordo co establecido no artigo 46.5 e, cando proceda, fomentará a mitigación do impacto de tales referencias, con vistas a reducir a dependencia exclusiva e automática de tales cualificacións crediticias. Para estes efectos, deberá ter en conta a natureza, a escala e a complexidade das actividades das IIC.»

Corenta. Modifícanse as letras a, ñ, z quinquies e z sexies do artigo 80, que quedan redactadas como segue:

«a. A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir en virtude do disposto na lei e nas súas normas de desenvolvemento, ou que a dita Comisión requira no exercicio das súas funcións, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese e cando con iso se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou, de ser o caso, da situación patrimonial das ECR ou EICC xestionadas.

Do mesmo modo, constitúe infracción moi grave a remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores de información incompleta ou de datos inexactos, non veraces ou enganosos, cando nestes supostos a corrección sexa relevante. A relevancia da corrección determinarase tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios: que se poidan coñecer publicamente as circunstancias que permiten influír na apreciación do valor do patrimonio e nas perspectivas da institución, en particular os riscos inherentes que comporta, e que se poida coñecer se a institución cumpre ou non coa normativa aplicable.»

«ñ. O incumprimento por parte dos depositarios das funcións e obrigacións recollidas no título V, sempre que supoñan un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha IIC.»

«z quinquies. O incumprimento pola SXIIC das obrigacións impostas polos artigos 54.5 ter e 54 bis sempre que supoñan un prexuízo grave para os investidores ou accionistas.»

«z sexies. O incumprimento por parte das IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea das obrigacións que deriven dos artigos 15 a 15 quinquies, sempre que supoñan un prexuízo grave para os investidores ou accionistas.»

Corenta e un. Modifícanse as letras h, k, z ter e z quáter do artigo 81, que quedan redactadas como segue:

«h. O incumprimento polo depositario das funcións e obrigacións recollidas no título V, cando non deba cualificarse como falta moi grave.»

«k. A comisión de infraccións leves cando durante os dous anos anteriores á súa comisión se lle impuxese ao infractor sanción firme en vía administrativa polo mesmo tipo de infracción.»

«z ter. O incumprimento pola SXIIC das obrigacións impostas polo artigo 54.5 ter e 54 bis cando non deba cualificarse como falta moi grave.

z quáter. O incumprimento por parte das IIC autorizadas noutro Estado membro das obrigacións que deriven dos artigos 15 a 15 quinquies, cando non deba cualificarse como falta moi grave.»

Corenta e dous. Modifícase o artigo 85, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 85. *Sancións pola comisión de infraccións moi graves.*

1. Pola comisión de infraccións moi graves imporáselle á sociedade xestora infractora unha ou máis das seguintes sancións:

a) Multa por importe superior ao tanto e ata o quintuplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción. Naqueles casos en que o beneficio derivado da infracción cometida non resulte cuantificable, multa de ata 300.000 euros.

b) Revogación da autorización con exclusión definitiva dos rexistros especiais. No caso de entidades estranxeiras ou xestoras autorizadas por outros Estados membros da Unión Europea, a sanción de revogación, cando proceda, será substituída pola prohibición de operar ou ser comercializada en España.

c) Exclusión temporal da entidade incumplidora dos rexistros especiais, non inferior a dous anos nin superior a cinco.

d) Suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións que poida realizar o infractor por un prazo non superior a cinco anos.

e) Substitución forzosa do depositario da ECR ou EICC.

2. Ademais da sanción que corresponde á sociedade xestora pola comisión de infraccións moi graves, poderase impor unha das seguintes sancións a quen, exercendo cargos de administración ou dirección nela, sexa responsable da infracción consonte o artigo 91:

a) Multa a cada un deles por importe non superior a 300.000 euros.

b) Separación do cargo con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma ou en calquera outra entidade financeira da mesma natureza por prazo non superior a 10 anos.

c) Suspensión no exercicio do cargo por prazo non superior a tres anos.

3. No caso de imposición das sancións previstas nas letras b), c) ou d) do punto anterior, poderá imporse simultaneamente a sanción prevista na letra a).

4. Adicionalmente ás sancións previstas nos puntos anteriores, poderase impor amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor e a natureza da infracción, e as sancións impostas.»

Corenta e tres. Modifícase o punto 3 do artigo 86, que queda redactado como segue:

«3. Ademais da sanción que corresponda á entidade, pola comisión de infraccións graves poderase impor unha das seguintes sancións a quen, exercendo cargos de administración ou dirección nela, sexa responsable dela consonte o artigo 89:

- a) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado».
- b) Multa a cada un deles por importe non superior a 150.000 euros.
- c) Suspensión de todo cargo directivo na entidade por prazo non superior a un ano.»

Corenta e catro. Modifícase o artigo 87, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 87. *Sancións pola comisión de infraccións leves.*

Pola comisión de infraccións leves imporáselle á sociedade xestora multa por importe de ata 60.000 euros.»

Corenta e cinco. Modifícase a letra c) do artigo 92, que queda redactada como segue:

«c) A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Corenta e seis. Introdúcese unha nova disposición adicional sexta coa redacción seguinte:

«Disposición adicional sexta. *Adaptación das sociedades xestoras á nova normativa.*

1. As sociedades xestoras que xestionen IIC distintas das autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE e autorizadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo de tres meses contado desde esa data, unha declaración en que manifesten que adaptaron a entidade ás exixencias da presente lei, así como, de ser o caso, a modificación do programa de actividades que recolla tal adaptación, de acordo co artigo 44.2.c).

As sociedades xestoras autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE con anterioridade á entrada en vigor desta lei adoptarán todas as medidas necesarias para dar cumprimento ao disposto nesta lei nos seis meses seguintes á súa entrada en vigor. As modificacións de estatutos sociais e de programa de actividades, de ser o caso, necesarios para esta adaptación non requirirán autorización previa, aínda que deberán ser comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo coa letra c) do punto 2 do artigo 44, xunto cunha declaración na cal manifesten que adaptaron a entidade ás exixencias desta lei.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, o Rexistro Mercantil adaptarán de oficio os seus rexistros para recoller a modificación dos estatutos sociais das xestoras para adaptarse á presente lei.

3. As xestoras disporán do prazo de 12 meses desde a entrada en vigor da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco,

outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, para actualizar e remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores o resto de información de que esta debe dispoñer consonte a presente lei.

4. O disposto nos artigos 15 bis e 16 bis, 54 bis e 55 bis en relación coa comercialización transfronteiriza non resultará de aplicación á comercialización de participacións de IIC conforme a Directiva 2011/61/UE que sexan obxecto dunha oferta pública vixente ao abeiro dun folleto elaborado e publicado consonte a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, antes da entrada en vigor desta lei, mentres dure a validez do dito folleto.

5. As sociedades xestoras que xestionen IIC de tipo cerrado conforme a Directiva 2011/61/UE antes da entrada en vigor desta lei e que non efectúen novos investimentos despois da súa entrada en vigor poderán seguir xestionando tales IIC sen necesidade de adaptarse ás exixencias da presente lei, para o que deberá presentar declaración para o efecto.

6. As sociedades xestoras, na medida en que xestionen IIC autorizadas conforme a Directiva 2011/61/UE de tipo cerrado cuxo prazo de subscripción para investidores expirase antes da entrada en vigor desta lei e estean constituídas por un prazo que expire como moi tarde o 22 de xullo de 2016, poderán continuar xestionando tales IIC sen necesidade de cumprir co disposto nesta lei, coa excepción da obrigaçión de publicar un informe anual e as obrigaçións de información derivadas da adquisición de participacións significativas e de control de sociedades recollidas no artigo 47 bis.

7. O requisito incluído na letra d) do artigo 15 ter.1 só resultará de aplicación a partir do momento e nos termos que estableza o acto delegado que adopte a Comisión Europea de conformidade co artigo 67.6 da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011. Así mesmo, a comercialización das IIC de fóra da Unión Europea deixarán de requirir tanto o cumprimento da condición establecida na letra a) do artigo 15 ter.1 como a autorización para ser comercializadas en España e o rexistro previstos nos puntos 4 e 5 do artigo 15 ter, cando así o determine o acto delegado que adopte a Comisión Europea de acordo co artigo 68.6 da citada directiva.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

O texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Introdúcese un novo punto 7 no artigo 16, coa seguinte redacción:

«7. En todo caso, evitárase a dependencia exclusiva e automática das cualificacións crediticias nas políticas de investimento dos fondos de pensións xestionados.

Regulamentariamente poderán establecerse as obrigaçións das entidades xestoras para a adecuada xestión do risco. En particular, as xestoras, ao avaliaren a solvencia dos activos dos fondos de pensións, non dependerán, de maneira exclusiva e automática, das cualificacións crediticias emitidas polas axencias de cualificación crediticia definidas no artigo 3.1.b), do Regulamento 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009.»

Dous. Modifícase o punto 4 do artigo 20, que queda redactado como segue:

«4. Determinaranse regulamentariamente as condicións en que as entidades xestoras de fondos de pensións poderán contratar a xestión dos investimentos dos fondos de pensións que administran con terceiras entidades autorizadas conforme as directivas 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios; 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, pola que se modifican as directivas 85/611/CE e 93/6/CEE do Consello, e a Directiva 2000/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e se derroga a Directiva 93/22/CEE do Consello; 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida; 2000/12/CE do Parlamento e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio, e 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010, e con outras entidades xestoras de fondos de pensións autorizadas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 9.1, que queda redactado nos seguintes termos:

«O obxecto deste capítulo é regular os límites máximos das taxas de intercambio exixibles nas operacións de pagamento que se realicen en terminais de punto de venda situados en España, por medio de tarxeta de débito ou de crédito, con independencia da canle de comercialización utilizada, cando tanto o provedor de servizos de pagamento do ordenante coma o do beneficiario estean establecidos en España.»

Dous. Engádesse un punto 4 ao artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Así mesmo, o Banco de España poderá requirir aos provedores de servizos de pagamento canta información resulte necesaria co fin de informar o Ministerio de Economía e Competitividade, de conformidade co previsto no artigo 14.»

Tres. Modifícase o artigo 14, que queda redactado nos seguintes termos:

«O Ministerio de Economía e Competitividade, no seo do Observatorio de Pagamentos con Tarxeta Electrónica, creado polo Acordo do Consello de Ministros de 2 de xuño de 2006, realizará o seguimento da aplicación do previsto neste capítulo e, en particular, dos seus efectos sobre as operacións de pequeno importe. Vixiarase, así mesmo, o efecto que, sobre os custos repercutidos polos provedores de servizos de pagamento sobre o comercio e sobre os consumidores usuarios de servizos de pagamento puiden ter a limitación das taxas de intercambio prevista neste capítulo. Para estes efectos, o Ministerio de Economía e Competitividade, por propia iniciativa ou por proposta do Observatorio, poderá requirir do Banco de España a información que sexa precisa e ordenar a publicación desta información.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do anexo II da Lei 13/2014, do 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

O anexo II da Lei 13/2014, do 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, queda redactado da seguinte maneira:

**«ANEXO II**

**Operacións de endebedamento asumidas pola Administración xeral do Estado do extinto Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores**

Clase de débeda	ISIN	Importe asumido (euros)	Tipo de referencia	Primeiro ou único período de amortización	Último período de amortización
Préstamo do Estado ao FFPP I		11.897.810.428,06	2,64%	2015	2022
Bono FFPP I 30/11/2014	ES0302762002	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2014	
Bono FFPP I 31/05/2015	ES0302762010	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2015	
Bono FFPP I 30/11/2015	ES0302762028	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2015	
Bono FFPP I 31/05/2016	ES0302762036	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2016	
Bono FFPP I 30/11/2016	ES0302762044	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2016	
Bono FFPP I 31/05/2017	ES0302762051	2.579.070.000,00	Eur 3M + 498 pb	2017	
Préstamo sindicado FFPPII II		111.425.000,00	Eur 3M + 295 pb	2015	2018
Bono FFPP II 30/11/2015	ES0302762069	171.752.000,00	Eur 3M + 295 pb	2015	
Bono FFPP II 31/05/2016	ES0302762077	171.752.000,00	Eur 3M + 295 pb	2016	
Bono FFPP II 30/11/2016	ES0302762085	171.752.000,00	Eur 3M + 295 pb	2016	
Bono FFPP II 31/05/2017	ES0302762093	171.752.000,00	Eur 3M + 295 pb	2017	
Bono FFPP II 30/11/2017	ES0302762101	171.752.000,00	Eur 3M + 295 pb	2017	
Bono FFPP II 31/05/2018	ES0302762119	171.752.000,00	Eur 3M + 295 pb	2018	
Préstamo FFPP III Bankinter		912.000.000,00	2,95%	2018	
Préstamo FFPP III Sabadell		650.000.000,00	4,334%	2022	
Préstamo FFPP III Popular		3.000.000.000,00	Eur 6M + 222 pb	2021	2023
Préstamo FFPP III Colonia		4.000.000,00	2,74%	2017	
Préstamo FFPP III Cooperativo		90.000.000,00	3,172%	2018	
Préstamo FFPP III Cooperativo		560.000.000,00	3,004%	2018	
Préstamo FFPP III Sabadell		600.000.000,00	4,121%	2023	
Préstamo FFPP III Liberbank		100.000.000,00	Eur 6M + 129 pb	2017	
Préstamo FFPP III Crédit Agricole		150.000.000,00	Eur 3M + 185 pb	2017	
Préstamo FFPP III Sociéte Générale		300.000.000,00	Eur 3M + 185 pb	2017	
Préstamo FFPP III Caja España		250.000.000,00	Eur 6M + 143 pb	2017	
Préstamo FFPP III Unicaja		300.000.000,00	Eur 3M + 163 pb	2017	
Préstamo FFPP III Sabadell		750.000.000,00	3,930%	2023	
Préstamo FFPP III BBVA		900.000.000,00	Eur 3M + 187,9 pb	2020	
Préstamo FFPP III Caja Ingenieros		8.000.000,00	2,271%	2018	
Préstamo FFPP III Caja Ingenieros		8.000.000,00	2,932%	2020	
Préstamo do Estado ao FFPP		5.367.527.894,79	3,040%	2016	2023»
Bono FFPP III La Caixa 31/10/2018	ES0302762127	750.000.000,00	2,450%	2018	
Bono FFPP III La Caixa 31/01/2022	ES0302762003	250.000.000,00	3,820%	2022	

Disposición derradeira quinta. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase de conformidade co previsto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación mercantil, sobre as bases da ordenación de crédito, banca e seguros e sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica respectivamente.



Disposición derradeira sexta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpóranse ao dereito español as seguintes directivas da Unión Europea:

a) Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010.

b) Directiva 2013/14/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, que modifica a Directiva 2003/41/CE relativa ás actividades e a supervisión de fondos de pensións de emprego, a Directiva 2009/65/CE, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM), e a Directiva 2011/61/UE, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos, no que atinxe á dependencia excesiva das cualificacións crediticias.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

1. Autorízase o Goberno e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para adoptar as medidas e ditar as disposicións que, de ser o caso, sexan necesarias para a debida execución e o cumprimento desta lei.

2. Sen prexuízo do establecido no título III do libro I do Código de comercio, facúltase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores para, precedendo informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, establecer e modificar en relación coas ECR, coas SICC e coas súas sociedades xestoras, as normas contables e modelos aos cales deberán axustar as súas contas anuais, as cales terán en conta o prolongado período de maduración dos investimentos que realizan as primeiras, así como os referidos ao cumprimento dos coeficientes que se establezan; para estes efectos, aquelas informacións necesarias para verificar o cumprimento de coeficientes ou calquera outra derivada da supervisión financeira deberán incorporarse á memoria das contas anuais nunha epígrafe específica. Tamén se establecerá a frecuencia e o detalle con que os correspondentes datos deberán ser subministrados á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou ser publicados con carácter xeral polas propias entidades.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY